



FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea

MEMORIA DE INVESTIGACIÓN

O MOVEMENTO FEMINISTA ORGANIZADO EN GALICIA (1975-1983)

Vº Bº

Santiago de Compostela a 22 de xullo de 2021

ÍNDICE

1. Obxectivos, estado da cuestión, metodoloxía e fontes.....	1
1.1. Hipótese inicial e obxectivos.....	1
1.2. Estado da cuestión.....	2
1.3. Metodoloxía e fontes.....	4
2. As orixes dun cambio sociocultural.....	6
2.1. Cambios na relidade da intimidade das relacións persoais.....	11
2.2. Experiencias asociativas femininas e intercambios de ideas en torno á muller en Galicia....	16
3. A emerxencia do Movemento Feminista Organizado en Galicia (1975-1978).....	23
3.1. As orixes do Movemento Feminista Organizado.....	23
3.2. O nacemento das primeiras organizacións feministas en Galicia e outras iniciativas.....	24
3.3. Os primeiros pasos do Movemento Feminista Organizado en Galicia.....	35
3.4. As feministas galegas ante os acontecementos políticos e o novo goberno.....	38
3.5. As organizacións feministas ante os proxectos do goberno e a primeira ruptura.....	44
4. Da diversidade do Movemento Feminista Organizado en Galicia á unidade (1979-1981).....	52
4.1. A disolución e creación de novas organizacións e estruturas feministas en Galicia.....	56
4.2. As campañas do divorcio.....	60
4.3. As campañas do aborto.....	64
5. Do enfrontamento coas autoridades á consolidación do feminismo institucional (1982-1983).....	71
5.1. O movemento feminista organizado en Galicia contra as violacións.....	74
5.2. A contracampaña dos provida.....	77
6. A violencia contra os feminismos organizados en Galicia.....	81
7. Conclusións.....	87
8. Anexos.....	91
9. Fontes e bibliografía.....	92
9.1. Fontes.....	92
9.2. Bibliografía.....	97

1. Obxectivos, estado da cuestión, metodoloxía e fontes

1.1. Hipótese inicial e obxectivos

O presente traballo de fin de mestrado pretende abordar a evolución do Movemento Feminista Organizado en Galicia entre os anos 1975 e 1983. Sen embargo, non podemos estudar este período sen apuntalar os antecedentes que explican a eclosión deste fenómeno social, de modo que, antes de centrarnos no obxecto de estudo, intentamos identificar cambios de actitudes entre a poboación e iniciativas que cuestionaran os roles de xénero e que foron o xerme da mobilización posterior. Con este punto de partida pretendemos demostrar que a mobilización das feministas en Galicia estivo intimamente relacionada coas transformacións sociais e culturais que tiveron lugar a finais do franquismo. En canto á limitación temporal do traballo seleccionamos o ano 1975 como punto de partida, por ser este un momento de gran actividade social debido á celebración do Ano Internacional da Muller. Ademais, a finais deste ano, tras a celebración das Primeiras Xornadas pola liberación da muller, comezan as reunións para crear a primeira asociación autodenominada como feminista en Galicia, a Asociación Galega da Muller. Por outra banda, fixamos como data de corte o ano 1983, porque neste punto o feminismo chega ás institucións españolas coa creación do Instituto da Muller. Ademais, neste momento, en Galicia comezan a editarse dúas importantes publicacións periódicas feministas que son a revista *Andaina* e *Festa da palabra silenciada*, dende os que as activistas analizaron a realidade e difundiron as súas opinións e ideas.

Con este estudo pretendemos demostrar a heteroxeneidade do movemento feminista organizado en Galicia, dende unha perspectiva social e de xénero, que nos permita entender o desenvolvemento das relacións entre as diferentes asociacións feministas, entre as propias integrantes dos colectivos e estas con outros actores como son os partidos políticos, os sindicatos ou as autoridades. Tamén será obxecto desta investigación determinar a natureza das asociacións feministas principais, así como rastrexar as súas actividades, os debates internos e as súas posturas con respecto a reivindicacións inmediatas do movemento e aos cambios políticos que se estaban producindo no Estado español. Ademais, rastrexaremos as conexións establecidas co resto de feministas da península e do estranxeiro, así como a difusión de ideas a través de encontros e publicacións que chegaron ata as nosas protagonistas.

1.2. Estado da cuestión

Os libros sobre o movemento feminista organizado en Galicia non son abundantes. A primeira escritora que tratou este tema foi Carmen Blanco no seu libro *O contradiscursu das mulleres. Historia do feminismo* (1995), no que fai un repaso da historia do feminismo no mundo occidental dende as orixes ata finais do século XX, pasando por diferentes países ata reparar en Galicia. Esta obra estableceu a cronoloxía do movemento feminista no territorio galego por ser a primeira síntese que se fixo sobre as mobilizacións das mulleres en Galicia. Dende a publicación deste libro, hai que agardar quince anos para atopar novos traballos que poñan o foco sobre a segunda onda do Movemento Feminista Organizado en Galicia (MFOG). Neste momento, aparecen as monografías da xornalista Elvira Fente (2010) e da filóloga e especialista en igualdade Mónica Bar (2010). O primeiro traballo realizado dende unha perspectiva xornalística aporta numerosos datos cuantitativos, mentres que o segundo estudo, ten detrás un importante traballo de campo baseado na consulta de documentación de arquivos persoais e na realización de entrevistas a feministas da época, ás que dá voz ao longo do relato. Fente, tamén realizou entrevistas a mulleres implicadas na loita feminista. Pola contra, estes diálogos son incluídos ao final do libro de forma inconexa.

Sen dúbida, o traballo máis importante para esta investigación é o de Bar Cendón, por ser o estudo máis completo que se ten feito sobre o MFOG ata o momento. Pola contra, esta investigación carece dunha estrutura que vertebre o discurso de forma coherente e presta demasiada atención á memoria. Ademais, segundo algunhas feministas e coñecedoras do movemento como Nanina Santos Castroviejo, esta autora ten unha visión sesgada de certas organizacións, o cal lle fai caer en erros. A pesar de todo, Bar Cendón evidencia as diferenzas existentes entre as feministas galegas e as súas organizacións, visibiliza os debates máis importantes que se deron no seu seo e as confrontacións con diferentes actores.

Ademais destas monografías, existen libros nos que se lle dedica un pequeno apartado ao MFOG coma en de Castro y Reimóndez (2013), Figueirido (2019) ou Hermida González (2018). Sen embargo, estes non aportan nada novo á investigación. Entrando xa nas seccións de libros que fan un estudo pormenorizado de organizacións feministas concretas, cabe mencionar a Álvarez Gómez (2019) ou Arriero Sanz (2016) sobre o Movemento Democrático de Mulleres de Galicia, así como a obra editada por Gurriarán (2020), que se remonta ás orixes da prensa clandestina de mulleres vinculadas ao PCE en Vigo a mediados dos sesenta. Estes traballos dan mostra da actividade das

mulleres vinculadas ao Partido Comunista.

Outras seccións de libros ou comunicacións relacionadas coa situación da muller ou o pensamento feminista no tardofranquismo e a Transición, interesantes para entender a situación de partida das mulleres que formaron parte do MFOG, son Álvarez Gómez (2011), Antelo Alvite (2019) e Pereira Martínez (2010). Nesta liña podemos situar tamén un número especial da Revista Dezeme adicado á historia das mulleres na que atopamos artigos relevantes sobre a situación destas nos anos sesenta e setenta. Sen embargo, estes traballos non fan un estudo pormenorizado da situación de partida da muller en Galicia nin dos cambios que se van desenvolvendo na sociedade ata que emerxe o MFOG.

Por outra banda, cabe mencionar os artigos escritos por feministas históricas como Santos Castroviejo (1995 y 2006) ou Otero (2016), nos cales amosan a súa perspectiva dos feitos, polo que son interesantes sempre que se contrasten os datos que ofrecen. Tamén son relevantes os escritos que se centran en aspectos concretos do MFOG como Mariño Costales (2007 e 2013) que ten publicados dous artigos sobre as labores pedagóxicas realizadas polas feministas galegas e sobre as reflexións destas en torno á sexualidade.

Como podemos comprobar ao longo deste apartado, non contamos con demasiados estudos que profundicen sobre o MFOG. Pola contra temos traballos xerais sobre o movemento ou parciais sobre organizacións ou aspectos concretos destas. Analizando a bibliografía, podemos percatarnos de que os anos máis estudados son os que transcurren entre o ano 1975 e o ano 1985, por ser un período de gran actividade visible no que xurden e desaparecen colectivos feministas ante as posibilidades políticas que ofrece este momento de cambio e efervescencia social. Dende o punto de vista xeográfico, as cidades ás que se lles presta unha maior atención son zonas urbanas como Vigo ou Coruña, Santiago de Compostela pola actividade desenvolvida por mulleres vinculadas á Universidade e Ourense, pola experiencia das feministas do MDMG. Os estudos céntranse máis en atender a actividade desenvolvida nas zonas urbanas por ser espazos nos que houbo máis mulleres mobilizadas. Mais pola contra, a información existente sobre as poboacións do interior máis vinculadas ao mundo rural é menor. Concluindo este apartado, podemos dicir que se trata dun tema pouco estudado no que aínda hai moitos vacíos historiográficos, polo que se fai imprescindible a consulta de fonte primarias.

1.3. Metodoloxía e fontes

A metodoloxía empregada para a realización deste traballo consistiu na revisión bibliográfica e na análise de diversas fontes primarias dende unha perspectiva crítica. En primeiro lugar, a lectura de investigacións sociolóxicas e traballos relacionados coa situación da muller nos últimos anos da ditadura franquista, permitiunos identificar as transformacións que se estaban producindo na sociedade e que influíron no rexurdimento do movemento feminista organizado no Estado español. Por outro lado, os estudos realizados sobre este movemento social dende unha perspectiva estatal, posibilitaron que nos achegáramos ao contexto xeral no que se desenvolveu o noso obxecto de estudo. A bibliografía directamente relacionada co movemento feminista organizado en Galicia, axudounos a construír o marco de referencia da investigación, a coñecer algúns aspectos clave deste fenómeno social e a orientar a metodoloxía de traballo a seguir. Ademais, permitiunos coñecer os aspectos nos que se teñen profundizado ata o momento para, a partir de aí, realizar unha aproximación histórica ao movemento feminista coma un fenómeno sociopolítico que tratou de cuestionar a realidade pública e privada das persoas a través da elaboración de teorías, análises, críticas e conceptos. En segundo lugar, a análise das fontes primarias, como son a documentación da época conservada e a realización de entrevistas, axudounos a comprender mellor a realidade da época e a captar o significado de certos elementos clave para a investigación.

As fontes principais e a base documental desta investigación foi a numerosa documentación xerada por diferentes organizacións feministas galegas que se atopa no Fondo especial do Movemento Feminista Organizado en Galicia (MFOG) do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega. Este fondo é o resultado dun proxecto de recuperación da memoria das feministas galegas, no que ademais atopamos documentos procedentes de partidos políticos, de sindicatos ou de institucións públicas, que se misturan con documentos persoais e outros materiais como recortes de prensa, calendarios, fotografías ou autocolantes. Estas fontes están organizadas en carpetas atribuídas a cada unha das agrupacións, de modo que, axustándonos á premisa da nosa investigación, consultamos de forma presencial, fontes procedentes do Movemento Democrático de Mulleres en Galicia (MDMG), da Asociación Galega da Muller (AGM), das Feministas Independentes Galegas (FIGA), da Asociación Democrática da Muller Galega (ADMG) e dos Colectivos Feministas Independentes (CFI). Algunhas das publicacións destas organizacións, como a revista *A Saia* (1982), *Andaina* (1983) ou *Festa da palabra silenciada* (1983), foron consultadas na páxina web do Consello da Cultura Galega. Outros materiais primarios

relevantes para a nosa investigación foi a consulta de recursos periodísticos da época en hemerotecas públicas como Galiciana ou *La Voz de Galicia*, que nos ofreceron datos importantes sobre a situación da muller en Galicia, as campañas do movemento feminista e os argumentos das diferentes organizacións sobre diversas cuestións do momento. Ademais, puidemos visitar unha exposición organizada no Museo do Pobo Galego polo o 8 de marzo do ano 2021, na que visualizamos panfletos e carteis producidos por diversas asociacións feministas.

En canto ao tratamento das fontes primarias de cada organización, nun primeiro momento decidimos analizar os materiais seguindo a súa cronoloxía, o que nos permitiu observar a evolución de cada agrupación, o seu funcionamento, as súas preocupacións, as súas estratexias e a súa vinculación e relación con outras organizacións sociopolíticas. Posteriormente, optamos por comparar a documentación dunhas asociacións cas outras para comprobar a existencia de similitudes e diferenzas nos seus postulados e nas súas traxectorias. Ademais, estas fontes tamén nos permitiron encher baleiros e confirmar ou refutar informacións.

Sobre as entrevistas cabe dicir que estas foron realizadas a mulleres que pertenceron a diferentes organizacións feministas da época, ou que viviron de preto o desenvolvemento do movemento feminista. As entrevistas foron realizadas de forma individual seguindo un guión establecido antes do encontro. Sen embargo, unha das xuntanzas foi grupal. Nesta atopáronse dúas mulleres pertencentes á mesma organización que interactuaban entre si e aportaban información que motivaba o exercicio de memoria da súa homóloga. Estas conversas proporcionáronos perspectivas diferentes sobre a creación dalgunhas organizacións e do seu funcionamento interno, así como novos datos descoñecidos ata o momento.

2. As orixes dun cambio sociocultural

O presente apartado ten como obxectivo achegarnos á realidade da sociedade española dos últimos anos da Ditadura Franquista, particularmente en relación á situación das mulleres, co fin de coñecer mellor o contexto social do que emanará posteriormente o Movemento Feminista. En primeiro lugar, centrarémonos en coñecer os roles de xénero establecidos, os tímidos cambios lexislativos do réxime respecto á muller e as súas posibles implicacións no ámbito público e privado. Posteriormente, grazas aos estudos realizados pola Fundación FOESSA, analizaremos as opinións e crenzas dunha sociedade cuxa imaxe oficial foi a dunha poboación católica e conservadora respecto a certas cuestións progresistas e emancipatorias como o dereito da muller a acceder ao traballo asalarido ou o divorcio. Ante a imposibilidade de acceder a estudos coma o anteriormente citado para a sociedade galega, achegarémonos á realidade deste territorio no que se centra o presente caso de estudo, fundamentalmente a través da prensa escrita que amosa o comportamento dos individuos, o asociacionismo feminino e a aparición de voces preocupadas pola situación da muller en Galicia. Por último, destacaremos as actividades desenvolvidas no ano 1975 con motivo da conmemoración do Ano Internacional da Muller declarado pola ONU, porque axudou a visibilizar a situación das mulleres na sociedade.

A poboación da última década do Franquismo xa non era a mesma ca da posguerra. O crecemento económico, a urbanización, a expansión da educación e os medios de comunicación, provocaron que os patróns sociais e as expectativas de futuro dunha parte da cidadanía foran cambiando. Sen embargo, as novas formas de comportamento non acababan de calar na poboación, e o réxime continuaba difundindo a través dos medios que tiña ao seu alcance o ideario nacional-católico. Unha ideoloxía que defendía e reafirmaba un constructo sexo-xénero que determinaba modelos de home e de muller antagónicos, que eran imprimidos sobre os individuos a través dunha educación diferenciada¹.

Segundo Mary Vincent, nos comezos da ditadura o modelo de masculinidade franquista experimentou un proceso de virilización vinculada coa experiencia da guerra, para evolucionar posteriormente, a un modelo máis tradicional católico fundamentado no papel do home dentro da familia.² O home detentador da autoridade dentro da unidade familiar, tiña dereito a desenvolver

1 María del Carmen AGULLÓ DÍAZ: “Transmisión y evolución de los modelos de mujer durante el franquismo (1951-1970)” en José Manuel TRUJILANO SÁNCHEZ y José María GAGO GONZÁLEZ (eds.): *Historia y fuentes orales: historia y memoria del Franquismo*, Ávila, Fundación Cultural Santa Teresa, 1994, pp. 491-502.

2 Mary VINCENT: “La reafirmación de la masculinidad en la cruzada franquista”, *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 28 (2006), pp. 135 – 151, <http://revista.ucm.es/index.php/CHCO/article/view/CHCO0606110135A>.

unha identidade propia e a participar no espazo público, mentres a muller era educada na domesticidade e sumisión, sendo o seu destino casar e converterse no “anxo do fogar”. A familia continuaba sendo a protexida célula básica do réxime, na que a muller debía cumprir o papel de nai e ama de casa, arredada do espazo público e do traballo asalariado.

A partir dos anos sesenta, o réxime levou a cabo unha serie de cambios legislativos esixidos por un mercado cada vez máis globalizado, que influíron na situación socio-económica da muller. En primeiro lugar, en 1961 aprobouse a *Lei 56/61 de de Xullo, sobre dereitos políticos, profesionais e laborais da muller*, que permitía oficialmente a incorporación da muller solteira ao mercado laboral, así como da muller casada, cando contase coa autorización do seu marido.³ Sen embargo, as mulleres, e sobre todo as de orixe humilde, non eran novas no ámbito laboral, xa que a pesar de que o réxime intentara circunscribilas por diferentes medios ao ámbito doméstico, estas fronteiras nunca se cumpriron plenamente.⁴ Ao mesmo tempo, tivo lugar un cambio nas lóxicas sociosexuais presentes na educación das mulleres, que xunto ao aumento do nivel adquisitivo das familias, deu lugar a unha maior presenza de mulleres nas aulas de escolas, institutos e universidades. Esta transformación nas lóxicas da promoción e educación da muller dende as institucións, estaba relacionada coa influencia dos países occidentais, coa renovación do discurso da Sección Feminina nun intento de adaptarse aos novos tempos, e coa necesidade dun esforzo conxunto de toda a sociedade española para mellorar a situación económica estatal durante o *desarrollismo*. Segundo o caso, agora o fin era formar á muller para desenvolver unha profesión no marco dunha economía en crecemento e mellorar ademais os seus coñecementos para realizar con eficacia as tarefas que lle correspondían como nai e esposa, xa que a familia e o fogar continuaban sendo o centro da vida da muller.⁵ Dende as familias de certa clase social, promoveuse a incorporación das fillas á educación superior, pero non só como unha forma de ascenso social, senón tamén como a única vía que possibilitaba que as mulleres fosen solventes economicamente e non tivesen que depender de ninguén. Unha das entrevistadas contábanos que:

Miña nai nos decía, habedes de estudar unha carreira para non ter que depender de ningún home. Iso era vital na vida miña e na de miña irmá. (...) Cando eu tiña nove anos, tiña que

3 Con esta nova lei revocábase aquela cláusula do Fuero dos Traballadores de 1938, que dicía liberar “á muller casada do taller e da fábrica”. Sen embargo, dende as institucións seguíase defendendo que o máis apropiado para a muller casada era permanecer no fogar, a non ser que os ingresos do seu marido non permitisen soste a economía familiar. Nestes casos de necesidade, seguía sendo preferible que as mulleres casadas tiveran xornadas parciais ou a domicilio.

4 Ana AGUADO: “La historia de las mujeres como historia social”, en María Isabel DEL VAL *et. al.* (coords.), *La historia de las mujeres: una revisión historiográfica*, Valladolid, Universidad de Valladolid, 2004, pp. 57-71.

5 María del Carmen AGULLÓ DÍAZ: “Transmisión y evolución...”, p. 498.

decidirse si seguía estudando, que entrabas no ingreso para facer bachillerato ou deixabas. Entonces, eu era a maior. Eramos tres irmaos. Entonces meu pai dixo: non ela no porque é muller e pode ir de peluquera (...) que logo vai vir o irmao e van facer falta os cartos para axudalo a estudar. E miña nai dixo non. “Ela vai estudar e ademais como vai ter beca vai estudar”. Meu pai que non, e miña nai que sí. Eu me acordo daquelas broncas impresionantes (...) E fun, violentamente en contra de meu pai, que lle deixou de pasar cartos a miña nai. (...) Miña nai se veía reflexada dalgunha forma en min.⁶

Como evidencia este testemuño, non todas as nais se sometían a cada unha das decisións que tomaba o marido. Neste caso, a figura materna convírtese nun suxeito que provoca un cambio na orde establecida ao insistir en que as súas fillas estuden para que poidan acceder a un traballo ben remunerado, e ser o que ela non era, é dicir, unha persoa independente economicamente e libre.

Volvendo ao ámbito laboral, a incorporación da muller ao traballo asalariado foi un fenómeno sociocultural importante que deu lugar a unha situación nova, na que a muller pasaba a ter máis posibilidades para acceder a un traballo con horarios establecidos coma o home. Así, en moitas familias ambos cónxuxes comezaron a traballar e a aportar cartos á economía familiar. Sen embargo, as mulleres continuaban sendo as encargadas das tarefas domésticas e do coidado dos fillos, apuntalándose así o ideal da “nai traballadora”. Por outro lado, entre os sectores máis progresistas da sociedade, abriuse un debate en torno aos deberes de cada un dos cónxuxes na esfera privada, xa que se agora os dous membros da parella traballaban fóra do fogar, o lóxico era que ambos tivesen as mesmas obrigas e dereitos dentro e fóra da casa. Este cambio permitiu abrir unha pequena fenda para cuestionar a asentada autoridade do home na familia e a súa falta de responsabilidades no fogar que, ata o momento, se explicaba porque o varón era quen sostiña economicamente á familia, mentres a muller quedaba na casa realizando tarefas que non eran recoñecidas como traballo.⁷

A aceptación formal da incorporación da muller ao mercado laboral non foi ben vista por toda a poboación. Nunha enquisa do informe FOESSA de 1975, na que se lles pregunta aos participantes se a muller casada debe traballar fóra do fogar aínda que non o precise economicamente, só un 28,9% do total das persoas preguntadas responde afirmativamente. Sen embargo, hai unhas 2.071 persoas que deciden non responder, quizáis porque a fórmula “*deben*” indicaba obrigación e

⁶ Entrevista realizada a Sabela Lahuerta Mouriño en Vigo a 4 de xuño de 2021.

⁷ Antonio CAZORLA SÁNCHEZ: *Miedo y progreso: los españoles de a pie bajo el franquismo, 1939-1975*, Madrid, Alianza Editorial, 2015, p. 287.

consideraban que era unha decisión privada para a cal as muller precisaba o permiso dos seus maridos. Se atendemos aos resultados por sexos, o porcentaxe de mulleres (34,8%) conformes co enunciado é maior ca o de homes (21,7%), pódose de manifesto que a estes costoulles máis aceptar a incorporación das mulleres ao mercado de asalariado. Por un lado, porque os máis conservadores crían que o lugar das mulleres era na casa, e por outro, porque eran vistas como novos competidores dentro do mercado laboral. Se prestamos atención ás idades, podemos comprobar como as xeracións máis novas son as máis proclives a aceptar a participación das mulleres no traballo extradoméstico, mentres que as persoas de idades máis elevadas criadas nos anos do primeiro franquismo son as máis reticentes.⁸

Táboa 1. Opinión sobre o traballo da muller fóra do fogar, por idade e sexo

A muller debe traballar fóra da casa	15-19	20-24	25-34	35-44	45-54	55-64	TOTAL
Varóns	35	39,1	29,2	14,3	10,6	12,5	21,7
Non contesta	[119]	[112]	[156]	[188]	[173]	[161]	[908]
Mulleres	51,9	52,9	37,5	28,6	32,6	18,1	34,8
Non contesta	[159]	[134]	[224]	[253]	[179]	[215]	[1163]
TOTALES	44,6	46,1	34,2	22,4	21,9	15,7	28,9
Non contesta	[278]	[246]	[380]	[441]	[342]	[376]	[2.071]

Fonte: Fundación FOESSA: *Estudios sociológicos sobre la situación social de España. 1975*, Madrid, Fundación FOESSA, D.L., 1976, p. 372.

Da mesma forma que o factor da idade é relevante, tamén o é o nivel educativo, xa que segundo este estudo, canto maior era o nivel de estudos, maior era a aceptación do traballo extradoméstico da muller, tanto entre os homes como entre as mulleres.

⁸ Fundación FOESSA: *Estudios sociológicos sobre la situación social de España. 1975*, Madrid, Fundación FOESSA, D.L., 1976, p. 372.

Táboa 2. Opinión sobre o traballo da muller fóra do fogar, por nivel de estudos e sexo

	NIVEL DE ESTUDOS				
A muller debe traballar	Ningún	Primarios	Bacharelato	Estudios medios	Estudios superiores
Varóns	8,3	15,7	30,7	31,6	33,4
Non contesta	[36]	[466]	[250]	[76]	[84]
Mulleres	31,8	27,1	51,6	54,9	48,9
Non contesta	[88]	[741]	[213]	[93]	[25]
TOTALES	25,2	22,7	42,4	44,4	36,7
Non contesta	[124]	[1.207]	[418]	[169]	[109]

Fonte: Fundación FOESSA: *Estudios sociológicos...*, p. 373.

Por outro lado, o traballo asalariado supuxo para moitas mulleres disfrutar dunha certa independencia económica e dunha vida que ía máis alá das catro paredes do seu fogar. A táboa número un revela que serán sobre todo as mulleres máis novas as que sintan a necesidade de incorporarse ao mundo laboral como forma de realización persoal. En canto á realidade galega, grazas a un estudo realizado por Ánxeles Penas en 1975 entre mulleres novas, podemos constatar que a maior parte das participantes da investigación “non consideran que o matrimonio sexa unha meta na vida; salvo dúas ou tres, todas esperan máis satisfaccións do traballo, e outras dúas ou tres a partes iguais”.⁹

A expansión da educación entre as mulleres xerou a un inconformismo respecto ao seu destino. As mulleres cunha maior formación xa non se conformaban con ser nais e amas de casa, senón que querían realizarse noutros ámbitos da vida coma o profesional¹⁰. Pola contra, nesta esfera atopáronse de fronte coas inagotables discriminacións asociadas ás mulleres polas lóxicas do patriarcado. A lexislación seguíalles impedindo acceder a certos empregos pola súa perigosidade ou excesiva responsabilidade, as súas condicións laborais eran peores que as dos seus compañeiros varóns e víanse abocadas a unha dobre xornada laboral que realizaban na casa ao volver do traballo. Sen embargo, pese a saber que a solución máis fácil era pasar polo altar e vivir co soldo do marido, moitas mulleres aspiraban a desenvolver unha carreira profesional e ser valoradas polas súas capacidades no ámbito laboral.

⁹ Ánxeles PENAS: “Las jóvenes gallegas en la encrucijada”, *La Voz de Galicia*, 28 de decembro de 1975.

¹⁰ Eider de DIOS FERNÁNDEZ: *Sirvienta, empleada, trabajadora de hogar: Género, clase e identidad en el franquismo y la transición a través del servicio doméstico (1939-1995)*, Málaga, Uma editorial, 2018, p. 146.

2.1. Cambios na intimidade das relacións persoais

Como vemos, dende finais dos anos sesenta a familia española viña experimentando cambios e tensións, igual que as persoas e as súas relacións. A sociedade moderna de consumo, na que aumentara o benestar material das persoas, provocou que estas comezaran a valorar máis a súa felicidade, a realización persoal e a independencia. Por todo isto, e o relaxamento da observancia relixiosa, nos anos setenta comezábbase a falar abertamente do divorcio, ao mesmo tempo que aumentaba o número de persoas que o consideraban necesario en caso de que os cónxuxes desexaran deixar de compartir as súas vidas. Cabe destacar neste punto, a influencia que tiveron os intensos debates que se estaban producindo na sociedade italiana en torno a este tema dende comezos dos anos setenta, e que chegaban as nosas latitudes a través dos medios de comunicación.¹¹

Segundo os datos do informe FOESSA, o 71,6% das persoas participantes estaban a favor da “posibilidade permitir o divorcio en España, cando menos en determinadas circunstancias”. Por outra banda, tamén preguntaron se estaban de acordo con que o matrimonio permanecese unido aínda que a parella levase mal se tiñan crianzas en común, ao que un 85,2% dos participantes responderon afirmativamente. Como vemos, á altura do ano 1975 non Estado español, xa existía un elevado número de persoas que estaban a favor de que a lexislación permitira o divorcio en determinadas circunstancias.

Táboa 3. Opinións sobre o divorcio en 1975

	En España debería permitirse o divorcio		O matrimonio debe permanecer unido, aínda levándose mal, se teñen fillos pequenos	
Moi de acordo	18	71,6	20,2	85,2
De acordo	53,6		65	
En desacordo	17,7		11,8	
Moi en desacordo	10,8		2,9	

Fonte: Fundación FOESSA: *Estudios sociológicos...*, p. 395.

Nesta enquisa as xeracións máis novas móstranse máis favorables ao divorcio cun 83,3% a favor, mentres que nos tramos de maior idade exprésase unha maior reticencia. No caso de que a parella

¹¹ Fundación FOESSA: *Estudios sociológicos...*, p. 390.

tivera crianzas, os máis novos non eran os máis favorables ao divorcio, senón os que tiñan entre 20 e 34 anos, é dicir, os que por idade podíanse visualizar a si mesmos nesta situación. Pola contra, nos tramos de idade máis elevada decae a porcentaxe de persoas a favor do divorcio.

En canto ao caso concreto de Galicia, os xornais ofrécennos certos datos que nos poden servir como termómetro da situación. A primeira noticia que atopamos sobre separacións matrimoniais corresponde ao ano 1969, un ano despois da coñecida ruptura matrimonial do toureiro español Luis Miguel Dominguín e a actriz italiana Lucía Bosé. Nesta data, o xornal galego *La Voz de Galicia*, facíase eco das 18 separacións tramitadas por cauces legais no transcurso de oito meses na provincia da Coruña. Estas demandas máis numerosas do habitual, foran solicitadas por persoas de todas as clases sociais, aínda que a maioría procedían de individuos menores de 30 anos, que alegaban como motivos da ruptura: actos de infidelidade, malos tratos verbais ou físicos, ou a vida desordeada da súa parella. Na mesma nova, asegurábase tamén que o principal motivo de ruptura acostumaba ser a convivencia ilegal dun dos cónxuxes con outro home ou muller.¹² Tres anos máis tarde, en 1972, o xornal *El Pueblo Gallego* anunciaba que na diocese de Tui-Vigo se solicitaran outros 18 procesos de separación.¹³ Case ao mesmo tempo, concretamente entre os meses de setembro de 1971 e maio de 1972, *La Voz de Galicia*, volvía comentar que na diocese de Santiago foran presentadas 52 demandas de separación matrimonial, sendo o maior porcentaxe, procedente da cidade da Coruña, seguida de Pontevedra e a súa provincia, e Santiago.¹⁴ Por último, en 1973 eran concedidas dez separacións matrimoniais polos tribunais eclesiásticos na cidade da Coruña.¹⁵

Estes datos, indícanos que a pesar das dificultades existentes para conseguir a separación matrimonial, había persoas que iniciaban este arduo proceso por métodos legais, que son os que únicos que podemos constatar. Sen embargo, se estas demandas de separación eran noticia é porque aínda non eran algo habitual e comezaban a ser un tema de actualidade. A maior parte das solicitudes procedían de persoas que habitaban grandes cidades das provincias galegas máis urbanizadas e desenvolvidas economicamente, polo que podemos deducir que estes trámites eran máis habituais nestas zonas ca no rural. Pensamos que quizáis nas cidades podía existir unha maior liberdade e anonimato, así como máis oportunidades laborais para as mulleres –que se segundo os

12 Jacinto RUIZ: “Dieciocho separaciones matrimoniales en La Coruña en ocho meses”, *La Voz de Galicia* (A Coruña), 22 de agosto de 1969.

13 José REY: “La crisis matrimonial en la diócesis”, *El Pueblo Gallego* (Vigo), 22 de xaneiro de 1972.

14 “Presentadas 52 demandas de separación matrimonial en la diócesis de Santiago”, *La Voz de Galicia*, 17 de maio de 1972.

15 Luci GARCÉS: “Demografía coruñesa, 1973. 5.095 nacimientos, 1.471 bodas y 1.650 fallecimientos”, *La Voz de Galicia*, 13 de marzo de 1974.

xornais eran as que acostumaban iniciar o proceso—, polo que, en caso de separarse poderían acceder con maior facilidade a un posto de traballo para vivir de forma independente.

Aínda así, a maioría da poboación non podía permitirse comezar un proceso de separación matrimonial a través dos cauces legais, por ser un trámite economicamente moi costoso. Sen embargo, as separacións de feito, das cales non temos datos, puideron ser máis habituais. Pola contra, o divorcio, inexistente na lexislación española do momento, era visto pola maior parte da sociedade como algo procedente do estranxeiro, máis propio de famosos que de cidadáns de pé¹⁶.

Outro termómetro social que nos indica que se estaban producindo cambios na sociedade é a taxa bruta de natalidade, que amosa un claro descenso nas súas cifras. Esta cuestión só é explicable a través do control da capacidade reprodutiva das mulleres por medio de métodos anticonceptivos e o retraso na idade do matrimonio. Sen embargo, a lexislación española prohibía a venda e difusión destes recursos co beneplácito da Igrexa.

Táboa 4. Taxas brutas de natalidade entre o ano 1965-1973

Ano	Taxa bruta de natalidade
1965	21,13
1966	20,7
1967	20,81
1968	20,22
1969	20
1970	19,5
1971	19,55
1972	19,37
1973	19,37

Fonte: Fundación FOESSA, *Estudios Sociológicos...*, p. 40.

O informe FOESSA ofrece algúns datos que expoñemos a continuación e que nos axudarán a esclarecer un pouco esta situación. No primeiro cadro, podemos comprobar como a maioría dos participantes coñecían algún tipo de método anticonceptivo, sendo as persoas cunha maior

16 Antonio CAZORLA SÁNCHEZ: *Miedo y progreso...*, p. 289.

formación académica as que máis contraceptivos mencionaban. Pola contra, as persoas cun menor nivel de estudos eran as menos dispostas a falar deste asunto. Ademais, se sumamos o número de veces que alguén menciona cada un destes métodos, podemos observar como o recurso máis coñecido era a píldora, seguida dos preservativos, do método *Ogino-Knaus* e, o *coitus interruptus*.

Táboa 5. Porcentaxe de participantes, segundo o nivel de estudos e o método anticonceptivo que declaran coñecer (1974)

Método coñecido	Sen estudos	Primarios	Medios	Profesionais e técnicos	Superiores	Todos os niveis
Ningún	24	14	6	8	8	12
<i>Coitus interruptus</i>	19	22	57	44	66	31
<i>Ogino e derivados</i>	13	30	72	60	83	41
Preservativos	36	44	71	71	82	51
Píldora	37	60	79	76	80	64
Non contesta	27	18	9	6	4	16

Fonte: Fundación FOESSA: *Estudios sociológicos...*, p. 47.

Táboa 6. Posición ante os métodos anticonceptivos, segundo o nivel de estudos (1974)

	Sen estudos	Primarios	Medios	Profesionais e técnicos	Superiores	Todos os niveis
Ningún é reprochable	9	15	20	15	24	16
Todos son malos	26	24	15	26	18	22
Cita algún en concreto como reprochable	5	20	42	27	50	25
Non contesta	60	41	23	32	8	37
Porcentaxe de participantes que cita a píldora como reprochable entre os que contestan	10	24	31	20	22	24

Fonte: Fundación FOESSA: *Estudios sociológicos...*, p. 48.

Na segunda táboa, volvemos ver como as persoas con menor formación académica eran as menos predispostas a falar sobre este asunto. Ademais, canto maior era o nivel de estudos, maior era a porcentaxe de participantes que consideraban que algún contraceptivo era reprochable. Segundo o informe FOESSA, isto explícase porque ter un maior nivel de estudos, permitía coñecer mellor cal era a posición da Igrexa e do Estado con respecto ao control reprodutivo das mulleres. Por outro lado, a primacía deste método en ambos cadros pódese entender mellor se temos en conta as cifras de venta deste produto. A píldora chegara a España en 1963 co fin de tratar enfermidades xinecolóxicas, de modo que, as farmacias só podían suminístrala á clientela que acudía con receita médica. Mais, segundo Morcillo Gómez, en 1966 a venta de anticonceptivos foi de 780.000 caixas. Dous anos máis tarde, as empresas de produtos farmacéuticos chegaron a vender 2.716.000, ata que en 1970 aumentou a 3.229.000 envases. As mulleres con máis posibilidades de acceder a este método eran casadas menores de 34 anos residentes en zonas urbanas.¹⁷

Estas cifras amosan unha realidade sorprendente se temos en conta a prohibición da lexislación franquista e o discurso da Igrexa, polo tanto, podemos dicir que unha cousa era o que as autoridades prohibían, e outra o que a cidadanía facía na súa intimidade. Este descenso e control da natalidade que ten lugar no Estado Español, tamén se produciu no resto de Europa occidental, froito da prosperidade económica desta década. Pero en xeral, agás unha minoría que contaba cunha maior formación e un estatus económico elevado que lles facilitaba o acceso aos métodos anticonceptivos, en España había unha ignorancia xeneralizada sobre a sexualidade e as medidas de control da natalidade existentes. Sen embargo, atendendo aos datos é plausible afirmar que as mulleres españolas dos anos 70 recorreron aos métodos contraceptivos con maior frecuencia que as súas nais. Pola contra, a seguridade e a fiabilidade dos mesmos xunto as prohibicións existentes, obrigaron a moitas mulleres a recorrer ilegalmente ao aborto nunhas condicións moi perigosas.¹⁸

17 Aurora MORCILLO GÓMEZ: *En cuerpo y alma. Ser mujer en tiempos de Franco*, Madrid, Siglo XXI de España Editores, 2015, p. 174.

18 Antonio CAZORLA SÁNCHEZ: *Miedo y progreso...*, p. 291.

2.2. Experiencias asociativas femininas e intercambios de ideas en torno a situación das mulleres en Galicia

Outro indicador relevante das transformacións que se estaban producindo na última década do franquismo, vén dado por outro cambio lexislativo, a proclamación da *Lei 191/1964, do 24 de decembro*, que autorizaba con grandes limitacións, a creación de asociacións de mulleres. Esta lei abriu a posibilidade de que as mulleres se xuntaran con outras compañeiras coas que posiblemente compartían preocupacións e intereses. Neste sentido, as primeiras asociacións que se constituíron a finais dos anos 60 en Galicia foron as Asociacións de Amas de Casa, que posibilitaron que moitas mulleres saíran dos seus fogares. Unha das primeiras en crearse foi a Asociación de Amas de Casa da Coruña¹⁹, que nos anos setenta organizou algunha conferencia interesante pola súa relación co noso caso de estudo. Unha destas foi unha charla sobre “A muller ante o Dereito” celebrada no ano 1972, a cargo do avogado Manuel Estévez Mengotti, quen lles fixo ver ás asistentes a limitación que o Código Civil lle impoñía ás mulleres. Por exemplo, explicándolles a dependencia económica que supoñía para as mulleres que o marido fora recoñecido pola lei como o único administrador dos bens da sociedade conxugal. Por outro lado, amosoulles as facilidades que o Dereito Foral catalán daba á muller ao eliminar a licenza marital. Esta supresión fora defendida tamén no I Congreso de Dereito Galego, que se celebraba na cidade polas mesmas datas, alegando como xustificación a ausencia do marido por atoparse na emigración. Unha situación que era habitual na sociedade galega do momento. As asistentes, ao decatarse dos atrancos que o Código Civil impoñía ás mulleres casadas, protestaron euforicamente. Mais, segundo as fontes, a presidenta da asociación logrou calmar os ánimos facendo ver as súas compañeiras “o avance a todos os niveis que estaba experimentando a muller” en España.²⁰

Dous anos máis tarde, esta mesma asociación volvía a organizar unha charla do noso interese titulada “A muller ante o problema da separación matrimonial” a cargo doutro avogado, non partidario das separacións, agás en casos de extrema necesidade. Este explicou ás asistentes como os efectos da separación comencan a sentirse dende o comezo do proceso con cuestións como a entrega dos fillos a un dos cónxuxes. Ademais, a muller non pasaba a ser totalmente libre, xa que precisaba dunha licenza xudicial en substitución da marital para levar a cabo certas actividades económicas.²¹ Esta charla celebrada no ano 1974, coincidía coa presentación dunha proposta de

19 “La Asociación Provincial da Amas de Casa acaba de constituirse en La Coruña”, *La Voz de Galicia*, 31 de decembro de 1966.

20 A.: “La Asociación de Amas de Casa inicia sus actividades en el curso 1972-1973”, *La Voz de Galicia*, 25 de outubro de 1972.

21 Luci GARCÉS: “Sobre “la mujer ante el problema de la separación matrimonial” disertó ayer Don Jaime Fernández

reforma do Código Civil da Asociación de Mujeres Juristas, na que entre outras cousas se pedía a eliminación da licenza marital e o establecemento dunha reserva de bens para a muller casada, co fin de poder administrar o produto do seu traballo e as rendas dos seus bens como o marido. Por outra banda, neste ano tamén tiñan lugar unhas xornadas sobre separacións matrimoniais en Barcelona, de modo que, estes procesos comezaban a ser un tema de actualidade.²²

Este tipo de charlas podían levar ás asistentes a decatarse da discriminación que sufrían as mulleres en situacións nas que quizáis nunca se atoparan. Sen embargo, a reacción antes comentada da presidenta da asociación –que ocupaba o cargo dende o ano 1968– e a elección dos ponentes invitados, fainos pensar que a súa directiva era conservadora e pouco democrática. Realmente, este tipo de asociacións foran creadas como entidades a través das cales as amas de casa poderían enunciar os problemas que sufrían as familias, como o aumento do coste dos alimentos de primeira necesidade ou a falta de equipamentos nos barrios. Ademais, eran espazos nos que podían desenvolver actividades formativas relacionadas co ámbito doméstico, en consonancia co seu rol dentro da unidade familiar.²³ Sen embargo, como puidemos comprobar, estas asociacións foron espazos de convivencia nos que estiveron presentes posturas antagónicas ao redor de certas cuestións como se entreveu nas conferencias ao redor da situación xurídica da muller que podían dar lugar ao espertar dalgunhas asistentes.

Outras asociacións de tipo profesional que naceron a principios dos anos setenta en Galicia foron as Asociacións de Mulleres Empresarias. No ano 1973 constituíase tanto a Asociación Provincial de Mulleres Empresarias da Coruña como a de Ourense, e un ano máis tarde nacía a Asociación de Mulleres Empresarias de Pontevedra, que contaba con 450 mulleres entre as delegacións de Vigo, Tui, Pontevedra e Vilagarcía. Os obxectivos destes grupos eran fomentar a educación profesional entre as mulleres empresarias, ofrecerlles asesoramento xurídico, social e económico así como, promover o autorecoñecemento da importancia do seu papel na vida produtiva. Por outro lado, neste momento, a lexislación franquista dificultaba o desenvolvemento das súas actividades por ser mulleres, polo que, a solicitude dunha maior autonomía, así como dunha reforma do Código Civil e do Código de Comercio, eran cuestións que preocupaban e demandaban as integrantes destas

Curros”, *La Voz de Galicia*, 6 de novembro de 1974.

22 CIFRA: “La Asociación de Mujeres Juristas Presenta un proyecto de reforma del Código Civil”, *La Voz de Galicia*, 15 de xaneiro de 1974; “La jurisdicción civil debe tener exclusiva competencia para resolver los conflictos conyugales”, *La Voz de Galicia*, 9 de marzo de 1974.

23 Aritza SAENZ DEL CASTILLO VELASCO: “Las amas de casa. Sujeto constructor de derechos durante el franquismo”, *ARENAL*, 18 (2011), p. 186.

asociacións²⁴.

Dende o punto de vista político, cabe mencionar o intento dalgúñas mulleres vinculadas ao PCE e á asociación cultural Alianza Francesa de Vigo, para sacar adiante a revista *Alborada* en 1966. Nesta iniciativa tivo especial importancia a participación da francesa filla de emigrantes españois Palmyre Ross, quen xunto a outras compañeiras editaron na cidade olívica, dous números dunha revista dirixida ao público feminino. Con esta publicación pretendían concienciar ás mulleres sobre os seus dereitos e deberes, así como, cuestionar a súa predestinación a ser nai denunciando a opresión á que eran sometidas, sempre dende un punto de vista marxista. Este proxecto editorial foi frustrado pola policía antes de que o segundo número puidera ser distribuído.²⁵ Catro anos máis tarde, o Movemento Democrático da Muller (MDM), vinculado ao Partido Comunista, editaba na Coruña outra publicación co mesmo nome. Desta consérvanse tres números, os dous primeiros de 1970 na mesma liña que a primeira *Alborada*, e o terceiro adicado ás mobilizacións obreiras que tiveron lugar en Ferrol no ano 1972.²⁶

En Galicia os primeiros grupos do MDM naceron en Ferrol e A Coruña en 1969.²⁷ Nese mesmo ano, chegaba a Vigo a valenciana Carmen Segurana, integrante do Clube de Amigos da UNESCO e do Movemento de Mulleres. O PCG aproveitou o súa presenza na cidade para crear unha asociación de mulleres homóloga ás existentes noutros lugares do Estado español. O número de integrantes da asociación viguesa ía en aumento, así que tras entrar en contacto coas mulleres de Ferrol, acordaron convocar unha xuntanza para constituír o Movemento Democrático de Mulleres de Galicia en 1972. A folga dos traballadores dos Astaleiros de Ferrol, imposibilitou a chegada das militantes desta cidade e comprometeu a seguridade do encontro clandestino. Con todo, neste primeiro Congreso planificouse o traballo do MDMG a nivel nacional para pouco despois crear unha coordinadora.²⁸

O MDMG de Vigo, un dos grupos máis activos, publicaba o boletín *A muller e a loita* dende o ano 1971 co fin de mobilizar á muller ante todo aquilo que consideraban inxusto co fin de lograr que se

24 L. PITA: “La Asociación de Mujeres Empresarias pretende la reforma del Código Civil y del de Comercio”, *La Voz de Galicia*, 29 de maio de 1973.

25 Ricardo GURRIARÁN: *Palmyre Ros e a revista Alborada (Vigo, 1966): un proxecto pioneiro de prensa clandestina de muller*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo, 2019, pp. 348-349.

26 Revista *Alborada*. Recuperado de: http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/hemeroteca/coleccion.php?id=7050.

27 Franciso ARRIERO RANZ: *El Movimiento Democrático de Mujeres, del antifranquismo a la movilización vecinal y feminista. Ideología, identidad y conflictos de género*, Tesis doctoral, Universidad Autónoma de Madrid, 2015, p. 270; Benxamín ROCHA COLADAS (coord.): *Homenaxe no 25 aniversario dos Premios Primeiro de Maio ao compromiso social e á solidariedade*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo, 2010, pp. 348-349.

28 Ricardo GURRIARÁN: *Palmyre Ros e a revista Alborada...*, pp. 348-349.

incorporaran á loita antifranquista²⁹. A partir do ano 1973, a publicación comeza a facer referencia á discriminación da muller afirmando que “como objetivo de las libertades democráticas, el Movimiento tiene planteada la lucha por la liberación de la mujer. Queda fuera de toda duda, que el Movimiento sabe que la liberación de la mujer sólo podrá darse plenamente cuando desaparezcan de la sociedad todas las situaciones de explotación, que nuestra liberación se realizará al mismo que la de todas las clases populares explotadas y oprimidas. Y esto sucederá cuando desterremos para siempre la explotación del hombre por el hombre con la instauración del Socialismo”.³⁰ É dicir, a emancipación da muller chegaría da man do socialismo, polo que o fundamental era que as mulleres concentraran as súas forzas en colaborar xunto aos homes na loita contra o réxime e o capitalismo.

Nestes anos, o PCG recoñecía a necesidade de que as mulleres participaran na loita política. Sen embargo, as mulleres do MDMG realizaban sobre todo accións adecuadas ao seu papel tradicional, solidarizándose cos presos políticos, os traballadores despedidos e coas súas familias, ou practicando o “entrismo” nas Asociacións de Amas de Casa co fin de entrar en contacto con outras mulleres ás que adherir á loita. Co paso do tempo, comezaron a producirse desencontros dentro da organización entre militantes veteranas e universitarias. Ademais, algúns compañeiros do PCG, non vían con bos ollos as ideas feministas daquelas mulleres máis novos e avanzadas. Por estes motivos, o partido decidiu impulsar dentro da asociación “ás mulleres con ideas máis conservadoras en cuestións de xénero e formulou a posibilidade de disolver os grupos onde se xurdiran os enfrontamentos máis graves”.³¹ En consecuencia, o grupo coruñés desaparece entre 1973 e 1974, mentres que en Vigo e Ferrol diminúe a actividade da asociación.³²

Por outra banda, cabe destacar algunhas actividades nas que se tentou facer un análise crítico da situación da muller en Galicia elaboradas en torno a ideas e críticas difundidas por mulleres progresistas como María Xosé Queizán, unha persoa que debido ao seu periplo vital e as súas colaboracións na presa escrita ou conferencias puido expresar publicamente as súas ideas sobre esta cuestión. Deste xeito, no ano 1966, a escritora xa amosaba nos seus artigos unha certa preocupación pola realidade das mulleres galegas pertencentes ás clases populares. A imaxe que nos ofrece destas é a de mulleres que traballaba tanto dentro coma fóra da fogar, concretamente no campo, no mar, na fábrica ou nas feiras. Ademais, incidía en que sendo Galicia un país esencialmente rural, existía un

29 *A muller e a loita*, 2 (febreiro-marzo de 1971). *A muller e a loita*, 7 (decembro de 1972). Recuperado de internet (http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/hemeroteca/cabeceira/index.php?p=2005&id=7050).

30 M^a Teresa LÓPEZ HERNÁNDEZ: “El PCE y el feminismo en España (1960-1982)”, *Investigaciones Feministas*, 2 (2011), p. 301.

31 Francisco ARRIERO RANZ: *El Movimiento Democrático de Mujeres...*, pp. 273-274.

32 *Ibid*, pp. 273-274.

gran número de mulleres que adicaban parte da súa xornada a coidar o gando e a traballar as terras coma o facían os homes. Ás veces, sen axuda destes como consecuencia da emigración masculina.³³ Nestas datas, a escritora xa cuestionaba o matriarcado galego, calificándoo de esaxeración, pois, como aclarou máis tarde, a autoridade e capacidade de acción das mulleres galegas non era froito dos seus privilexios, senón “dunha mágoa que fai maior a súa responsabilidade”.³⁴ É dicir, das dificultades económicas propias dun país subdesenvolvido que obrigaba aos homes a emigrar, aínda que como sabemos, moitas veces os maridos seguían exercendo a súa autoridade a través das ordes que enviaban por correspondencia.

Nalgunha ocasión, María Xosé Queizán tamén asistiu á xa mencionada Asociación de Amas de Casa de A Coruña, en calidade de conferenciante, onde falou da “muller na súa situación familiar e social na historia”. Segundo o xornal *La Voz de Galicia*, a poñente tocaría temas como a poligamia e a monogamia, o patriarcado e o matriarcado, a revolución industrial e as súas repercusións na familia e na muller, a familia nuclear, a familia rural galega e o papel da muller nesta, rematando coa proposta dalgunhas solucións para o futuro.³⁵ Todos estes puntos dán mostra da preocupación e orientación que tomaban as reflexións da escritora sobre a muller. Nos anos seguintes continuou recibindo invitacións para participar en conferencias de temática similar. Por exemplo en 1973, foi chamada pola Agrupación Cultural O Galo para disertar sobre o “papel da muller na familia e na sociedade galega”, aínda que finalmente o acto foi prohibido.³⁶

A celebración deste tipo de conferencias sobre a situación da muller, evidencia a preocupación e o interés dalgúns sectores da sociedade que asisten a estes actos que se incrementan no ano 1975 coa declaración do Ano Internacional da Muller pola ONU. En contrapartida ao que temos comentado ata o momento, na Coruña, os actos oficiais relativos á conmemoración quedaron en mans da Fundación Juana de Vega e a Sección Feminina. Neste caso, as conferencias fueron impartidas por personas afectas ao réxime que tiñan o obxectivo de fomentar a integración da muller na vida comunitaria.³⁷ Outro tipo de entidades como a Asociación de Amigos da Cultura da Coruña, tamén celebraron ciclos de conferencias en torno á situación da muller en Galicia aos que foron invitadas a escritora María Xosé Queizán, quen falou sobre “A muller e o traballo” e a avogada María de las

33 María Xosé QUEIZÁN: “La mujer gallega”, *SIGNO*, 10 de decembro de 1966.

34 María Xosé QUEIZÁN: “A muller campesiña”, *La Voz de Galicia*, 28 de decembro de 1975.

35 “Vida cultural. Conferencia de María Xosé Queizán”, *La Voz de Galicia*, 10 de novembro de 1972.

36 “Suspendida la conferencia que María Xosé Queizán iba a pronunciar en Santiago”, *La Voz de Galicia*, 30 de maio de 1973.

37 Elena DÍAZ SILVA: “El Año Internacional de la Mujer en España: 1975”, *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 31 (2009), p. 236.

Mercedes Suárez, que se centrou na muller e o dereito.³⁸ Nesta mesma liña, en Santiago de Compostela, a Agrupación O Facho organizou tamén unhas charlas ás que foron convidadas as relatoras anteriormente mencionadas. Sen embargo, nesta ocasión a conferencia de María Xosé Queizán volvía ser prohibida polas autoridades³⁹.

En Vigo, o Real Club Náutico realizou un ciclo de conferencias sobre o papel da muller na historia e na sociedade, que foi organizado por algunhas mulleres do MDMG que actuaban na cidade.⁴⁰ Ao evento, asistiron como oradoras mulleres doutras zonas do Estado como María Isabel Pérez Serrano, presidenta da Asociación de Mulleres Legalmente Separadas, Manuela Carmena, avogada laboralista e membra da Asociación de Mulleres Xuristas ou a escritora feminista María Aurelia Campmany Farnés. Tamén foron convidadas mulleres galegas como Olimpia Valencia, a primeira xinecóloga de Galicia ou a xornalista Victoria Armesto, quen impartiu numerosas conferencias durante este ano. Nesta ocasión, Armesto, unha muller de talante liberal, concluía o acto dicindo que: “las mujeres deben luchar por su independencia, por su igualdad de derechos con el hombre, por autorrealizarse en sociedad. Deben olvidarse de la debilidad que algunas mujeres, incluso, cultivan para comenzar una era de mujeres libres en donde sean ciudadanas del país en un plano de igualdad de derecho real con el hombre”.⁴¹

Para finalizar a conmemoración, *La Voz de Galicia* publicaba un especial adicado á muller galega, no que foron convidadas a escribir diferentes mulleres recoñecidas no seus ámbitos de traballo e boas coñecedoras das diversas realidades que atinxían ás mulleres deste territorio. Entre as protagonistas estaba unha vez máis a escritora María Xosé Queizán, escribindo sobre a muller campesiña, a avogada María de las Mercedes Suárez sobre as separacións matrimoniais, a lingüista María Camiño Noia ou avogada e economista Elvira Ladín sobre o traballo feminino.⁴² Algunhas destas mulleres, como Queizán ou Camiño Noia, integráronse máis tarde en organizacións feministas.⁴³

A celebración do Ano Internacional da Muller, fixo posible que a “problemática feminina”

38 “Mesa redonda en torno <A muller en Galicia>”, *El Pueblo Gallego*, 18 de abril de 1975.

39 “Ciclo <Galicia e a muller galega>”, *La Voz de Galicia*, 30 de maio de 1975.

40 Mónica BAR CENDÓN: *Feministas galegas. Claves dunha revolución en marcha*, Vigo, Xerais, 2010, p. 112.

41 “Conferencia de Victoria Armesto, en el Náutico de Vigo”, *La Voz de Galicia*, 21 de maio de 1975.

42 María Xosé QUEIZÁN, “A muller campesiña galega”, *La Voz de Galicia*, 28 de decembro de 1975; María de las Mercedes SUÁREZ DÍAZ: “Cando o matrimonio non anda a xeito...”, *La Voz de Galicia*, 28 de decembro de 1975; María CAMIÑO NOIA: “A muller galega e a política”, *La Voz de Galicia*, 28 de decembro de 1975; Elvira LADÍN AGUIRRE: “La mujer gallega en el trabajo...”, *La Voz de Galicia*, 28 de decembro de 1975. Ánxeles PENAS: “Las jóvenes gallegas en la encrucijada”, *La Voz de Galicia*, 28 de decembro de 1975.

43 Mónica BAR CENDÓN: *Feministas galegas...*, p. 95.

comezara a estar presente nos medios de comunicación e actos públicos organizados con motivo da conmemoración. Algunhas mulleres con formación superior e certa proxección pública, foron chamadas por asociacións e xornais para explicar a realidade que vivían as mulleres. Así, outros perfís distintos aos das integrantes da Sección Feminina, tomaban a palabra despois das dificultades que o réxime impuxera durante décadas para evitar que estas se desenvolveran na esfera pública. Sen embargo, moitas das mencionadas anteriormente foron críticas coa festividade internacional, xa que consideraban que as desigualdades entre homes e mulleres era moi profundas, e polo tanto, non se podían corrixir nin nun só ano, nin con tímidos cambios legislativos.⁴⁴ As enquisas realizadas polo Instituto de Opinión Pública, revelaron que a metade da poboación apenas se informara sobre a conmemoración, sendo as xeracións máis novas as que tiñan un maior coñecemento do evento.⁴⁵ Sen embargo, non debemos subestimar as conferencias e debates que tiveron lugar neste ano, xa que promoveron relevantes intercambios de ideas para o desenvolvemento do movemento feminista.

Como conclusión, podemos afirmar que a última década da ditadura franquista, foi unha época de crecemento económico que veu parella á introdución da sociedade de consumo, ao nacemento dunha nova cultura da mocidade e a un cambio progresivo dos valores tradicionais, sobre todo entre as xeracións máis novas e con maior acceso á educación, que desexaban unha maior liberdade en todos os ámbitos da vida. Estes cambios fóronse producindo paseniñamente, ao mesmo tempo que se iniciaba un período de promoción da muller no ámbito laboral e educativo dende as institucións, sen discutirse o rol tradicional da muller como esposa e nai. Así, as mulleres foron gañando timidamente en independencia e presenza no espazo público, onde se atopaban coas discriminacións legais, laborais e sociais existentes, xa que os tímidos cambios legislativos do réxime, non modificaran a estrutura dunha sociedade machista na que os homes conservaban intactos os seus privilexios. Froito das inxustizas, da efervescencia do momento e da necesidade de acción, as mulleres comezaron a integrarse no tecido asociativo co fin de organizarse e mellorar a súa situación a través da participación en organizacións femininas ou mixtas de tipo sectorial, político ou veciñal, dende as que nalgúns casos deron o salto á loita antifranquista, e logo ao feminismo. Esta presenza da muller en espazos que tradicionalmente non lle correspondían, incrementábase no Ano Internacional da Muller, cando moitas mulleres toman a palabra e comenza a discutirse o modelo tradicional de muller impulsado polo réxime. Deste xeito se iniciaba o camiño cara unha sociedade máis libre e igualitaria. Sen embargo, aínda quedaba un longo camiño por percorrer.

44 Teresa GARCÍA-SABELL: “A muller na universidade”, *La Voz de Galicia*, 28 de decembro de 1975.

45 Elena DÍAZ SILVA: “El Año Internacional de la Mujer...”, p. 236.

3. A emerxencia do Movemento Feminista Organizado en Galicia (1975-1978)

Neste apartado presentaremos o punto de partida do Movemento Feminista Organizado e as asociacións feministas con actividade en Galicia entre os anos 1975 e 1978. Ademais, introducíronos nas súas formas organizativas, reivindicacións, formulacións teóricas e alianzas. É fundamental ter en conta que este movemento vai conformándose nun momento de cambio de réxime no que tiveron lugar unha serie de reformas que serán obxecto de crítica por parte das feministas, de modo que veremos como o proceso transicional influíu no devir das súas actividades, e cales foron os seus posicionamentos ante as decisións políticas que se ían tomando. Por último, pechamos este apartado coa primeira ruptura dunha das organizacións feministas máis activas de Galicia, que deu lugar a unha nova corrente dentro do movemento.

3.1. As orixes do Movemento Feminista Organizado

A historiografía sobre o Movemento Feminista en España ten establecido a celebración clandestina das I Xornadas pola Liberación da Muller (6, 7 e 8 de decembro, 1975) en Madrid coma o punto de arranque a partir do cal, sen fan visibles os feminismos organizados na sociedade española. Este encontro celebrado con motivo da conmemoración do Ano Internacional da Muller, tras a recente morte do ditador Francisco Franco en novembro de 1975, foi o resultado de numerosas reunións entre diferentes grupos de mulleres que tiveron lugar ao longo de todo o ano. A esta cita asistiron 500 mulleres de diferentes partes do Estado, que disertaron sobre a situación das mulleres na sociedade, na educación, na familia, no traballo, nos barrios, no rural e no propio movemento feminista.⁴⁶

Para o caso galego, a historiografía establece que a segunda onda do movemento feminista iníciase cunha primeira etapa de conformación que se sitúa en torno ao ano 1975.⁴⁷ Sen embargo, podemos dicir que o movemento feminista organizado en Galicia arranca explicitamente no ano 1976, cando atopamos diferentes asociacións de mulleres autoproclamadas feministas asumindo con decisión e compromiso unha actividade fundamental para a construción do movemento no país.

46 María Concepción ÁLVAREZ GÓMEZ: “Feminismo y cambio social en la España de la Transición a la Democracia” en Julio PRADA, Domingo RODRÍGUEZ TEIJEIRO (eds.): *Indivisa Manent: estudos en homenaxe a Jesús de Juana*, Vigo, Galaxia, 2019, pp. 517-518.

47 Carmen BLANCO: *O contradiscurso das mulleres*, Vigo, Nigra S.L., 1996, p. 132.

3.2. O nacemento das primeiras organizacións feministas en Galicia e outras iniciativas

Como puidemos comprobar no apartado anterior, as transformacións comentadas afectaron de forma concreta á xuventude e ás definicións dos roles de xénero. Neste grupo podemos situar ás futuras integrantes das organizacións feministas. Mulleres novas procedentes de diferentes militancias e participacións –como o movemento estudantil, as organizacións políticas antifranquistas ou o movemento veciñal– que se resistían a acatar os designios que a sociedade tiña para elas. Moitas das entrevistadas comentaban que foi un sentido primario da xustiza e de reacción contra a opresiva doutrina do réxime, a Sección Feminina e a educación relixiosa, o que lles fixo evolucionar cara unha postura de oposición frontal á ditadura, en favor da recuperación das liberdades e dos dereitos democráticos que lles correspondían como mulleres e cidadás.⁴⁸

Unha das entrevistadas, Nanina Santos, integrante da Asociación Galega da Muller en Santiago de Compostela e militante do Movemento Comunista Galego, falábanos da súa politización na clandestinidade e da liberdade que existía no seu círculo máis próximo para falar incluso das disidencias sexuais:

Cando entro na universidade (...) conocín a Ruperto, el era homosexual, e é a primeira persona que me di son homosexual abertamente en primeiro de carreira. Eso é importante. El non estaba na política, non lle interesaba maiormente (...). En segundo empezan a organizarse xa os comités de curso (...). No noso curso o comité eramos todas tías, menos PP que era un tío, que era homosexual (...). Dentro, entre nosoutros a liberdade era bastante grande como para comunicar estas cousas.⁴⁹

Pola contra, fóra destes ambientes non era o habitual. As disidencias sexuais eran perseguidas polo aparato xudicial da ditadura, e parte da sociedade sentía aversión cara este colectivo, de modo que a comunicación destas cuestións relacionadas coas definicións da sexualidade e o sistema dos sexos denota o cambio que se estaba producindo nas mentalidades das xeracións máis novas e formadas.

Transcurrido o ano da conmemoración internacional, comezan a nacer ou emerxen da clandestinidade, numerosas organizacións feministas por todo Estado. No territorio galego, a finais do ano 1975 en Vigo, nace a Asociación Galega da Muller (AGM), froito das reunións dun grupo de

48 Entrevista a Encarna Otero en Santiago de Compostela a 18 de marzo de 2021; Entrevista a María Xosé Agra en Santiago de Compostela a 23 de marzo de 2021.

49 Entrevista a Nanina Santos Castroviejo en Santiago de Compostela a 29 abril de 2021.

mulleres interesadas en crear unha organización galega propiamente feminista. A través de amizades ou dos partidos políticos aos que estaban vinculadas, concurren ao primeiro encontro avogadas, intelectuais e traballadoras de diversos sectores. Deste primeiro grupúsculo, nace a organización coa firma dun documento no despacho da avogada laboralista Teresa Mourín,⁵⁰ quen recorda a AGM como: “Una asociación muy variopinta en la que me sentí muy a gusto. Era muy plural. Había mujeres independientes y mujeres de partidos, como la Liga Comunista Revolucionaria (LCR), o Movemento Comunista de Galicia (MCG) y el Partido de los Trabajadores (PT)”⁵¹. Tamén había algunha muller vinculada á Asamblea Nacional Popular Galega (AN-PG) ou ao Partido Socialista Galego (PSG).⁵²

Ao longo do ano 1976, van creándose grupos da AGM noutras cidades galegas como Santiago, Ourense ou Coruña, de modo que, a mediados de ano, as integrantes da AGM comezaron a desenvolver as xestións necesarias para coordinar a asociación a nivel nacional.⁵³ Ao mesmo tempo, continuaban nacemento novos grupúsculos en Ferrol e Lalín.⁵⁴ Neste punto, cabe preguntarse por que as mulleres que formaron parte da AGM, non optaron por integrarse no MDMG, preferindo crear de cero unha asociación propia. Unha das militantes da AGM, explícanos esta cuestión:

O feminismo do MDM se nos quedaba corto, non había un cuestionamento no seu traballo do ser muller da tradición, e para nós iso era moi relevante. Tamén as demandas de sexualidade. En MDM ese tema case non se tocaba. Non sei se empezaron con anticonceptivos, pero practicamente non se toca. (...). Hai xente de MDM que sí vai a reunións de AGM, e queda na AGM. Especialmente algunhas de Coruña que viñan do mundo do PCE e algunhas de Vigo. (...) Digamos que MDM nacera máis como unha asociación de apoio á loita antifranquista de homes, carestía da vida, salarios, asistencia a presos. Máis ben. Claro é verdade que todo eso tamén as fai evolucionar a unha organización feminista.⁵⁵

Os motivos comentados pola entrevistada foron importantes para as militantes da AGM. Sen embargo, non podemos deixar de recordar que o MDMG era unha asociación vinculada ao PCG, e este era un motivo de primeiro orde para non adherirse a esta organización, como mulleres

50 María Xosé QUEIZÁN: *Vivir ao galope*, Vigo, Editorial Xerais, 2018, pp. 469-470.

51 Entrevista a Teresa Mourín a 6 de maio de 2021.

52 Carmen BLANCO: *O Contradiscurso das mulleres...*, p. 136.

53 “Comunicado da Asociación Galega da Muller”, *La Voz de Galicia*, 13 de xuño de 1976.

54 “Constituída a “Asociación Galega da Muller” no Ferrol”, *La Voz de Galicia*, 23 de xullo de 1976; “Onte en Santiago presentación do programa provisional da Asociación da Muller Galega (AMG)”, *La Voz de Galicia*, 4 de xullo de 1976.

55 Entrevista a Nanina Santos Castroviejo en Santiago de Compostela a 29 abril de 2021.

militantes de diferentes partidos políticos de esquerdas.

A presentación da AGM ante os medios de comunicación ten lugar en xullo de 1976 en Santiago de Compostela. Neste encontro, as súas integrantes definen a AGM como unha asociación que pretende “ofrecer a todas as mulleres un cauce para unirse, discutir e plantexar á sociedade os nosos problemas”.⁵⁶ O seu funcionamento era asembleario, sen xerarquías, cargos directivos nin carnés, igual que os grupos de feministas radicais nados en EEUU a mediados dos anos sesenta. Neste sentido, a AGM confiaba en que as súas integrantes traballarían na organización por vontade propia. Sen embargo, os compromisos persoais das militantes deron lugar a períodos de menor actividade na asociación, así como a outros problemas que comentaremos máis adiante. Na práctica diaria da AGM, pretendíase que todas as mulleres opinaran sobre os temas a discutir, co fin superar xuntas o habitual medo ou vergoña a falar en público. Este desexo de vencer as dificultades que experimentaban nas organizacións mixtas, xunto a necesidade de organizarse para intentar solucionar os seus problemas por si mesmas, foron algúns dos argumentos que deron para xustificar a exclusión dos homes dos seus espazos de encontro, xa que nos primeiros momentos os compañeiros varóns non comprendían a súa decisión. A AGM fora creada como unha organización independente de partidos políticos e sindicatos, que tiña como obxectivo loitar por reivindicacións que ata o momento foran olvidadas polas chamadas forzas revolucionarias.⁵⁷ Tendo en conta estas cuestións, podemos ubicar a AGM na corrente feminista da *terceira vía* porque, a diferenza das feministas radicais, permitía a participación das súas integrantes en organizacións mixtas, xa que defendían a loita feminista unida á revolución socialista, sen olvidar que este cambio de sistema non garantizaba a emancipación da muller. Por esta razón, consideraban que era necesaria a existencia dunha organización feminista independente, que loitara en primeiro lugar por resolver os problemas que tiñan como mulleres.⁵⁸

Inicialmente, entre as reivindicacións que formularon na súa presentación pública, atopamos a necesidade de que as mulleres puideran optar a calquer traballo, en condicións de igualdade cos homes sen ser discriminadas por razóns de sexo, estado civil ou maternidade, xa que neste momento existían empregos aos que non podían acceder pola súa “perigosidade” ou elevada responsabilidade. Ademais, os salarios das mulleres acostumaban ser máis baixos cós dos homes, e eran habituais os despidos ou o rexeitamento de candidaturas por quedar embarazada, estar casada ou ser nai. Por

56 “Presentación do programa provisional da Asociación da Muller Galega (AMG)”, *La Voz de Galicia*, 4 de xullo de 1976.

57 AGMSC: “Quen somos, que facemos”, Fondo especial do Movemento Feminista Organizado en Galicia (MFOG) no Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega (CCG), leg. 001.

58 María Concepción ÁLVAREZ GÓMEZ: “Feminismo y cambio social en la España de la Transición...”, p. 541.

outro lado, esixían a creación de servizos públicos como garderías, escolas e comedores gratuítos, que permitiran á muller traballar fóra do fogar e liberarse de parte das tarefas que tradicionalmente lle correspondían como ama de casa e nai. En canto ao ensino, estaban a favor da coeducación e da eliminación das materias relacionadas coas labores do fogar que lles obrigaban cursar ás mulleres. Por outra banda, defendían a necesidade de suprimir todas aquelas leis discriminatorias, así como a dobre moralidade que segundo a súa opinión estaba vixente. Ademais, demandaban acceso a información sobre a sexualidade, métodos anticonceptivos e revisións médicas a cargo da Seguridade Social. Así como rexeitaban a utilización da imaxe das mulleres como reclamo publicitario, e comprometíanse a defender a lingua galega “como xeito indispensable de que a muller galega tome conciencia da súa natureza como muller e como galega”.⁵⁹

Por outra banda, dende finais do ano 1975, as mulleres do Partido dos Traballadores (PT) van creando organizacións de “mulleres do fogar”. Sabela Lahuerta Mouriño, futura secretaria da Asociación Democrática da Muller Galega e militante do PT, foi unha das impulsoras destas asociacións. A mediados dos setenta, Sabela estaba interesada en traballar no “ámbito da muller”, así que decide contactar con algúns partidos políticos de esquerdas para entrar a militar en Vigo. Ela coñecía a existencia do MDMG. Sen embargo, alguén lle di que nese momento non tiñan demasiada actividade, de modo que, lle propoñen entrar no PT porque ían crear unha célula de mulleres. Así, chegou a adherirse a este partido. Segundo nos di:

As mulleres do PT en principio nos plantexábamnos traballar (...) coas mulleres, non tanto con nós mesmas (...). Nós queríamos traballar coa muller real, a muller cotidiana, e plantexousemos que montáramos asociacións dende o Partido. Entón nós montamos Asociacións da Muller do Fogar e montamos a do Berbés, a do Calvario, todas as que puidemos. (...). Donde tiñamos unha muller, intentábamnos entrar ahí para montar unha asociación. Foi o primeiro contacto na calle que tivemos coas mulleres, que debeu durar moi pouco tempo. Coma un ano. En moi pouco tempo montamos unhas organizacións potentes. Eu que vivía na zona de Santa Marta, no Berbés, tocoume montar a Asociación de Mulleres do Barrio do Berbés, e as outras compañeiras me axudaban⁶⁰.

As mulleres vinculadas ao PT, ían casa por casa petando nas portas para falar coas súas veciñas e explicarlles que querían crear unha asociación no barrio para solucionar os problemas que lles preocupaban. As mulleres acostumaban responder ben segundo o testemuño de Sabela Lahuerta,

59 “Presentación do programa provisional da Asociación da Muller Galega”, *La Voz de Galicia*, 4 de xullo de 1976.

60 Entrevista realizada a Sabela Lahuerta Mouriño en Vigo a 4 de xuño de 2021.

aínda que houbo algún caso no que a dona da casa lles pediu que acudisen noutro momento, cando o marido non estivera. Deste xeito, creáronse organizacións en moitos barrios de Vigo: no Berbés, nas Travesas, na zona de Pizarra, no Barrio do Calvario, Santa Cristina de Lavadores, etc.⁶¹ Pero tamén noutras cidades galegas como na Coruña, Lugo, Ourense ou Ferrol.

A través da prensa escrita e da documentación consultada, podemos comprobar que non todas as asociacións creadas polas mulleres do PT foron denominadas como “Asociacións de Mulleres do Fogar”, senón que algunhas foron chamadas “Asociacións de Mulleres de Barrio” ou “Asociacións de Traballadoras”.⁶² Sen embargo, a entrevistada corrobora que todas as súas impulsoras estaban coordinadas pola Responsable de Muller do PT en Galicia, e seguían as indicacións marcadas dende o Partido, que consistían en crear asociacións de mulleres en todos os barrios e lugares que puideran.⁶³ Destas experiencias coas mulleres dos barrios, Sabela conta que:

Inmediatamente, ao estar traballando con elas, dímonos conta de que para vinculalas e poder falar de divorcio e aborto, que eran os nosos temas (...), tínhamos que falar dos problemas cotidianos delas tamén: de que si a basura non lla recollían, que si os nenos non tiñan onde xogar... Destas cuestións. Entón, decidimos que íamos a por todo. Pelexábase porque os nenos non tiñan onde xogar, pelexábase porque a basura non a recollían. E á vez nos xuntábase para falar de divorcio e aborto.⁶⁴

Sen embargo, a mediados dos anos 70, non sempre era doado falar daquelas reivindicacións específicas das mulleres que se alonxaban das demandas xerais que tiñan como obxectivo mellorar a vida das familias nos barrios. Rosario del Cerro Martínez, militante do PT e presidenta da Asociación de Mulleres do Barrio do Calvario e Santa Cristina de Lavadores, recorda que eran habituais as “reuniones con asociaciones de vecinos, donde las mujeres nos veían perplejas. Se ponían en contra. Había unha incompreensión... Les decíamos que tenían derechos, y ellas decían, pero también deberes”.⁶⁵

Despois de crear estas asociacións de mulleres, o seguinte paso a dar polas mulleres do PT foi crear unha coordinadora na que debían integrarse as asociacións de mulleres do fogar. Con este fin, en xullo de 1976, convocan unha xuntanza en Santiago de Compostela, á que foron convidadas

61 Entrevista realizada a Sabela Lahuerta Mouriño en Vigo a 4 de xuño de 2021.

62 “En Santiago, xuntanza de asociacións de mulleres”, *La Voz de Galicia*, 29 de xuño de 1976.

63 Entrevista realizada a Sabela Lahuerta Mouriño en Vigo a 4 de xuño de 2021.

64 Entrevista realizada a Sabela Lahuerta Mouriño en Vigo a 4 de xuño de 2021.

65 Entrevista a Rosario Martínez del Cerro a 8 de xuño de 2021.

asociacións de mulleres de toda Galicia.⁶⁶ Segundo declaran á prensa as participantes, o obxectivo deste encontro era unificar os esforzos, que ata o momento estaban dispersos, co fin de traballar conxuntamente e dar unha resposta común a todos os problemas que as mulleres atopaban nos diferentes ámbitos da vida. O resultado deste primeiro contacto foi a creación da “Coordinadora Galega de Asociacións Legais da Muller”, aínda que as once organizacións integradas estaban en vías de legalización.⁶⁷ Na súa presentación pública, as representantes que eran militantes do PT, comunican que o novo organismo serviría “pra plantexar conxuntamente toda a problemática feminista”. Así, as militantes anunciaban as súas intencións. Sen embargo, o seu programa de traballo limitábase a catro temas que as mulleres dos barrios consideraban urxentes: “a carestía da vida, a creación de garderías e escolas gratuítas (...), mellorar as condicións de vida nos barrios e sacar unha serie de campañas e actos enfocados a denunciar a discriminación da muller”.⁶⁸ Naquel momento, as militantes do PT consideraban que en xeral a muller galega, “aínda non ten asumido o feito da súa discriminación, pese a que se nota que ten ganas de traballar e facer cousas”.⁶⁹ Por esta razón, a coordinadora centraba a maior parte das súas demandas en cuestións materiais que preocupaban especialmente ás súas compañeiras non militantes. Sen embargo, as mulleres do PT, como representantes da Coordinadora, non perdían a oportunidade de denunciar ante os medios de comunicación o illamento e frustración que sufrían as amas de casa, a discriminación da muller traballadora e o pouco protagonismo da muller nas Asociacións de Veciños, nas que os homes “levaban a voz cantante”.⁷⁰ Destas cuestións, tamén falaban coas súas compañeiras, que sufrían estes problemas nas súas propias carnes.

A conformación da Coordinadora, era o primeiro paso para crear posteriormente unha asociación propiamente feminista baixo o paraugas do PT, a Asociación Democrática da Muller Galega (ADMG) “Concepción Arenal” cuxos preparativos xa comezaban no ano 1976:

Dende o Partido falouse de entrar xa como feministas. Xa non só como muller con problemas globales. E entón montamos a ADMG. As mulleres que tiñamos contactadas na Asociación de Mulleres do Fogar, as máis avanzadas, viñeron con nós á ADMG. Isto fixo que na nosa asociación houbera mulleres de a pé. (...) Eran mulleres que pegaban gritos, decían palabrotas, e chocaban moito co grupo de mulleres feministas, entre comillas, que

66 A Asociación Galega da Muller e a Asociación Universitaria Pro Estudo do Problema da Muller, da que falaremos a continuación, foron invitadas ao encontro. Sen embargo, preferiron non adherirse á coordinadora.

67 “En Santiago, xuntanza de asociacións de mulleres”, *La Voz de Galicia*, 29 de xuño de 1976.

68 X. PALMEIRO: “Onte foi presentada en Santiago a “Coordinadora Galega de Asociacións Legais da Muller”, *La Voz de Galicia*, 4 de agosto de 1976.

69 *Ibid.*

70 *Ibid.*

eran más serias, máis educadas ou cultas.⁷¹

A ADMG presentábase como unha organización feminista de masas, interclasista, non dependente de partidos políticos na que compartían espazo mulleres do PT, da ORT, do PSOE e independentes que procedían das Asociacións de Mulleres do Fogar. Sen embargo, o PT-PTG pretendía coa súa creación dar un paso máis para motivar a incorporación das mulleres á loita política co fin de liberarse e conseguir unha sociedade máis xusta, que beneficiaría ás causas máis progresistas, como a súa, que pretendía instaurar o socialismo. Un sistema no que desaparecería a explotación do home polo home e polo capital, así como o resto de opresións que sufrían as mulleres.⁷²

A organización interna da ADMG reproducía a xerarquía propia dos partidos políticos contando cunha presidenta, vicepresidenta, secretaria e tesoureira. O partido encargouse de darlles as pautas a seguir para organizar a asociación en cada localidade. Segundo o seu criterio, a Xunta Xestora de cada grupo debía contar cun número reducido de mulleres que se encargarían de dirxir e coordinar as actividades da asociación. Ademais, cada grupo contaría cunha muller do partido que realizaría labores de propaganda das ideas comunistas tanto dentro coma fóra da asociación, co fin de “gañar pro Partido as mulleres máis avanzadas”. Unha vez conformado o colectivo, estas debían analizar a situación de fábricas e barrios co fin de establecer outra muller que fora a responsable de desenvolver delegacións nestes centros xunto a outras compañeiras.⁷³

Os obxectivos principais desta asociación que contaba con grupos en Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo, eran traballar para conseguir reformas que mellorarían a situación da muller e realizar labores de propaganda ideolóxica, que permitirían espertar a conciencia das mulleres e influencialas politicamente. Ademais, a ADMG pretendía desenvolver un papel cohesionador e de dirección política dentro do movemento feminista co fin de potenciar a súa unidade.⁷⁴

No ambiente académico compostelán, un grupo de universitarias impulsaban a creación da Asociación Universitaria Pro Estudo do Problema da Muller (AUPEPM) en 1976. Unha organización homóloga a outras que xa existían con anterioridade a nivel estatal dende 1974, que permitía a dobre militancia situándose na corrente da *terceira vía*.⁷⁵ Cara finais de ano, formalizaban

71 Entrevista realizada a Sabela Lahuerta Mouriño en Vigo a 4 de xuño de 2021.

72 PTG: A política feminista do Partido e a política feminista da ADM, Fondo especial MFOG no Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 003.

73 *Ibid.*

74 Isabel LAHUERTA MOURIÑO: Sobre la organización feminista, Fondo especial MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismo do CCG, leg. 006.

75 María Concepción ÁLVAREZ GÓMEZ: “Feminismo y cambio social en la España de la Transición...”, p. 541.

un programa de reivindicacións adaptado á realidade galega na que consideraban que as mulleres sufrían unha discriminación diferenciada por ser Galicia un país subdesenvolvido. A AUPEPM identificaba a pobreza do país, a escaseza de medios de comunicación, o déficit cultural, a emigración e o desemprego, como factores que acentuaban a discriminación da muller en Galicia.⁷⁶

Durante os seus anos de actividade, esta asociación adicouse a estudar e denunciar a situación das mulleres galegas en diferentes ámbitos. No campo, protestaban polas longas xornadas de traballo que sufrían as mulleres por mor da emigración –sobre todo nas provincias do interior–, e as discriminacións que se daban nas asociacións agrícolas. Pois nas Irmandades de Labradores, as mulleres non participaban en igualdade cos homes, senón en calidade “de filla ou muller de”. Ademais, poñían o foco sobre as altas taxas de emigración feminina da provincia de Ourense (12.39%), que era superior á dos homes (12.24%). Na costa, denunciaban as denigrantes condicións de traballo das mulleres nas fábricas de conservas. A diferenza dos homes, elas non estaban dadas de alta na Seguridade Social, non tiñan contratos laborais fixos, cobraban salarios ínfimos e carecían de moitos dereitos. Esta situación repetíase entre as empregadas do fogar, as dependentas, as lavadeiras, etc. Así mesmo, denunciaban que a “incorporación da muller ao traballo non vai vencellada a unha infraestrutura que facilite que a muller non teña dobre xornada de traballo”, senón que chegaba a casa e tiña que realizar as tarefas que como muller lle correspondían.⁷⁷

En canto á situación das integrantes da asociación, como universitarias denunciaban a discriminación que sufrían como mulleres vinculadas a unha institución que segundo a súa opinión, reproducía os valores dominantes da sociedade patriarcal. En relación a este ámbito reivindicaban a necesidade de garderías gratuítas e manifestábanse en contra da suba das taxas académicas por supoñer “un impedimento máis o acceso das crases traballadoras á Universidade”.⁷⁸ No seu programa tamén recollían reivindicacións xerais no campo da familia, do traballo e en contra das leis discriminatorias para as mulleres. Ademais, reclamaban ser donas dos seus propios corpos, información sexual e anticonceptivos. Así como, denunciaban as condicións das prostitutas nas “casas de arrependidas” xestionadas pola Igrexa. En canto ao aborto, tras un intenso e longo debate, decidían defender a “súa progresiva legalización, plantexando xa (...) a súa despenalización” e a

76 *La Voz de Galicia* (28 de novembro de 1976), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismo do CCG.

77 *Ibid.*

78 AUPEPM: “Guarderías gratuítas en la universidad”, Exposición de carteis nas coleccións do Museo do Pobo Galego, visto o 13 de abril de 2021; “Repulsa da Asociación Universitaria Pro estudo dos Problemas da Muller”, *La Voz de Galicia*, 8 de setembro de 1976.

legalización do aborto terapéutico⁷⁹.

No mes de maio de 1976, tiñan lugar as *I Jornades Catalanes de la Dona* en Barcelona. Este evento é considerado como un acto de consolidación do movemento feminista organizado no Estado español. En Barcelona congregáronse unhas 4.000 mulleres, entre as que houbo moitas galegas segundo María Xosé Queizán.⁸⁰ Nestas xornadas ademais dos temas tratados anteriormente nas madrileñas, débátese sobre a sexualidade nun espazo específico e sobre que é o feminismo. Ademais, comeza a facerse visible a coñecida corrente do *feminismo da diferenza* da que falaremos máis adiante. Cabe mencionar que deste encontro comezan a xurdir os primeiros gromos da Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado Español (C.O.F.F.E.E.), que foi un intento das asociacións por organizarse unitariamente a nivel estatal,⁸¹ que se constituíu formalmente en 1977.⁸²

A finais de ano, o MDMG, asociación da que falamos anteriormente, defíníase por primeira vez como unha asociación intersectorial, interclasista, socio-económica e feminista, cuxo obxectivo fundamental era a liberación da muller.⁸³ Entre as súas integrantes había traballadoras de diferentes sectores, amas de casa e estudantes universitarias de diferentes idades, o que provocara anteriormente enfrontamentos entre as mulleres máis apegadas á loita antifranquista e ao ideario marxista e aquelas que pretendían reivindicar cuestións como a sexualidade ou os anticonceptivos desde olladas feministas. Os debates en torno ás reivindicacións mencionadas non se deron na organización ata finais de ano, cando ademais “estaban intentado unha campaña pra que en toda a nación se loite por dous puntos fundamentais: a planificación familiar (direitamente femenino) e a carestía da vida (non sóio por mulleres, pro no que poden ser promotoras)”.⁸⁴ Nesa altura, sacan un programa no que atopamos demandas encadradas no ámbito cultural (coeducación e ensino obrigatorio e gratuíto ata os 16 anos); sociais-económicas (creación de centros para maiores, garderías e servizos públicos que liberalicen á muller das tarefas domésticas; formación sexual dende a escola; información e control sanitario da muller xestante a cargo da Seguridade Social e administración de anticonceptivos); laborais (acceso das mulleres a todos os postos de traballo con igual salario, eliminación das leis de “protección” laboral da muller e regulación laboral do Servizo

79 *La Voz de Galicia* (28 de novembro de 1976), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismo do CCG.

80 María Xosé QUEIZÁN: *Vivir ao galope...*, p. 478.

81 AGM: “Para facer a nosa historia, a historia do movemento feminista en Galicia 1976-1984 (Santiago, setembro de 1984), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismo do CCG.

82 Paloma URÍA RÍOS: *El feminismo que no llegó al poder. Trayectoria de un feminismo crítico*, Madrid, Talasa Ediciones, 2009, p. 15.

83 “El Movimiento Democrático de Mujeres es interseccional, socio-económico y feminista”, *La Voz de Galicia*, 28 de decembro de 1976.

84 “Que calen as mulleres”, *Teima. Revista galega de información xeral*, 0 (1976), p. 14.

Doméstico e do traballo no domicilio mentres exista), e legais (anulación da licenza marital, eliminación de toda lexislación discriminatoria, patria potestade compartida, matrimonio civil, amnistía para os delitos específicos da muller, lei do divorcio, legalización dos métodos anticonceptivos e despenalización do aborto).⁸⁵

O MDMG estaba coordinado a nivel nacional e estatal co resto de asociacións homólogas vinculadas ao PCE. Identificábase co *feminismo socialista*, aquel que consideraba que sen un cambio xeral da sociedade non era posible o feminismo, polo tanto “o destino das mulleres, os seus dereitos e liberdades, estaban unidos á historia do movemento socialista”⁸⁶ como defenderan Clara Zetkin ou Rosa Luxemburgo.⁸⁷ As mulleres desta asociación vían ás feministas da AGM e do PT como a competencia.⁸⁸ Sen embargo, para algunhas integrantes da AGM, tanto o Movemento Democrático de Mulleres como as Asociacións de Mulleres do Fogar, eran organizacións creadas ao abeiro dos partidos políticos, nas que o máis importante era captar un gran número de mulleres combativas a través dos seus problemas materiais co obxectivo de adscribilas a unha determinada tendencia política e incorporalas á loita polas liberdades, sen que aportaran nada máis ca súa presenza. Por esta razón, consideraban que nestas asociacións se renunciaba á contenda “no terreo ideolóxico, un dos eidos de combate imprescindibles” do feminismo, ao mesmo tempo que implicitamente, aceptaban desenvolver o rol tradicional da muller como apoio dos camaradas varóns. En consecuencia, para elas estas asociacións estaban afastadas do feminismo, e aínda que pretendían crear un mundo mellor, nel a muller continuaría sendo unha cidadá de segunda clase, xa que a existencia de liberdades políticas ou a instauración dun réxime socialista, non aseguraba a emancipación da muller.⁸⁹

Por outra banda, a AGM era considerada polas súas integrantes como unha organización que pretendía loitar por conquistas materiais como aquelas que facilitarían a incorporación da muller ao traballo asalariado, pero sen renunciar ás conquistas no terreo ideolóxico. Pretendían incorporarse “á loita política -hoxe polas liberdades políticas e nacionais cara a un mañá federal e socialista-, polo que significan de bases obxetivas prá liberación feminista e prá liberación colectiva”, pero esixindo

85 MDM: “Programa del Movimiento Democrático de la Mujer de Galicia” (Ferrol, 1976), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismo do CCG.

86 Manuel ORTIZ HERAS: “Mujer y dictadura franquista”, *Aposta. Revista de Ciencias Sociales*, 28 (2006), <http://www.apostadigital.com/revistav3/hemeroteca/ortizheras.pdf>

87 Alicia H. PULEO: “Lo personal es político: el surgimiento del feminismo radical” en Ana DE MIGUEL y Celia AMORÓS PUENTE (coord): *Teoría feminista: Del feminismo liberal a la posmodernidad. Vol. 2*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2018, pp. 39-41.

88 Francisco ARRIERO RANZ: *El Movimiento Democrático de Mujeres...*, p. 276.

89 Carmen SANTOS CASTROVIEJO: “Unha síntesis necesaria. Feminismo e loita política”, *Teima. Revista galega de información xeral*, 0 (1976), pp. 14-37.

que esta incorporase as “reivindicacións feministas cara a derrota total da ideoloxía patriarcal”. Consideraban, polo tanto, que para acabar coa opresión da muller era necesaria a emancipación e o cambio de estruturas, por ser esta a única forma de que a sociedade acadara a liberdade, pero ao mesmo tempo, crían que as organizacións feministas debían elaborar unha teoría propia co fin de ofrecer alternativas á ideoloxía patriarcal.⁹⁰

A finais de 1976, esta posición era compartida por unha parte das integrantes da AGM, aínda que non era unha postura unánime, xa que polo escaso tempo de vida da asociación aínda non puideran debatila profundamente. Esta reflexión reforzaba a posición desta organización na liña da *terceira vía* xunto a asociacións feministas como a Asociación Nacional de Comunicación Humana e Ecoloxía (ANCHE) de Barcelona ou o Frente de Liberación da Muller (FLM) de Madrid coa que a asociación galega tivo boa relación. De feito, a finais de 1976, a súa presidenta Jimena Alonso foi invitada pola AGM a dar unha conferencia en Pontevedra.⁹¹

Por último, cabe mencionar aquelas estruturas de mulleres creadas dentro de partidos políticos ou sindicatos no ano 1976, como a rede do Movemento Comunista (MC) existente tamén en Galicia, a Unión Popular de Mujeres de Galicia⁹², integrada desde 1976 no Frente Revolucionario Antifascista e Patriota (FRAP) ou a Asamblea de Mulleres da Coruña nada dentro das Comisións Obreiras (CCOO), que a partir de 1977 crea as Secretarías da muller en todo o Estado. Ademais, a partir de 1977 nace o Sindicato Galego de Traballadores do Ensino (SGTE), que conta dende os seus inicios cunha secretaría da muller que loitaba por unha educación con perspectiva feminista.⁹³

90 *Ibid.*

91 M.C.P: “Conferencia, en Pontevedra, de Jimena Alonso, del Frente de Liberación de la Mujer”, *La Voz de Galicia*, 18 de decembro de 197.

92 Esta organización pretendía lograr a liberación da muller loitando contra o réxime e o capitalismo, que eran os causantes da súa opresión. Ligaban a súa causa ao resto de reivindicacións do pobo e da clase obreira, considerando que a discriminación da muller non era culpa “do home, senón dos responsables das clases dominantes”. “Constituida la Unión de Mujeres de Galicia”, *La Voz de Galicia* (1976), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismo do CCG.

93 Mariám MARIÑO COSTALES: “Movemento feminista e educación en Galiza: 1970-1990”, *Revista Sarmiento*, 17 (2013), p. 41.

3.3. Os primeiros pasos do Movemento Feminista Organizado en Galicia

Tras a morte do ditador, a situación xurídica das mulleres seguía sendo discriminatoria, a pesar das tímidas modificacións legais que se realizaran no ano 1975 con motivo da celebración do Ano Internacional da Muller. Nestes primeiros anos, as reivindicacións inmediatas do Movemento Feminista Organizado eran a amnistía para os delitos específicos da muller e a consecuente eliminación dos artigos discriminatorios do Código Civil e Penal. Entre eles os que castigaban o adulterio, a difusión e divulgación de anticonceptivos e o aborto. Así, no ano 1976, as feministas galegas integradas na AGM ou no MDMG comezaban a organizar charlas sobre estes temas.

As primeiras manifestacións en Galicia non teñen lugar ata finais do ano 1976, cando a AGM coñece o caso de adulterio de Emilia Díaz Búa. Esta veciña de Vilaxoán fora condenada xunto ó seu compañeiro, a 6 meses e un día de prisión e ao pago de 100.000 pesetas como indemnización ao seu marido, quen ata o momento estivera emigrado. Este caso mobilizou á AGM a iniciar unha recollida de firmas en Vigo que foron enviadas ao ministro de Xustiza co fin de esixir que se reformara o Código Penal por ser discriminatorio.⁹⁴ Concretamente, pedían a eliminación do artigo 449, que castigaba con pena de prisión menor (de seis meses e un día a seis anos) a calquera “mujer que yace con varón que no sea su marido y el que yace con ella sabiendo que es casada, aunque después se declare nulo el matrimonio”. Pola contra, o artigo 452 só castigaba ao “marido que tuviera manceba dentro de la casa conyugal o *notoriamente* fuera de ella (...) con prisión menor”.⁹⁵ É dicir, a muller podía ser castigada por deitarse unha única vez cunha persoa que non fose o seu marido, mentres o esposo, podía manter relacións extramatrimoniais con quen considerase, xa que non sería castigado ata que tivera unha manceba vivindo no fogar conxugal ou a situación se convertise nun escándalo público.⁹⁶

Ademais da recollida de sinaturas, a AGM de Santiago emitiu un comunicado no que se refería aos últimos xuízos por adulterio que tiveran lugar en Pontevedra, Zaragoza, Madrid ou Barcelona. No documento afirmaban que:

94 “Otra condena por adulterio en Pontevedra. La Asociación Galega da Muller planteara este tema en su próxima reunión”, *La Voz de Galicia*, 1 de decembro de 1976.

95 Decreto 3096/1973, do 14 de setembro, Capítulo IV, art. 449-452. Recuperado de internet <http://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1973-1715>

96 Soraya GAHETE MUÑOZ: “La luchas feministas. Las principales campañas del movimiento feminista español (1976-1981)”, *Investigaciones Feministas*, 8 (2017), p. 590.

Pra nós, mulleres galegas, esto e aínda máis discriminatorio, pola situación de emigración que sofre o noso país, que separa ao longo de anos e anos aos homes e mulleres, de xeito tal, que éstas ou ben gardan fidelidade toda a vida, cousa que él non fai (o cal parécenos lóxico), ou ben sucede coma neste caso, que levando anos separados a muller decide vivir co compañeiro, do que ten dous fillos xa maiores, sendo esta relación coñecida polo pobo, e á volta do home vese sometida a un castigo inxusto e claramente discriminatorio⁹⁷.

A AGM denunciaba este caso como organización que coñecía as especificidades da realidade galega, xa que neste territorio existían altas taxas de emigración masculina. Segundo o seu análise, as mulleres galegas acostumaban quedar na casa ao coidado dos fillos e das terras, mentres o marido intentaba mellorar a economía familiar traballando no exterior. En ocasións, as mulleres estaban moitos anos sen saber nada das súas parellas, agardando fielmente a que algún día voltaran. Emilia era unha destas mulleres que ante a marcha do seu marido, decidira pasado o tempo, continuar coa súa vida e iniciar unha nova relación. Despois de emitir o comunicado, a AGM convocaba unha manifestación en Pontevedra contra o delito de adulterio e en favor do divorcio, á que acudiron segundo a prensa, unhas 200 mulleres de toda Galicia e 50 homes.⁹⁸

Nestes primeiros meses, as manifestacións feministas en Galicia foron organizadas como consecuencia da repulsa que xeraban certas situacións que vivían as mulleres no seu día a día e que eran consideradas inxustas. No mes de febreiro, as feministas viguesas saían á rúa para denunciar un caso de acoso sexual sufrido por unha empregada do Corte de Inglés no seu posto de traballo. Nun principio, estes grandes almacéns xustificaran o despido acusando á traballadora de roubar. Sen embargo, fora despedida por un caso de acoso sexual no ámbito laboral. A traballadora negárase a cumprir cos “requirimentos sexuais” do seu xefe de sección, de modo que dende ese momento comezou a ser vixiada ata que atoparon un motivo polo cal despedila: cobrar 20 pesetas de menos nunha caixa. As feministas consideraban que esta situación era inxusta, polo que decidiron convocar unha concentración diante do Corte Inglés para denunciar este tipo de abusos cometidos por superiores que pretendían “conseguir favores sexuais baixo o chantaxe do despido”.⁹⁹

Segundo esta liña de acción marcada por sucesos concretos ou efemérides, o 8 de marzo de 1977, volve a ter lugar a manifestación do “Día Internacional da Muller Traballadora” no Estado español,

97 “Comunicado da AGM”, *La Voz de Galicia*, 2 de decembro de 1976.

98 “200 mujeres y 50 hombres se manifestaron el domingo en Pontevedra contra el delito de adulterio y a favor del divorcio”, *La Voz de Galicia*, 21 de decembro de 1976.

99 AGM: Convocatoria de concentración diante do Corte Inglés (Vigo), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

tras corenta anos de ditadura. Esta convocatoria estivo centrada na amnistía para os delitos da muller e na eliminación dos artigos do Código Penal discriminatorios.¹⁰⁰ No territorio galego, a AGM e a AUPEPM organizaron conxuntamente os actos da xornada en Santiago de Compostela. Os xornais falan de centos de carteis e pegatinas polas rúas que chamaban á liberación da muller, mentres a policía trataba de impedir todas as accións relacionadas coa conmemoración. Ante a imposibilidade de reunirse, as feministas xuntáronse na Alameda onde tivo lugar un discurso no que se chamaba á muller galega, do agro e da cidade, a unirse para acabar co sometemento e explotación ao que estaba sometida no marco da liberación nacional e social de Galicia. Sen embargo, o acto foi interrompido unha vez máis pola policía, quen ordeou a disolución das 500 persoas presentes.¹⁰¹

A partir do caso de acoso sexual anteriormente citado, algunhas mulleres da AGM comezaron a investigar en profundidade sobre as motivacións destes abusos de poder que sufrían as mulleres nos seus postos de traballo. Unha destas, foi María Xosé Queizán, quen un mes máis tarde publicaba un artigo en *La Voz de Galicia* no que intentaba explicar por que acontecían este tipo de sucesos. Segundo a escritora, os empregos ofertados ás mulleres no mercado laboral eran “unha prolongación dos traballos que realizan no fogar” nos cales non teñen ningunha posibilidade de ascenso, de modo que, sempre “están baixo a orden dun xefe que prolonga na empresa o sistema patriarcal”. No caso das “vendedoras, principalmente, nos grandes almacéns, son consideradas como auténticas mulleres-obxecto” que deben empregar diariamente os seus atributos físicos para conseguir vendas, o que provoca que elas mesmas se acaben convertindo nas mercadorías. Deste xeito, a conducta destas mulleres acababa adaptándose ao sistema, incluso instintivamente. Finalmente, Queizán chegaba á conclusión de que a “sociedade está pensada para que os atributos femeninos obteñan a atención e o favor masculino”, por iso “as mulleres deben aprender a utilizar o seu sexo como meio de promoción social”. Por esta razón, pensaba que o sexo feminino se convertía nunha transacción económica. Con esta publicación, a escritora non pretendía criticar estas actitudes das mulleres, senón sacar á luz as lóxicas que motivan este tipo de comportamentos que teñen os seres humanos no marco dun sistema capitalista e patriarcal. Estas ideas estiveron presentes nos debates internos da AGM, nos que pretendían entender os comportamentos sociolóxicos para motivar un fondo cambio social no que as mulleres deixasen de ser vistas por unha parte da sociedade, coma obxectos que poden ser mercados e tomados sen permiso.¹⁰²

100 Carmen SUÁREZ SUÁREZ: *Feministas en la transición asturiana (1975-1983)*. La Asociación Feminista de Asturias, Oviedo, KRK ediciones, 2003, p. 108.

101 “Balance positivo do <Día Internacional da Mulle>”, *La Voz de Galicia*, 9 de marzo de 1977.

102 María Xosé QUEIZÁN: “O <sexy> nos grandes almacéns”, *La Voz de Galicia*, 24 de abril de 1977.

Este dereito que algúns homes crían ter sobre o corpo das mulleres deu lugar a numerosos casos de violacións que foron denunciados públicamente polas feministas galegas. No ano 1978, a AGM iniciaba unha campaña contra este delito debido a varias violacións que se produciran en diferentes cidades galegas. A primeira acción que se levou a cabo foi unha manifestación de repulsa que reuniu a 300 mulleres de todas as idades e a un gran número de homes que asistiron como espectadores. Xuntos percorreron as rúas da cidade portando bandeiras violetas e pancartas nas que se podía ler: “Queremos a rúa de noite e de día”, “Basta xa de violacións” ou “Ninguna violación sin denuncia, ningún violador sin castigo”.¹⁰³ Ao mesmo tempo, en Santiago as mulleres da AGM repartían comunicados e vendían obxectos alusivos á campaña para facer visible este problema, e concienciar ás mulleres da necesidade de denunciar. O grupo de Santiago, declaraba que a represión sexual, a consideración da muller coma un obxecto ao servizo do home e a violencia institucionalizada, eran algúns dos motivos que incidían en que tiveran lugar este tipo de agresións.¹⁰⁴

3.4. As feministas galegas ante os acontecementos políticos e o novo goberno

O movemento feminista organizado emerxe nun momento de cambio de réxime no que o establecemento dun sistema político de natureza democrática non estaba asegurado, de modo que tanto as feministas dobre militantes como as independentes, participaron na vida política intentando influír nas decisións dos partidos políticos e do electorado feminino. Fundamentalmente, pretendían que as mulleres coas que matían algún vínculo, apoiaran aqueles proxectos políticos que máis lles conviñan por intereses partidistas ou porque recollían algunhas das súas reivindicacións feministas.

O MDMG pensaba que era primordial rachar co pasado franquista e consolidar un réxime democrático no que poder materializar as súas reivindicacións como mulleres. Por esta razón, a comezos de 1976, decidían unirse á Xunta Democrática de Galicia creada polo PCG, xa que era, segundo a súa opinión, o organismo axeitado para conquistar as liberdades democráticas e nacionais que permitirían acceder á igualdade social e xurídica das mulleres.¹⁰⁵ Por outra banda, a AGM, fiel á súa independencia, non se manifestou en favor de ningún dos proxectos unitarios constituídos polas forzas de esquerdas ou polo nacionalismo.

103 “Manifestación Femenina. Unas trescientas mujeres participaron ayer en la Coruña, en una concentración y posterior manifestación contra las violaciones”, *La Voz de Galicia*, 18 de xuño de 1978.

104 “Violaciones”, *La Voz de Galicia*, 18 de xuño de 1978.

105 *La Voz de Galicia*, 9 de marzo de 1976.

A finais de ano, convocábase un referéndum sobre o Proxecto de Ley para a Reforma Política. Tanto o MDMG como a AGM eran organizacións partidarias dunha ruptura democrática, polo que ao igual que os partidos políticos de esquerdas, recomendaron ás mulleres que se abstúvesen de votar.¹⁰⁶ No Nadal de 1976, o MDMG publicaba uns folletos nos que explicaba as opcións existentes fronte ao referéndum e as súas connotacións. Para este grupo, a abstención non significaba desinterés pola democracia, senón unha forma de camiñar cara “a verdadeira democracia, onde poidamos loitar libremente por defender un posto de traballo, pola nosa igualdá xurídica co home, pola asistencia de guarderías e servicios colectivos que nos permitan non ser esclavas da casa e dependentes economicamente do xornal do cabeza de familia; poideremos loitar pola nosa liberación”.¹⁰⁷ No mesmo sentido, a AGM difundía propaganda en contra da convocatoria.¹⁰⁸

Con motivo do referéndum ten lugar a primeira colaboración entre o MDMG, a AGM, a Asociación Galega de Consumidoras e a AUPEPM¹⁰⁹. Nun documento conxunto, expoñían como motivos para non concurrir ás votacións: a non legalización das asociacións de mulleres, os impedimentos para facer propaganda das súas opinións e a elaboración unilateral da Lei de Reforma Política que negaba os dereitos das organizacións feministas. Por estas razóns pedían a abstención, posto que “non votar significa estar máis preto dos noso dereitos como mulleres. (...) é o mellor xeito de loitar pola túa liberdade”, xa que o “non” significaba perpetuar a opresión, o “sí” pechar as portas a que poida mudar a situación e votar en branco era aceptar un referéndum nun momento en que as liberdades eran inexistentes.¹¹⁰ Esta primeira campaña conxunta era a primeira de moitas. Sen embargo, a estratexia da oposición non foi eficaz, posto que o referéndum foi confirmado por un 94,4% do electorado participante.

Unha vez aprobada a Lei de Reforma Política, chegaba unha nova primeira cita para estas mulleres que crecieran baixo o franquismo. Eran as primeiras eleccións xerais que se celebraban tras corenta anos de ditadura, e non había tempo que perder. O PCE fora legalizado en 1977, sen embargo,

106 De feito, en decembro de 1976 creouse en Santiago de Compostela unha Comisión Pro Abstención na que se integraron feministas como María Xesús Cruces Artero e Malo Fernández, que se identificaron como membras da AGM, e Nanina Santos Castroviejo. “Constituída en Santiago una comisión pro abstención”, *El Ideal Gallego*, 8 de decembro de 1976, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

107 MDM: “A muller e a loita. Boletín extra” (Nadal, 1976), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

108 AGM: “Eu... non voto”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

109 “Cuatro asociaciones gallegas de mujeres, por la abstención”, *La Voz de Galicia*, 9 de decembro de 1976.

110 Documento firmado en Santiago, 5 de Nadal de 1976, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

moitos dos partidos da chamada *Nova Esquerda* ou esquerda revolucionaria, permanecían na ilegalidade, aínda que lograron concurrir aos comicios en agrupacións conxuntas.¹¹¹ Por outro lado, as feministas da AGM, decidían convocar unha asemblea xeral para acordar unha postura ante as eleccións e elaborar un programa. Esta xuntanza congregou a 300 militantes chegadas de diferentes lugares de Galicia que propuxeron catro posturas diferentes. En primeiro lugar, comentouse a posibilidade de crear unha fronte feminista, opción que probablemente foi proposta polo grupo de independentes e que finalmente foi desbotada ante a inexistencia dunha infraestrutura que lles permitise participar nos comicios en igualdade de condicións cós partidos políticos. Por outro lado, propúxose introducir candidaturas nas listas dun ou varios partidos políticos. Sen embargo, esta proposta non foi ben acollida porque votar a unha candidata significaba dar o voto a unha partido, e isto ía en contra dun aspecto fundamental da AGM, que era a non adscrición a ningún partido. As dúas últimas propostas foron boicotear as eleccións e apoiar unha fronte de esquerdas, sendo esta última a opción definitiva.¹¹²

En base a este acordo, a AGM recoñecía que a liberación da muller ía máis alá dunha estratexia reformista. Sen embargo, ante as eleccións precisaban elaborar un programa que sería entregado aos partidos políticos co fin de que recollesen as súas reivindicacións. Os puntos máis polémicos do programa foron a eliminación das leis proteccionista da muller e a prostitución, polo enfrontamento que xerou entre as militantes que estaban en favor da súa abolición e as que defendían a súa regulación.¹¹³ Finalmente, a AGM elaborou un extenso programa que recolleu reivindicacións referidas a cinco campos. Entre eles o ámbito educativo, no que demandaban un ensino gratuíto e obrigatorio, coeducación a todos os niveis, a supresión das materias específicas da muller, educación sexual e a revisión dos materiais escolares. No ámbito laboral, pedían a plena incorporación da muller a todos os postos de traballo en igualdade de condicións, que as mulleres puideran acceder as mesmas prestacións cós homes e dereitos laborais para as empregadas do fogar. Un traballo que consideraban que debía desaparecer en favor de servizos públicos. No que respecta á sexualidade, esixían anticonceptivos gratuítos, información sexual científica, revisións médicas e investigación sobre contraceptivos, incluídos os masculinos. Neste apartado, incluían tamén a legalización do aborto, a despenalización da prostitución co obxectivo a longo prazo de conseguir a súa desaparición e a legalización do divorcio por ser a familia o lugar no que comeza a explotación da muller. Por último, pedían a derogación inmediata de todas as leis discriminatorias e opoñíanse á

111 Carmen SUÁREZ SUÁREZ: *Feministas en la transición asturiana (1975-1983)*..., p. 82.

112 “AGM: Más allá de la estrategia reformista”, *La Voz de Galicia*, 1977, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

113 *Ibid.*

utilización propagandística da imaxe da muller como obxecto sexual e reclamo publicitario por atender contra a dignidade das persoas.¹¹⁴

Por outra banda, o MDMG elaboraba un programa propio e animaba ás mulleres a participar nos comicios cun “voto responsable para que en España se elabore unha constitución democrática e igualitaria. Debemos facer que se teñan en conta as nosas reivindicacións i esixir un ensino profesional que faga posible o noso acceso a tódolos postos de traballo en igualdade de condicións co home”¹¹⁵. En relación ao ámbito laboral, as mulleres do MDMG mencionaban a necesidade dun ensino gratuíto a todos os niveis e servizos gratuítos como garderías, lavanderías e comedores que facilitarían moito a incorporación da muller ao traballo asalariado.¹¹⁶ Sen embargo, deixaban fóra moitas das reivindicacións que anteriormente estaban entre as súas demandas.

Despois do éxito do referéndum, as previsións do proceso electoral eran favorables á Unión de Centro Democrático (UCD). Pola contra, os resultados das votacións reflexan outra realidade. A UCD cun 34,4% dos votos, obtivo 165 escanos, seguido do PSOE con 118 escanos, do PCE con 20 escanos, e Alianza Popular con 16 escaños.¹¹⁷ A fortaleza da oposición que amosan estes datos, motivou pactos e reunións entre diferentes partidos políticos co fin de abordar a crise económica que atravesaba o Estado e consolidar a democracia. Estes encontros coñecidos coma os Pactos da Moncloa, incluíron tamén unhas reformas xurídicas relacionadas coa situación das mulleres como a despenalización do adulterio e do amancebamento, e a legalización dos anticonceptivos.¹¹⁸

Despois das eleccións, algúns grupos de mulleres ubicados en Madrid, entre os que estaban a Asociación Democrática de la Mujer vinculada ao PTE ou o Movemento Democrático de Mujeres decidiron reunirse co gobernador civil da cidade para pedir financiación económica, a legalización das súas asociacións e locais para as mesmas. O gobernador remitiunas ao ministro de Cultura e Benestar, o galego Pío Cabanillas, quen lles ofreceu crear un organismo dentro do seu Ministerio para solucionar os seus problemas. Estas asociacións puxéronse en contacto co resto de organizacións de mulleres do Estado para invitalas a unirse ao proxecto.¹¹⁹ Sen embargo, non todas

114 AGM: Programa fronte as eleccións (1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

115 MDMG: Pola liberación da muller (1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

116 *Ibid.*

117 Carmen MOLINERO, Pere YSÀS: *La Transición: Historia y Relatos*, Madrid, Siglo XXI, 2018, p. 230.

118 María Dolores PELAYO: “El debate constitucional y la reformas legislativas de la igualdad” en Carmen MARTÍNEZ TEN, Purificación GUTIÉRREZ LÓPEZ, Pilar GONZÁLEZ RUIZ (eds.): *El movimiento feminista en España en los años 70*, Madrid, Ediciones Cátedra, 2009, p. 110.

119 “Carta a las organizaciones de mujeres del Estado español”, Fondo especial do MFOG do Centro de

as asociacións responderon con entusiasmo ante a proposta, xa que mentres os colectivos “reformistas” vinculados a partidos políticos foron máis favorables á oferta, o resto de organizacións independentes vinculadas á corrente do feminismo radical opuxéronse á mesma.¹²⁰

Esta iniciativa era similar ás que se deran noutros países europeos como Francia ou Portugal, nos que en 1974 se crearon respectivamente o Secrétariat d'Etat para la Condition Féminine e a Comissao da Condição Feminina, coa intención de promocionar á muller na sociedade.¹²¹ As feministas vinculadas á *nova esquerda* manifestáronse en contra deste tipo de organismos porque consideraban que perpetuaban a discriminación da muller, ao ser tratadas coma un *outro* respecto ao modelo masculino, e porque as cercaban nunha entidade dependente dun ministerio¹²². A AGM foi unha destas organizacións, aínda que nun principio deixou a porta entre aberta a cambio de que o Ministerio aceptase certas esixencias como:

amnistía inmediata para los delitos femeninos, la legalización urgente de todas las organizaciones feministas, la cesión del patrimonio de la Sección Femenina (...), y un espacio fijo en los medios de comunicación (...) para que las organizaciones feministas puedan explicar a todas las mujeres puntos de vista, así como controlar el desarrollo de las posibles conversaciones que se mantengan con el Gobierno, caso de que sean aceptados previamente estos puntos.¹²³

Estes requisitos eran defendidos nun primeiro momento tanto pola AGM como pola Asociación Democrática da Muller Galega (ADMG). De feito, en setembro de 1977, trasladáronse a Madrid varias integrantes da AGM e do MDMG co fin de asistir a unha reunión con feministas do resto do Estado para falar da estruturación do organismo mencionado.¹²⁴ Mais finalmente, a “Subdirección General de la Condición Femenina” foi creada sen o beneplácito da AGM e doutras organizacións do Estado. Ante esta creación, as feministas da AGM declaraban estar máis interesadas en traballar por un movemento de masas con capacidade para presionar ás institucións, que en levar a cabo

Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.; “Actas cronolóxicas a partir del ofrecimiento por parte de Carmen Jiménez Sabio, de una visita al Sr. Rosón” (30 de xullo de 1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

120 AGM: “Comunicado de prensa da Asociación Galega da Muller”, (Santiago, 15 de setembro de 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

121 Rosa MONTEIRO: “Feminismo de Estado Emergente na Transición Democrática em Portugal na Década de 1970”, *Revista de Ciencias Sociais*, 4 (2013), pp. 841-866.

122 Elena DÍAZ SILVA: *El Año Internacional de la Mujer en España y Francia, 1975. Feminismo y movimiento de mujeres desde una perspectiva comparada*, Tesis doctoral, Universidad Autónoma de Madrid, 2013.

123 “Entrevista a Mara Costas, integrante da AGM” en *El Progreso* (9 de outubro de 1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

124 “Las gallegas reivindicán”, *La Voz de Galicia*, 22 de setembro de 1977.

negociacións por arriba.¹²⁵

Realmente, as mulleres da AGM crían que con esta iniciativa, o Goberno só pretendía aparentar unha imaxe progresista e democrática, ao mesmo tempo que intentaba dividir o movemento feminista a través da adhesión dalgunhas organizacións de mulleres ás que daría un tratamento diferenciado. É dicir, mentres os grupos colaboradores serían legalizados e terían acceso a medios de difusión, o resto de asociacións feministas permanecerían na ilegalidade. Esta situación, xunto a celebración das Xornadas da Condición Feminina no ano 1978, nas que participaron homes e non existiu un espazo para debater sobre sexualidade, unha reivindicación imprescindible para as feministas radicais, costoulle duras críticas á UCD e ás organizacións “posibilistas”, por parte de asociacións como a AGM.¹²⁶ De feito, un grupo de feministas independentes da Coruña, acudiron ás xornadas co fin de participar no boicot liderado pola feminista Jimena Alonso.¹²⁷

Por outro lado, a ADMG como organización reformista, propoñía a creación dunha Secretaría da Muller Galega e un organismo asesor da mesma vinculada á Xunta de Galicia. O obxectivo destas entidades sería favorecer a participación de todas as mulleres galegas e as súas organizacións específicas no “actual proceso autónomo e democrático da nosa nación”.¹²⁸ Sen embargo, a súa petición non foi escoitada. Ademais, no ano 1978 pedía tamén un oco dentro da Subdirección da Condición Femenina.¹²⁹ A intención desta asociación era aproveitar todos os cauces existentes para mellorar a situación da muller, a pesar da dependencia que podían supoñer adherirse a este tipo de organismos.

125 “Entrevista a Mara Costas, integrante da AGM” en *El Progreso* (9 de outubro de 1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

126 AGM: “Comunicado de prensa da Asociación Galega da Muller” (Santiago, 15 de setembro de 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

127 Mónica BAR CENDÓN: *Feministas galegas...*, p. 145.

128 “ADMG propuxeron a formación dunha Segredaría da Muller Galega”, *La Voz de Galicia*, 22 de outubro de 1977; “Secretaría da Muller”, *La Voz de Galicia*, 2 de agosto de 1978.

129 “Tiempos de reflexión y estudio”, *La Voz de Galicia*, 11 de xuño de 1978.

3.5. As organizacións feministas ante os proxectos do goberno e a primeira ruptura

Despois da vitoria electoral da UCD comezaron as reunións para elaborar a Constitución. Nestas non participou ningunha muller, agás na Comisión Constitucional, que estivo presente unha diputada da UCD. A escasa presenza de mulleres e as dificultades para facer chegar á comisión as súas demandas, molestou ás feministas, xa levaban traballando nas súas propostas dende finais do ano 1977.¹³⁰ As galegas da ADMG, integradas na Federación de Organizacións Feministas (F.O.F.) a nivel estatal, estaban ao tanto dos agravios que o proxecto constitucional supoñía para os dereitos das mulleres.¹³¹ O Partido dos Traballadores ao que estaban vinculadas, nun primeiro momento fixera duras críticas ao proxecto constitucional opoñéndose a el. Sen embargo, Nieves Ibarra, presidenta da Xunta Xestora da ADMG de Vigo, recorda como: “El Partido se acuesta de un día para otro por la Constitución, en vez de ir por no a la constitución o abstención a la constitución (...). Y dice, vamos a defender el voto sí dentro de todas as organizacións de masas que temos. As organizacións de masas, aínda que foran masitas, eran o Sindicato e as ADMs”.¹³²

Ante este cambio de parecer, as mulleres da ADMG sentíronse “defraudadas por canto os principais dereitos da muller non figuran claramente recollidos”, e preguntábanse que fora das promesas electorais dos comicios pasados.¹³³ A Constitución recoñecía no artigo 14 a igualdade de todos españois ante a lei sen discriminación por razón de sexo, pero, para as feministas non era suficiente, xa que consideraban que o resto do texto constitucional limitaba, e incluso vulneraba, o principio de igualdade. Sen embargo, algunhas mulleres que integraban a directiva da ADMG como Nieves Ibarra ou Sabela Lahuerta, decidiron aliñarse co partido e defender a Constitución.¹³⁴ Este posicionamento provocou unha ruptura na ADMG. En Santiago de Compostela, un número considerable de militantes vinculadas ao ámbito universitario decidiron abandonar a asociación. Noutros lugares, tamén se produciron saídas tras fortes enfrontamentos. Nieves Ibarra recoñece que eran “una correa de transmisión del partido.” Ao que Sabela engade: “Pero aí pringábase todos. Non só nosotras. La mayoría de mujeres que militaban no movemento feminista pertencían a este partido ou outros partidos. E os enfrontamentos moitas veces eran de partido. Non eran de mulleres,

130 Soraya GAHETE MUÑOZ: “La luchas feministas...”, p. 594.

131 A F.O.F. era unha organización creada baixo o paraugas do PTE, que pretendía coordinar ás Asociacións Democráticas da Muller. Nacera como alternativa organizativa á Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado Español. Algunhas mulleres da AGM, tamén se escindirán de dita asociación para integrarse na F.O.F.

132 Entrevista realizada a Nieves Ibarra en Vigo a 4 de xuño de 2021.

133 Isabel LAHUERTA MOURIÑO: Informe sobor da Constitución (Vigo, xuño de 1978). Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

134 Entrevista a Nieves Ibarra e Isabel Lahuerta en Vigo a 4 de xuño de 2021.

de muller. Por distintas posicións que se discutían en las asociaciones”.¹³⁵

A pesar das baixas, a ADMG continuou coa campaña en favor do divorcio, que no ano 1978 se intensificaba en todo o Estado. Esta asociación opoñíase frontalmente ao proxecto de separación da UCD, que declaraba que o divorcio só podería ser disolto a petición de ambos esposos, transcurridos “dos anos desde la sentencia de separación legal o cinco anos ininterrumpidos desde la separación de hecho”. Pola contra, o proxecto da F.O.F. apoiado pola ADMG, entendía o “matrimonio como unión libre de voluntades, sin subordinación de un cónyuge a otro”, o cal “implica que tanto o matrimonio como a súa disolución (...) poidan realizarse en igualdade de condicións, en condicións xustas, xa que si non o dereito ao divorcio sería moi restrinxido”.¹³⁶ Na campaña do divorcio, esta asociación despregou un repertorio de acción que se baseou na organización de conferencias, recollidas de firmas, reparto de folletos, e incluso, chegaron a organizar un partido de fútbol entre as mulleres da ADMG e os homes da UGT co fin de recaudar cartos para a causa. Ademais, era habitual que os compañeiros do partido vinculados a asociacións deportivas lles organizaran charlas con mulleres para falar sobre o divorcio, pero tamén sobre anticonceptivos ou aborto.¹³⁷ Neste momento, a asociación vivía un momento de expansión que ía máis alá do espazo urbano no que acostumaban actuar as organizacións feministas. En marzo de 1978, unha das integrantes comentaba nunha entrevista que: “La incorporación de las mujeres campesinas a nuestra asociación es constante en la ADMG de Lugo, en particular y prueba de ello lo manifiesta el que en Viveiro ya se haya abierto una delegación; otra, próximamente en Sarria, y las múltiples charlas que por los pueblos está dando a nuestra asociación”.¹³⁸

A diferenza da ADMG, que se posicionou a favor da Constitución coma o partido ao que estaba vinculada, a AGM integrada na Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado español (C.O.F.E.E.) rexeitou insistentemente a carta magna “por ser esta antidemocrática e machista tanto pola forma de elaboración como polo seu contido. O ser elaborada a espaldas das organizacións das mulleres i en busca a unha política de consenso, perpetuando un sistema patriarcal e capitalista que nin tan se quera recolle as mas elementais reivindicacións das mulleres, pechando polo seu carácter de lei fundamental a porta a futuras leis progresistas que signifiquen un avance na loita pola

135 Entrevista realizada a Nieves Ibarra e Sabela Lahuerta en Vigo a 4 de xuño de 2021.

136 “La ADMG rechaza el proyecto de ley gubernamental sobre el divorcio”, *La Voz de Galicia*, 10 de decembro 1977; “UCD prepara proyectos de ley sobre anticonceptivos y divorcio”, *El País*, 26 de novembro de 1977

137 Entrevista realizada a Sabela Lahuerta en Vigo a 4 de xuño de 2021.

138 Alonso SÁNCHEZ: “Habla Isabel Lahuerta, secretaria de Organización da la Asociación Democrática da Muller Galega”, *La Voz de Galicia*, 8 de marzo de 1978.

liberación da muller”.¹³⁹ As feministas consideraban que o texto constitucional empregaba unha linguaxe sexista e contiña discriminacións explícitas. En primeiro lugar, denunciaban que perpetuaba e protexía a familia patriarcal supoñendo unha discriminación para as persoas que estaban a favor das unións libres e para os fillos nados fóra do matrimonio. En segundo lugar, criticaban que ao seu parecer, o texto protexía a ensinanza privada e relixiosa que perpetuaba os roles de xénero, sen contemplar a coeducación que elas reclamaban. Ademais, consideraban que ignoraba o dereito ao divorcio e ao aborto, sen ter en conta a legalización dos métodos de control da natalidade e a incorporación da muller ao traballo en igualdade de condicións có home.¹⁴⁰

En marzo de 1978, a AGM uniuse coa ADMG e outros partidos de esquerdas, agás o PCG, para convocar unha manifestación en favor do recoñecemento do divorcio coma un dereito constitucional que poida ser exercido por mutuo acordo ou por petición dun dos cónxuxes. Na reunión previa á convocatoria, acordouse que esta acción conxunta tería lugar sempre e cando se cumprisen dúas condicións: defender unha lei de divorcio non discriminatoria para a muller e ceder o protagonismo ás mulleres feministas ou militantes dos partidos nas manifestacións.¹⁴¹ Sen embargo, esta unidade que logrou reunir a 2.000 persoas rompe no mes de abril, cando a AGM decide desvincularse pola desatención aos dous puntos que consideraba fundamentais.¹⁴²

Nesta primeira etapa a AGM desenvolveu unha intensa actividade organizando conferencias, mesas redondas, mitins, sesións de cine ou concertos cos que pretendían concienciar ás mulleres da opresión que sufrían, e animálas a unirse ao movemento feminista para conseguir os dereitos que lles eran negados. Inicialmente, as súas accións eran percibidas coma un escándalo por algúns sectores da sociedade. Sen embargo, cabe destacar que pouco a pouco, as feministas ían percibindo un cambio de actitude nas persoas da rúa coas que interactuaban. Así, en marzo de 1978, as integrantes da AGM de Vigo comentaban ás súas compañeiras que repartiran “panfletos nas distintas plazas de abastos e mercados (...) entre as mulleres que facían a compra e as peixeiras. Estes panfletos tiveron en xeral boa acollida, as mulleres o leían con interes e non houbo incidentes penosos como tiña pasado o ano pasado co mesmo motivo; é de destacar o interese grande que a maioría tiñan polo tema do divorcio”.¹⁴³ Este comentario, segundo a visión do movemento, amosa

139 COOFFEE: Comunicado sobre a Constitución (21 e 22 de outubro de 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 024.

140 AGM: “Muller e Constitución (1978)”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 025.

141 “Feministas, partidos políticos y sindicatos, preparan una manifestación en favor del divorcio, *La Voz de Galicia*, 24 de febreiro de 1978.

142 “La AGM luchará sola”, *La Voz de Galicia*, 19 de abril de 1978.

143 AGM: “Actos levados a cab o día 8 de Marzo de 1978 en Vigo”, Fondo especial do MFOG do Centro de

que a sociedade galega continuaba avanzando cara posturas progresistas respecto aos dereitos das persoas.

Nos inicios, a AGM estaba integrada por mulleres moi diversas que se mantiñan unidas a pesar das diferenzas que podían existir entre as mulleres dobre militantes e os seus partidos ou coa mulleres independentes. Pero o feminismo era unha teoría diversa que estaba en pleno desenvolvemento, de modo que as novas correntes que chegaban ás integrantes da asociación, provocaron que evolucionaran cara diferentes puntos de vista que suscitaron tensións entre as feministas independentes e as dobre militantes. Por un lado, unha parte das independentes e algunha dobre militante estaban en contra de realizar campañas en favor dos métodos anticonceptivos e o aborto, xa que consideraban que estes reforzaban a sexualidade falocéntrica ao focalizar as relacións sexuais na penetración. Ademais, o aborto era unha agresión contra o corpo da muller que debía evitarse, porque só trataba de corrixir as contradicións que xeraba o patriarcado. Por outro lado, tamén se posicionaban en contra do divorcio, porque esta posibilidade apuntalaba a familia patriarcal.¹⁴⁴ Mais en xeral, as voces maioritarias dentro da asociación, defendían o dereito ao divorcio para que as persoas que o desexasen puideran liberarse do matrimonio, ou os anticonceptivos porque entendían que así as mulleres terían dereitos sexuais e reprodutivos. É dicir, para que puideran disfrutar dunha sexualidade propia e pracenteira sen medo a quedar embarazadas, o cal non obrigaba a ninguén a ter unha sexualidade heterosexual de penetración. En canto ao aborto, a liña maioritaria na AGM recoñecía que era unha práctica agresiva, pero as mulleres debían ter dereito a decidir sobre os seus corpos, de modo que, estaban a favor da súa legalización. Finalmente, estas discrepancias foron debatidas o 24 e 25 de xuño de 1978 na Asemblea Xeral da AGM convocada na Facultade de Económicas da Universidade de Santiago de Compostela. Mais para cando tivo lugar o encontro, as tensións no grupo da AGM de Vigo e no da Coruña provocaran a paralización ou a diminución da actividade destes colectivos.¹⁴⁵

Un dos temas claves nesta xuntanza foi a dobre militancia na organización. Algunhas mulleres de Ourense, manifestáronse a favor da dobre militancia proponendo ás compañeiras facer un esforzo para aumentar o número de feministas entre as filas dos partidos políticos e sindicatos, co obxectivo de influír nestas organizacións. Concretamente, pretendían educar aos militantes varóns na ideoloxía feminista, co fin de motivar transformacións nas súas estruturas políticas para que se

Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 024.

144 Mónica BAR CENDÓN: *Feministas galegas...*, pp. 195 e 200; entrevista a Nanina Santos Castroviejo en Santiago de Compostela a 29 de abril de 2021.

145 AGM: "A muller na sociedade de clases", (AGM de Coruña, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

converteran en organizacións máis igualitarias.¹⁴⁶ Esta postura foi apoiada polas mulleres da Coruña, que pensaban que debido a importancia que estaban cobrando os problemas da vida privada na política, era un bo momento para incorporarse ás organizacións mixtas, e influír nestes temas sobre os que tiñan moito que dicir. Ademais, había quen engadía que tamén podía ser interesante conseguir postos de poder na sociedade co fin de arrebatarlle protagonismo aos partidos políticos.¹⁴⁷

Por outra banda, a maioría das mulleres independentes dos partidos políticos negábanse a participar en organizacións mixtas nas que os homes tiñan o poder. Inspiradas polas teorías da feminista italiana Carla Lonzi e adheridas á liña do *feminismo da diferenza*, pensaban que non merecía a pena gastar forzas en participar en organizacións orixinarmente masculinas, de modo que, preferían crear espazos só para mulleres onde puideran reunirse e aprender a valorar as virtudes tradicionalmente “femininas”. Queizán, unha das integrantes deste grupo di nas súas memorias:

Esforceime por manter unida a AGM. Non foi posible. As membras do MCG puxéronse farrucas e nunha asemblea na Facultade de Económicas, en Santiago, gañaron a votación. Xa teño comentado por que a militancia gaña, e perden as e os membros independentes. A obediencia partidista obrígaas a asistir, mentres que as independentes, sendo como eramos maioría, non tiñamos disciplina e calquera dificultade persoal disimulaba a asistencia á asemblea. Os métodos stalinistas de partido tamén nos collían por sorpresa, e algunhas non levaban os discursos estruturados non medidos conforme aos tempos acordados, que eran contabilizados segundo a segundo por un gran reloxo expertador que unha delas tiña colocado enriba dun pupitre, non podía expresar os seus criterios. Aquel reloxo non se me esquecerá nunca. Simboliza a ruptura da AGM.¹⁴⁸

Por outro lado, unha das militantes do MCG explicábanos que neste momento se dicía que:

el MC está manipulando. Claro, o MC neses momentos era unha organización cun feminismo moi potente porque tiña unha estrutura autónoma que leía, que debatía y que empoderaba á muller. O MC nunca intentou para nada manipular, eu creo que neso foi escrupuloso. Ao mellor nalgún sitio o fixo algunha persona. Digo porque eu dirixín iso, a estrutura autónoma de mulleres en Galicia. Eso dirixín eu, e sei o que se facía e o que nos interesaba facer. (...) [Ao MC] o que lle interesou en feminismo sempre foi empoderar á muller, concienciar dentro do partido. No partido houbo unhas campañas co tema maternidad, co tema traballo doméstico, co tema da sexualidade, enquisas anónimas... (...). O MC coñece a experiencia de Lota Continua en Italia. Partido que se

146 Emma D. MENOR PENEDO, Luisa OCAMPO e Marta PORTAS: Ponencia dobre militancia (AGM de Ourense, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

147 AGM da Coruña: A muller na sociedade de clases nos inicios – cambio de réxime (A Coruña, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

148 María Xosé QUEIZÁN: *Vivir ao galope...*, pp. 500 - 501.

rompe co tema do feminismo. (...) Entón digamos o MC dice, ou facemos algo, ou esto se romperá. Porque si medra a conciencia feminista, e o partido non acompaña esa dualidad... (...). Se acusaba porque eu creo que dá moita rabia que alguén teña moita potencia intelectual y te perdas nos debates (...). Eu non teño porque aminguar os meus argumentos para que ti me gañes. Eso es paternalismo.¹⁴⁹

Este tipo de enfrontamentos e acusacións foron frecuentes naquelas asociacións feministas que nun principio rexeitaran as estruturas. Nos anos sesenta os colectivos de mulleres sen xerarquías naceran da reacción contra unha sociedade sobre-estruturada na que a muller ocupaba sempre unha posición de subordinación. Nos inicios o que lles importaba ás feministas radicais era reunirse para tomar conciencia da súa opresión, compartir experiencias e buscar a raíz dos seus problemas. Sen embargo, co paso do tempo as obsesións igualitaristas destes grupos deu lugar ao que Jo Freeman chamou “a tiranía das estruturas”. Esta feminista norteamericana teorizou sobre este fenómeno que segundo o seu parecer se debía a que os grupos de individuos sen estruturas non poder existir, porque inevitablemente as persoas sempre tenden a crear estruturas ou redes informais.¹⁵⁰

Freeman explica que en todos os colectivos existe un grupo de persoas que conforman unha elite que ten o poder dentro deste, sen o consentimento do resto de compañeiros. Nas asociacións feministas, as elites son os grupos de amigas, colegas ou compañeiras de traballo que participan nas mesmas actividades políticas, que comparten valores e opinións, e que se consultan cando teñen que tomar decisións. Estas persoas falan entre elas, reúnen e reclutan a máis mulleres que “encaixan”, conseguindo así ter máis forza para promover certas decisións dentro do colectivo.¹⁵¹ No caso concreto que nos ocupa, podemos identificar dous grupos que son, por un lado unha parte considerable das mulleres dobre militantes que se situaban na liña do *feminismo socialista*, que apostaba polo igualitarismo, dende posicións marxistas críticas, e por outro, unha parte considerable das feministas independentes que seguían a corrente do *feminismo da diferenza*, que pretendía revalorizar o ser muller opoñéndose a igualarse co home.¹⁵²

No primeiro grupo podemos incluír a algunhas feministas do MCG que consideraban que “a vanguardia real (aínda que cécais “oculta”) [da AGM] serán as mulleres de partidos ou aquelas que sin ser de partidos teñan capacidade de dirección feminista autónoma (falo das independentes con

149 Entrevista a Nanina Santos Castroviejo en Santiago de Compostela a 24 de abril de 2021.

150 JOREEN: *La tiranía de la falta de estructuras* (1970), Utopía Pirata, 2017. Recuperado de internet (<https://biblioteca.efd.uy/document/118>).

151 *Ibid.*

152 Mercedes AGUSTÍN PUERTA: “Claves del feminismo español en la Transición Política. Algunas hipótesis a debate”. Recuperado de: <http://feministas.org/claves-del-feminismo-español-en-la.html>.

visión estratéxica si é que as hai, ou se no futuro coalla a idea de M^a Xosé [Queizán] de facer un partido feminista)”. Sen embargo, aclaran que son ás mulleres do MCG quen debe ocupar un lugar importante na dirección da organización “se é que sabemos, ou si é que dende o noso partido (estrutura de mulleres se entende) é posible faguelo”.¹⁵³ Sen embargo, este non era un grupo homoxéneo, xa que había militantes deste mesmo partido que consideraban que as mulleres do partido non eran a vangarda do feminismo, senón que aínda tiñan moito que aprender xunto as súas compañeiras. Ademais, pensaban que para que a asociación fora “verdaderamente feminista e autónoma, hai que traballar para que señan as mulleres independentes feministas as que leven un peso cada vez maior dentro da organización”. De feito, este sector amosábase en contra da creación dunha estrutura intermedia entre o partido e a asociación que algunha dobre militante propoñía crear para tomar parte na dirección da asociación.¹⁵⁴

Como vemos, entre as feministas do MCG existían dúas posturas diferenciadas. Por un lado, aquelas que pensaba que eran as mulleres do partido as que debían liderar a asociación por ser a vangarda do feminismo, pero sen desprezar completamente ás mulleres independentes, entre as cales había perfís moi valiosos. E por outro lado, unha postura que se amosaba máis favorable a darlle un maior protagonismo ás mulleres independentes con habilidades de liderazgo para crear unha organización realmente autónoma.

Na Asamblea Xeral, as feministas danse conta de que as diferenzas facían imposible a reconciliación entre as dúas tendencias. Algunhas dobre militante estaba “en desacordo ca aitual concepción da AGM como coordinadora das diferentes posicións existentes dentro dela”, xa que obrigaban á asociación “a chegar a acordos que, reaixando as posicións das diferentes posturas, non convencen a ninguén”. Este sector pensaba que era contraproducente forzar o consenso porque obrigaba a que os debates quedaran reducidos a cuestións xerais para poder desenvolver campañas conxuntas. Por estes motivos, invitaban ás feministas independentes a formar a súa propia organización e esixían que a AGM se definira ideoloxicamente dun xeito claro co fin de continuar camiñando xuntas.¹⁵⁵ Os desencontros e os diferentes puntos de vista provocaron unha ruptura na organización. Unha parte das mulleres independentes que deciden marchar crean a asociación Feministas Galegas Independentes (FIGA), que nace como grupo de autoconciencia con actividade

153 Carmen: Proposta sobor da organización da AGM (Vigo, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

154 Chicha NOVOA: A AGM como vangarda do feminismo en Galicia (A Coruña, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

155 AGM: “A muller na sociedade de clases” (A Coruña, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

en Vigo e Lugo.¹⁵⁶ Pola contra, a AGM pasa a definirse como unha asociación partidaria do feminismo socialista e da loita de clases, democrática, autónoma, unitaria, partidaria da dobre militancia e contraria á marxinação.¹⁵⁷

Noutro plano do debate, o enfrontamento entre o *feminismo da igualdade* e o *feminismo da diferenza*, é considerado por algunhas autoras coma un erro, xa que as teorías de ambas correntes non son excluíntes. Lola G. Luna defende esta opinión aplicando a deconstrución derridiana que demostra que os conceptos igualdade / diferenza non son contrarios, senón que a correcta oposición binaria é igualdade / desigualdade. A pesar de que ambos sectores da AGM analizaban os problemas dende diferentes teorías, compartían o mesmo obxectivo, que era crear unha sociedade máis xusta e igualitaria.¹⁵⁸ Sen embargo, as distintas formas de abordar as reivindicacións e os intentos de toma de dirección que se deron nalgúns grupúsculos provocaron a escisión dun considerable número de integrantes.

En conclusión, esta primeira etapa do Movemento Feminista Organizado en Galicia que se inicia coa creación da Asociación Galega da Muller, unha organización que combinaba as teorías do *feminismo socialista* con algúns postulados do *feminismo radical*, na que convivían mulleres independentes e mulleres vinculadas a diferentes partidos políticos, péchase coa asociación saltando polos aires. As teorías e os puntos de vista das feministas estaban en constante evolución na AGM, unha asociación na que as súas integrantes desenvolveron unha intensa elaboración teórica con plena liberdade. As mulleres da ADMG e do MDMG non foron alleas ás achegadas teóricas feministas, pero o seu traballo estivo máis enfocado nas labores de base. Importantes para aumentar a conciencia feminista das mulleres e o número de integrantes entre as súas filas. Non obstante, tamén sufriron escisións e disolucións. En 1978, a ADMG perdeu militantes debido ao aliñamento da súa directiva co PT en favor da Constitución; mentres que os grupos do MDMG disolvéronse en toda Galicia, agás en Vigo e Ourense.¹⁵⁹ A pesar das rupturas e diferenzas existentes entre as integrantes destas asociación, as feministas galegas intentaron apoiarse nos puntos en común para desenvolver campañas conxuntas en determinados momentos.

156 Mónica BAR CENDÓN: *Feministas galegas...*, p. 146.

157 AGM: “A muller na sociedade de clases” (A Coruña, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

158 Lola G. LUNA: “De la emancipación a la insubordinación: de la igualdad a la diferencia”, *Asparkia: Investigación feminista*, 11 (2000), pp. 27-36.

159 María del Camen PARADA: “Tiempos de reflexión y estudio”, *La Voz de Galicia*, 11 de xuño de 1978.

4. Da diversidade do Movemento Feminista Organizado en Galicia á unidade (1979-1981)

Neste apartado, analízase como tras a ruptura producida na AGM e as escisións que sofre a ADMG, a maior parte do movemento feminista en Galicia tratou de manterse unido para traballar en prol de reivindicacións compartidas. Pola contra, a finais de 1979, nas Xornadas feministas de Granada evidéncianse claramente as diferenzas existentes dentro do movemento feminista no Estado español. Por un lado, os debates entre independentes e dobre militantes e por outro, as disputas entre o *feminismo da diferenza* e o *feminismo socialista*. Cuestións que en Galicia xa se manifestaran na AGM con anterioridade, e que xa deran lugar a unha nova organización coñecida como a FIGA (Feministas Independentes Galegas). Ademais das rupturas e os intentos de unidade, este período estivo enmarcado nun contexto de crise económica no que os feminismos organizados máis visibles, se centraron na loita en favor da legalización do divorcio e do aborto.

O ano 1979 comezaba para as feministas coa vista posta nas eleccións estatais e municipais. Ante os comicios, prodúcese o primeiro achegamento entre as asociacións feministas galegas que aceptaban a dobre militancia. Dende finais do ano anterior, a ADMG viña sinalando a necesidade dunha maior unidade entre as feministas galegas debido ás divisións que tiveran lugar nos últimos tempos.¹⁶⁰ Despois dalgunhas reunións, a ADMG e a AGM decidían unirse para fomentar o voto de esquerdas. Aínda así, non olvidaban a decepción da última lexislatura, na que os partidos abrazaran a política de consenso deixando de lado as reivindicacións feministas que prometeran ter en conta. En consecuencia, sentían que simplemente as utilizaran co fins electorais. Pola contra, decidiron as asociacións integradas na COFFEE decidían volver a elaborar un programa conxunto no que presentarían as súas reivindicacións aos partidos políticos de esquerdas, para que estes as recolleran e as defenderan como propias no Parlamento.

As reivindicacións feministas estaban agrupadas en cinco ámbitos: familia, traballo, ensino, medios de comunicación e sexualidade. En canto ao ámbito familiar, reclamaban que “a familia non sexa obxecto de protección discriminatoria”, co fin de que o Estado recoñecera o dereito das persoas a establecer relacións libres, sen que isto supuxese ningunha discriminación. Neste sentido, demadaban “igualdade dos fillos ante a lei (...) e a desaparición dos libros de familia”, a “sustitución do concepto de patria potestade polo de responsabilidade diante dos fillos” e unha lei de divorcio adsequible, rápida e xusta para as mulleres, na que non houbera culpables podendo ser solicitado unicamente por un dos cónxuxes.¹⁶¹ Estas demandas tiñan como obxectivo defender a

160 Celia MIRALLE: “Variación da política de unidade” (Vigo, 30 de xaneiro de 1979), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

161 AGM, ADMG: “Programa das organizacios feministas cara as eleccións” (1979), Fondo especial do MFOG do

autonomía das persoas, os diversos tipos de relacións que podían existir entre as persoas e a igualdade dos nenos independentemente do seu nacemento. Pois ata o momento, as leis protexían ferreamente “a familia nacida do matrimonio, chamada lexítima, na medida en que esta, ante os ollos do lexislador era garante de orde e paz”.¹⁶² Co paso do tempo, esta filiación que fora un elemento central da situación das persoas na sociedade, estaba a ser desplazada en favor da vontade e o desexo dos individuos.

No ámbito laboral, demandaban o cese da discriminación da muller, o acceso a calquer tipo de traballo e formación profesional para fomentar a súa integración no mercado laboral. Por outra banda, pedían sancións para as empresas que cometesen despedidos por razón de sexo, estado civil ou fillos; que se garantisen as prestacións por viudez e a cotización por baixa maternal. Ademais, esixían unha “revisión da lexislación no punto do cuidado dos fillos” para que se aplique á nai e ao pai, e que se creen servizos como garderías e comedores a cargo do Estado. En canto ao ensino, apostaban pola coeducación gratuíta e laica, a eliminación do contido sexista dos libros, a desaparición das materias “femininas” discriminatorias e a participación das alumnas en todos os xogos e deportes. Ademais, esixían educación sexual e profesorado mixto nas aulas dende infantil. No que respecta ao medios de comunicación, amosábanse preocupadas pola imaxe que se estaba a dar das mulleres e pola linguaxe discriminatoria e sexista. Neste senso, pedían que non se utilizase á muller coma un obxecto sexual, que non fora representada no seu rol tradicional e que se controlase a propaganda sexista dos xoguetes. Para facer cumprir estes preceptos, crían necesaria a creación de sistemas fiscalizadores que penalizasen ás empresas que non aceptasen estes acordos. Por último, mencionaban as demandas referidas á sexualidade, entre as que se atopaba a creación de centros de información sexual financiados polo Estado e xestionados por feministas, a distribución gratuíta de anticonceptivos masculinos e femininos, o dereito a aborto gratuíta, amnistía para os delitos da muller e a anulación do novo articulado da lei de perigosidade social.¹⁶³

Algunhas destas demandas coma o divorcio ou o aborto foron recollidas nos programas de partidos políticos de esquerdas, quen nalgúns casos coma o da Liga Comunista Revolucionaria (LCR), permitiron ás feministas explicar as súas demandas antes de comezar os seus mitins electorais.¹⁶⁴ Ademais, nas listas dos partidos difundidas nos xornais comezaban a aparecer os nomes de

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

162 Silvia TAMAYO HAYA: “Hacia un nuevo modelo de filiación basado en la voluntad en las sociedades contemporáneas”, *Revista Digital Facultad de Derecho*, 6 (2013), p. 4.

163 AGM, ADMG: “Programa das organizacions feministas cara...” (1979), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

164 “La LCR presentó a sus candidatos al Congreso y al Senado”, *La Voz de Galicia*, 11 de febreiro de 1979.

coñecidas feministas dobre militantes como Esperanza Novoa Gil, integrante da AGM e do MCG que foi candidata pola Coruña, ou Nieves Ibarra da ADMG e do PTG que se presentou por Vigo.¹⁶⁵

As mobilizacións nas rúas continuaban. En marzo de 1979, as feministas volvían saír á rúa nun ano marcado pola crise económica. A AGM, a Secretaría da Muller de CCOO e Feministas Independentes (FIGA) centraron o Día da Muller Traballadora na defensa do dereito a un posto de traballo nas mesmas condicións ca os homes, en contra dos despidos por razón de sexo, pola igualdade de prestacións da Seguridade Social e a equiparación laboral para as traballadoras do servizo doméstico. Ao ano seguinte, o 8 de marzo, volveu estar orientado á defensa dos postos de traballo das mulleres. A AGM organizou unha caravana de coches que con bandeiras feministas e megáfonos percorreron as principais rúas de Santiago de Compostela berrando consignas en contra da discriminación que sufrían as mulleres ata que foron freadas pola policía nacional. Posteriormente, desprazáronse ata o sanatorio de Conxo para manifestarse en contra do discriminatorio proceso de selección de persoal deste centro, que consistía en dividir entre dous a puntuación acadada polo aspirante ao posto en caso de ser muller. Segundo o director do centro, esta medida debíase a que “a muller é inferior ó home no rendimento do traballo”.¹⁶⁶ Nas inmediacións do centro, as mulleres da AGM escenificaron algunhas das actitudes da sociedade ante o divorcio, o traballo doméstico e a opinión do director do psiquiátrico.¹⁶⁷

Ao ano seguinte, as mulleres da AGM propoñían aos sindicatos de profesores que durante os días próximos ao 8 de marzo, trataran nas súas aulas unha unidade didáctica que elaboraran co fin de que os estudantes debateran sobre aspectos históricos e cotiáns da discriminación das mulleres. Esta iniciativa continuou no ano 1981, cando a AGM de Santiago elaborou unha nova unidade didáctica destinada aos estudantes e traballadores do ensino que tiveran “un papel activamente diferente na educación tradicional dominante e maioritaria hastra o momento presente. Unha educación non sexista, que non eduque na diferenza senon na igualdade”.¹⁶⁸

Para as organizacións feministas, a coeducación era unha reivindicación fundamental que estivera presente dende os inicios, xa que as propias activistas escolarizadas durante o franquismo tiveran

165 “El MCG presentó ayer sus candidaturas a las elecciones legislativas”, *La Voz de Galicia*, 2 de febreiro de 1979; “Leva a túa voz o axuntament. Elecciones locales 1979”, *El Pueblo Gallego*, 23 de marzo de 1979.

166 AGM: “Comunicado de prensa” (Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1980), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

167 “Las feministas recorrieron las calles en caravana y presentan “sketches” en Conxo”, *La Voz de Galicia*, 9 de marzo de 1980.

168 AGMSC, “Unidade didáctica” (Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 1981), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 20.

que cursar materias diferentes ás dos seus compañeiros, nas que lles ensinaban a realizar as tarefas “propias do seu sexo” pensando no seu futuro como nais e esposas. A pesar de que estas materias foran eliminadas do ensino, ao igual que o Servizo Social Feminino, o movemento feminista consideraba que a escola continuaba ensinando coñecementos diferentes a nenos e nenas, así como, reproducía os roles de xénero.¹⁶⁹ A escola mixta non era igual, segundo o seu punto de vista, á escola coeducadora que pedían as feministas, e non garantizaba a existencia de prácticas educativas non sexistas, xa que a través das imaxes dos libros de texto, a linguaxe sexista ou a diferenciación de trato, perpetuábanse as discriminacións entre os sexos.¹⁷⁰

Dende os seus inicios, as organizacións feministas elaboraron contidos didácticos entre os que nos atopamos, entre outros, folletos adicados ao autoconhecimento do propio corpo, á divulgación dos tipos de contraceptivos existentes, sobre as súas opinións respecto ás eleccións, a Constitución ou o divorcio. Pero foi a partir dos anos oitenta, cando comezaron a elaborar as unidades didácticas xa mencionadas, adicadas a reflexionar sobre os roles de xénero, a opresión e discriminación que sufren as mulleres, a sexualidade ou os anticonceptivos. Estes contidos eran entregados aos profesores ou explicados polas propias feministas en charlas dirixidas ao alumnado de E.X.B., B.U.P., Formación Profesional ou da Universidade. Ademais, moitas das feministas que elaboraban estes materiais acabaron adicándose profesionalmente ao ensino, de modo que dende esa posición puideron traballar a favor dunha educación máis igualitaria. Unha das entrevistadas, integrante da AGM e profesora de historia, contábanos como a finais dos setenta os mestres militantes tiñan un compromiso co seu alumnado que os levou a dar os primeiros pasos para galeguizar os materiais educativos e visibilizar ás mulleres como suxeitos presentes en diferentes ámbitos, e no seu caso na Historia.¹⁷¹ En suma, tamén houbo moitas feministas que fóra dos seus horarios laborais se desprazaron ata institutos, asociacións de veciños, asociacións culturais ou bares, para dar charlas sobre diferentes cuestións. Segundo as entrevistadas un dos temas que causaban maior interese entre as mulleres era a sexualidade.¹⁷²

Nos institutos, o tema da sexualidade era traballado co alumnado co fin de que descubiran o propio corpo e o do sexo contrario, desterrar mitos sexuais do imaxinario colectivo, explicar os pros e contras de cada método anticonceptivo, amosar outras formas de expresión sexual distintas do coito vaginal e reflexionar sobre as posicións que teñen como único fin a “autorrealización” dun mesmo

169 *Ibid.*

170 Mariám MARIÑO COSTALES: “Movemento feminista e educación en Galiza...”, p. 50.

171 Entrevista a Encarna Otero en Santiago de Compostela a 9 de abril de 2021.

172 Entrevista realizada a Sabela Lahuerta Mouriño en Vigo a 4 de xuño de 2021.

sen preocuparse pola outra persoa. Así, algunhas feministas da AGM e da ADMG fixeron unha importante labor de alfabetización sobre cuestións das cales non había apenas información nun momento en que a liberación sexual comezaba a tomar sesgos patriarcais que estaban lonxe da “transformación revolucionaria da sociedade” que querían levar a cabo estas activistas.¹⁷³ Este importante traballo foi levado a cabo sen axuda da administración, e moitas veces con compañeiros de profesión en contra.¹⁷⁴

4.1. A disolución e creación de novas organizacións e estruturas feministas en Galicia

En xuño de 1979, celebrouse en Santiago de Compostela o I Congreso Nacional da ADMG. Segundo os estatutos da asociación, este órgano servía para definir a liña política-ideolóxica feminista e os obxectivos estratéxicos a medio prazo da organización¹⁷⁵. No citado Congreso reuníronse os grupos de Santiago, Vigo, Lugo e A Coruña, que presentaron relatorios en torno a diversos temas. Sen embargo, o debate acabou centrándose na división de opinións en torno á decisión de se a asociación debía posicionarse a favor ou en contra do capitalismo. O grupo de Santiago era partidario de que a ADMG fora crítica co sistema capitalista, mentres que as delegadas do resto de grupos posicionábanse en contra alegando que esa decisión non sería favorable para unha organización feminista que se definía como interclasista. Ante a disparidade de puntos de vista, optouse por realizar unha votación sen ter en conta a voz discordante dunha das representantes do grupo vigués, quen consideraba innecesario o escrutinio, posto que o importante da reunión era debater e profundizar sobre os aspectos nos que todas estaban de acordo, e neste caso, segundo a súa opinión as posturas eran moi semellantes.¹⁷⁶

As propostas do grupo de Santiago foron as máis votadas con 25 votos a favor, fronte a 21 en contra e 3 abstencións. A pesar disto, as militantes santiguesas decidiron abandonar o congreso debido á escasa diferenza entre o número de votos en contra e a favor. Segundo as explicacións das feministas da oposición, a liña aprobada no congreso sería considerada e aceptada pola asociación, a pesar da saída do grupo defensor desta postura. Sen embargo, acordábase abrir un debate sobre o

173 AGMSC, “Sexualidade” (Portosíño, 20 de xullo de 1980), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 045.

174 Entrevista a Encarna Otero en Santiago de Compostela a 9 de abril de 2021.

175 ADMG: “Proxectos de bases estatutos”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

176 “La división en la ADMG, tras el “I Congreso Nacional” celebrado en Santiago, explicada por feministas coruñesas”, *La Voz de Galicia*, 20 de xuño de 1979.

tema ao que foron invitados socios, socias e simpatizantes co fin de profundizar e unificar a organización.¹⁷⁷ Deste xeito, o grupo de Santiago, que xa sufrira unha escisión anteriormente, desaparecía. Algunhas das súas integrantes xunto a outras procedentes doutra escisión da AGM, formaron o Grupo Feminista de Santiago, que se dissolveu no ano 1981.¹⁷⁸

Froito dos contactos establecidos anteriormente entre as mulleres viguesas vinculadas á ADMG, ao MDMG, á AGM e á FIGA, naceu a Coordinadora Feminista de Vigo no mes do agosto de 1979.¹⁷⁹ Ao mesmo tempo, estíbese fraguando en Galicia unha coordinadora feminista nacional na que caberían todas as agrupacións que traballaran en torno á muller no país. As súas impulsoras comentaban que: “nos hemos dado cuenta (...) de que el feminismo tiene que convertirse en un movimiento más amplio, que debemos agruparnos de forma que todas las tendencias tengan cabida”. Con este ánimo de unidade iniciaron a súa primeira campaña, que consistiu en concienciar á sociedade da necesidade dunha lei de divorcio xusta “en el que la mujer no lleve la peor parte.”¹⁸⁰ Así, en outubro de 1979 a Coordinadora Nacional de Galicia sumábase á campaña estatal en defensa do divorcio, que días antes iniciaran as organizacións feministas galegas integradas na Coordinadora Feminista Estatal.¹⁸¹

Por outra banda, a comezos dos oitenta desaparecía o Partido dos Traballadores. En consecuencia, a ADMG como creación nada baixo o seu paraugas viuse abocada ao mesmo destino. Sen embargo, o grupo da ADMG ubicado Vigo aguantou con vida ata comezos do ano 1981, cando decidiu autodisolverse para integrarse na Coordinadora Feminista de Vigo. Unha das entrevistadas comenta:

A nós, nos parecía que eramos demasiadas [organizacións] e demasiados partidos detrás (...). Nos parecía que a asociación feminista era a AGM e que non podíamos andar con 50.000 chiringuitos, (...) polo cual decidimos todas a AGM. Naquel momento (...) si eras de MC xa se suponían o que ibas a defender, si eras do PT xa sabían que, viñas co cuño do partido e realmente dentro do partido estábamos con bronca seguida cos compañeiros. Entonces non nos sentíamos representadas polo noso partido, senón que estábamos en loita con eles e resulta que a mulleres de fóra nos marcaban. Entonces as broncas de partidos se traducían muito nas discusiones entre grupos de mulleres.¹⁸²

Tras esta disolución era probable que outras organizacións feministas seguiran os mesmos pasos da

177“La división en la ADMG, tras...”, *La Voz de Galicia*, 20 de xuño de 1979.

178 Unión Libre Galicia: “El Panorama político gallego”, *Askatasuna*, 11 (1980), p. 20.

179 Benxamín ROCHA COLADAS (coord.): *Homenaxe no 25 aniversario...*, p. 219.

180 M^a del Carmen PARADA: “Contra la sociedad machista”, *La Voz de Galicia*, 13 de outubro, 1979.

181 “Campaña feminista de AGM”, *La Voz de Galicia*, 6 de outubro de 1979.

182 Entrevista a Sabela Lahuerta Mouriño en Vigo a 4 de xuño de 2021.

ADMG, xa que a Coordinadora permitía que cada integrante fora independente. Non tendo que cumprir con ningunha disciplina propia dos partidos políticos.¹⁸³ Un dos posibles grupos candidatos a disolverse podía ser o MDMG, quen xa non actuaba públicamente aínda que o grupo vigués continuaba realizando actividades internas.

A Coordinadora Feminista de Vigo foi unha creación que fomentou o carácter lúdico e artístico do movemento feminista. Esta iniciativa cristalizou na celebración do Festival Feminista de Castrelos en xuño de 1980, onde tamén se lle deu visibilidade aos colectivos de lesbianas e homosexuais.¹⁸⁴ Aproveitando o evento, a incipiente Coordinadora para a Organización do Movemento Gay en Galicia, que tamén aglutinaba a mulleres lesbianas, imprimiu panfletos informativos que foron difundidos neste encontro festivo. Un ano máis tarde, no mes de novembro de 1981, as lesbianas da AGM creaban unha comisión propia dentro da organización para visibilizar a súa realidade e compartir experiencias con fin de “axudarnos ás lesbianas a “vivir ben” a nosa opción sexual”, porque eran “conscentes dos nosos medos, as nosas clandestinidades, as interiorizacións máis ou menos sutís de “anormalidade”, de “rarezas”...”.¹⁸⁵

Por outra banda, neste mesmo ano nacía un novo colectivo a redor do ambiente universitario de Santiago de Compostela e as mobilizacións sociais: o Colectivo Feminista Independente Galego (CFIG). Un grupo formado por universitarias ou recién licenciadas, que viñan de rachar coa militancia en partidos políticos ou na Coordinadora de Colectivos Gais de Galicia. Ademais, tamén había algunha muller que xa participara noutras organizacións feministas en Lugo. Vinculadas ao feminismo da diferenza eran un colectivo sen estruturas nin xerarquías que funcionaba de forma assemblearia. Formárase seguindo a liña dos grupos de autoconciencia americanos dos anos setenta, co obxectivo de cuestionarse todo. A realidade, as crenzas, os mitos, etc. Aspiraban á unidade de todas as feministas do mundo, a pesar das incompatibilidades que tiñan coas feministas dos grupos de dobre militantes. De feito, participaron en numerosas accións xunto ao grupo da AGM de Santiago ata que desapareceron no ano 1984, tras crear a primeira revista feminista de Galicia.¹⁸⁶

A ruptura das Xornadas de Granada permitiulle ao *feminismo da diferenza* gañar en presenza e

183 “Aparecen feministas forasteras que están a favor de la indisolubilidad del matrimonio”, *La Voz de Galicia*, 14 de febreiro de 1981.

184 “Mañana fiesta feminista en el parque de Cástrelos de Vigo”, *La Voz de Galicia*, 28 de xuño de 1980.

185 MC: “Asamblea Nacional de Mulleres do MCG” (decembro de 1985), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG., leg. 010.

186 Sabela MOURIZ BARJA: “Por un feminismo máis alá da igualdade de dereitos”, 2016. Recuperado de internet ([http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=1070&autor=%20Colectivo%20Feminista%20Independente%20Galego%20\(CFIG\)](http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=1070&autor=%20Colectivo%20Feminista%20Independente%20Galego%20(CFIG))).

coordinación, tanto a nivel estatal como galego, xa que a partir deste momento comezan a organizar xuntanzas propias. De feito, o segundo evento celebrado a nivel estatal tivo lugar no colexio do Chouzo en Vigo entre o 18 e 21 de xuño de 1981.¹⁸⁷ Estas II Xornadas do Feminismo Independente, organizadas polas feministas da FIGA e outras mulleres independentes, acolleron a 300 mulleres procedentes de diferentes lugares do Estado español.¹⁸⁸ Este sector do feminismo moi crítico coas rixideces das xornadas dirixidas por dobre militantes, realizaban encontros nos que non había moderadoras nin programas co fin de que as intervencións foran máis flexibles e menos dogmáticas. Ademais, non pretendían chegar a conclusións pechadas, senón a aproximacións que permitiran intervencións máis fluídas, numerosas e descentralizadas.¹⁸⁹

Os temas a tratar no encontro foron a parella, os mitos sexuais, a bruxería en Galicia, o nacionalismo, o poder e o dominio entre os sexos. En canto ao nacionalismo, María Xosé Queizán aproveitou o encontro para expoñer algunhas das teorías do seu libro “A Muller en Galicia”, publicado no ano 1977. Nel defendía que as mulleres que pertencían a nacións colonizadas como Galicia, sufrían unha dobre opresión motivada pola cultura foránea e a cultura masculina. A escritora comparaba a situación das culturas e linguas minoritarias, cuxo uso era reducido ao ámbito privado, coa situación das mulleres que foran circunscritas ao ámbito doméstico. Por esta razón, para que as mulleres puideran liberarse e acabar coa súa opresión, consideraba que debían tomar conciencia da explotación que sufría o seu país e a súa persoa. A partir de aí, poderíase iniciar unha transformación que abarcaría todos os aspectos do individuo e da sociedade, incluíndo a independencia persoal e nacional. En consecuencia, o obxectivo non era competir nun sistema que consideraban tradicionalmente masculino, senón que a muller puidera construír un mundo semellante á súa natureza. Pero, a pesar de que a escritora defendía a independencia de Galicia, rexeitaba rotundamente a participación en partidos nacionalistas, debido a que “el machismo impera en ellos y que el futuro que proponen para nuestras naciones no va a cambiar las cosas”.¹⁹⁰

As asistentes chegaron a establecer uns puntos en común, aínda que non todas estaban de acordo con estes. Os puntos sinalados incluían a consideración de que o marxismo non era unha teoría

187 María Xosé QUEIZÁN: *Vivir ao galope...*, p. 584.

188 Carmen PARADA: “Del 18 al 21 de este mes II Jornadas de Feminismo Independiente”, *La Voz de Galicia*, 12 de xuño de 1981.

189 “Asistieron unas 300 mujeres. Se han celebrado las “II Jornadas de Feminismo Independiente”, *La Voz de Galicia*, 23 de xuño de 1981; Trinidad FRAGA: “Encuentros de Vigo, a la búsqueda del feminismo independiente y radical” (1981), en Actas da II Xornadas Feministas Independientes (Galicia, xuño 1981). Recuperado de internet (<http://cdd.emakumeak.org/recursos/2305>), p. 4.

190 María Xosé QUEIZÁN, “Mujer y nación”, en Actas da II Xornadas Feministas Independientes (Galicia, xuño 1981). Fonte: Centro de Documentación Maite Albiz (<http://cdd.emakumeak.org/recursos/2305>), pp. 7-11.

suficiente para conseguir automaticamente a liberación da muller, ademais de que non era o único método para analizar a realidade. Por outra banda, estaban de acordo en que a orixe da opresión da muller atopábase no patriarcado, non aceptaban a subordinación da loita feminista á loita de clases e aspiraban a tomar o poder sobre sí mesmas, deixando de lado o poder político androcéntrico. Por último, estaban a favor da construción dun mundo onde o placer, as relacións afectivas e a comunicación foran elementos imprescindibles, así como a superación da familia monogámica por ser o lugar de orixe da opresión das mulleres. Sen embargo, dentro deste grupo tamén houbo diverxencias. Algunhas das discrepancias tiñan lugar entre aquelas feministas que recoñecían a diferenza da muller respecto ao home e que buscaban unha identidade propia, fronte ás que abogaban por unha igualdade total que daría lugar a unha identidade neutra. Por outro lado, había quen estaba a favor ou en contra da utilización da violencia para provocar cambios na sociedade e da autoconciencia como práctica na que predominan as cuestións persoais fronte ás sociais. Ademais, había quen apostaban por adicar máis tempo a crear espazos nos que se sentiran a gusto co fin de mellorar o seu benestar e evitar estar sempre cabreadas pelexando na rúa. Mentres que outras consideraban que debían reaccionar fronte todas aquelas cuestións que lles parecían inxustas.¹⁹¹

4.2. As campañas do divorcio

Ao finalizar a ditadura, amplos sectores da poboación española e forzas políticas progresistas estaban convencidas da necesidade dunha lei de divorcio.¹⁹² Este tema suscitou intensos debates no seo do movemento feminista. En primeiro lugar, porque houbo que discutir se a reivindicación do divorcio debía ser unha demanda feminista ou non, xa que a obtención deste dereito reforzaba a familia patriarcal. Unha institución coa que o movemento feminista era moi crítico, xa que consideraban que na familia burguesa as mulleres eran o proletariado que traballaba escravizado no fogar. E en segundo lugar, porque o divorcio abría a posibilidade de romper unha relación, pero tamén permitía que as mulleres puideran volver casar e formar unha familia á que continuaría atada. Sen embargo, impúxose a postura que defendía o dereito ao divorcio e a necesidade dunha lei non discriminatoria para a muller. A partir de aquí, comezouse a debater se era necesario presentar causas para divorciarse, se debían estar de acordo ambos membros da parella ou se coa solicitude dun deles xa bastaba. Destas discusións emerxeron dúas posturas. Por unha banda, aquelas persoas

191 Trinidad FRAGA: “Encuentros de Vigo, a la búsqueda del feminismo independiente y radical” (1981), en Actas da II Xornadas Feministas Independientes (Galicia, xuño 1981). Fonte: Centro de Documentación Maite Albiz (<http://cdd.emakumeak.org/recursos/2305>), p. 4.

192 Fundación FOESSA: *Síntesis actualidad del III Informe FOESSA de 1978*, Madrid, Editorial Católica S.A., 1978.

como as mulleres do MDMG que eran partidarias de alegar causas co fin de evitar que se deran excesivas facilidades para exercer o dereito divorcio. A elección desta postura débíase a que pensaban que os homes estarían encantados de poder cambiar de parella con facilidade, deixando ás mulleres indefensas debido ás dificultades que tiñan para acceder a un emprego e ser economicamente independentes.¹⁹³

Outras organizacións como a AGM consideraban que a familia tal e como a coñecemos, debía desaparecer. Sen embargo, ante as circunstancias inmediatas, e a pesar de que crían que a súa decisión podía fortalecer a familia burguesa, pedían “o dereito ao divorcio por desexo de calquera dos esposos, sen necesidade de culpables”.¹⁹⁴ A maioría das organizacións feministas defendían o divorcio sen causas, confiando nas capacidades das mulleres para saír adiante. Sen embargo, pedían ó Estado que ofrecera plans de formación para facilitar a incorporación das mulleres separadas ao mercado laboral co fin de poder desenvolver unha vida independente. Neste punto, é cando se empeza a barallar a posibilidade de que as mulleres divorciadas sen emprego reciban unha pensión mentres non atopan traballo. Por un lado, houbo organizacións coma o MDMG que consideraban que o exmarido debía ser quen pagase a pensión, mentres que asociacións como a AGM pensaban que esta debía correr a cargo do Estado, argumentando que as mulleres levaban anos aforrándolle a este o pago de servizos como garderías, comedores, lavanderías, etc.¹⁹⁵

No ano 1979, a AGM sufrira unha escisión e a ADMG vira como a F.O.F. se disolvera, de modo que ambas asociacións estaban dispostas a reforzar a unidade do movemento feminista a nivel galego e estatal.¹⁹⁶ Coa vista posta nas eleccións, no mes de febreiro os grupos vigueses da AGM, o MDMG e a ADMG uníronse para presentar unha táboa reivindicativa na que defendían o divorcio entre outras demandas.¹⁹⁷ Este achegamento deu lugar posteriormente ao nacemento da Coordinadora Feminista de Vigo, quen en agosto de 1979 comezou unha campaña en favor do divorcio que levou adiante unha moción ao Concello de Vigo, co fin de presionar ás autoridades para que a corporación tomara postura fronte a este asunto.¹⁹⁸

193 Paloma URÍA RÍOS, *El feminismo que no llegó al poder...*, pp. 68-69. MDM: “Programa do Movemento Democrático de Mulleres de Galicia (1976)”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

194 Programa da Asociación Galega da Muller (1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

195 Paloma URÍA RÍOS, *El feminismo que no llegó al poder...*, pp. 69-70; Programa da Asociación Galega da Muller (1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

196 “Programa de traballo”, *La Voz de Galicia*, 29 de xuño de 1978.

197 “Las feministas entregarán mañana una tabla reivindicativa a los partidos políticos”, *La Voz de Galicia*, 14 de febreiro de 1979.

198 *La Voz de Galicia*, 19 de agosto de 1979.

Neste ano, a ADMG intégrase na Coordinadora de Organizaciones Feministas do Estado Español, da que xa formaba parte a AGM.¹⁹⁹ No mes de outubro a AGM, a ADMG, o Grupo Feminista de Santiago e o Colectivo Feminista de Vigo, presentaban publicamente o proxecto de lei de divorcio da Coordinadora estatal.²⁰⁰ Este proxecto baseábase “na defensa dos dereitos inalienables dos cidadáns, e (...) na defensa dos dereitos da muller, debido á situación de inferioridade en que a sociedade patriarcal e capitalista a colocou en tódolos terreos”. Nela defendíase a eliminación das causas para acceder a este dereito, bastando que a decisión fora de ambos ou dun dos cónxuxes. Pois pensaban que “a necesidade de esixir causas” se debía á consideración do “matrimonio como un ben que se debe conservar, como un estado natural e bon en sí mesmo”. Sen embargo, as feministas consideraban que “a institución matrimonial na nosa sociedade é coercitiva, especialmente prá muller”. Ademais, entendían que esixir causas como o proxecto da UCD tiña o obxectivo de buscar un culpable “como se rompé-lo matrimonio fora un delito”.²⁰¹

A segunda premisa deste proxecto era “a obrigación do Estado de se facer cargo da situación da muller divorciada, proporcionándolle facilidades de cualificación profesional e dándolle un subsidio de paro en tanto que non lle facilite un traballo digno”. Ademais, esixían a asistencia sanitaria gratuíta para as mulleres e os seus fillos. En consecuencia, só aceptaban que a pensión correra a cargo do exmarido, cando este tivera importantes recursos económicos. Sen embargo, a maior parte das feministas estaban en contra de que os homes pagaran estas pensións porque deste xeito a muller pasaba a depender economicamente da súa exparella. Por outra banda, no caso de que a muller traballara non se lle daría ningún tipo de pensión, nin por parte do home nin do Estado.²⁰²

En canto aos fillos, este proxecto consideraba que “a muller ten dereito a decidir se quere seguir tendo consigo ós fillos e fillas” porque a nai era a que ata o momento se preocupara máis destes. Ademais, co fin de respetar os dereitos dos nenos e mozos, establecían que a partir dos 10 anos estes poderían “decidir por si mesmos con cal dos pais desexan convivir”.²⁰³

Pola contra, o MDMG presentaba un proxecto propio que segundo as súas verbas: “asegura la subsistencia de la mujer divorciada y sus hijos mediante el pago de una pensión por parte del

199“La Asociación Democrática de la Mujer Gallega (ADMG) contraria a la propuesta de UCD sobre el divorcio”, *La Voz de Galicia*, 19 de setembro de 1979.

200“Campaña de las feministas gallegas a favor de un proyecto de divorcio progresista”, *La Voz de Galicia*, 12 de outubro de 1979.

201 COOFFEE: “Proxecto de lei de divorcio da Coordinadora de organizacións feministas do Estado Español”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG. leg. 073.

202 *Ibid.*

203 *Ibid.*

marido, cuya cuantía (que no será nunca inferior al salario mínimo) se fijará en función de la falta de formación y capacitación de la mujer para acceder al puesto de trabajo, su edad, el número de hijos, la duración del matrimonio, etc. En caso de que los ingresos del marido sean insuficientes para hacer frente a la totalidad de la pensión, el proyecto establece que el estado se encargará de completar dicha pensión”. Ademais, o MDMG pedía a creación dun tribunal de familia que se encargaría unicamente destes casos.²⁰⁴

Por outra banda, a FIGA desentendeuse desta loita porque consideraba que “o matrimonio e a base da nosa explotación e, polo tanto, as mulleres debemos manifestarnos en contra del”. Así mesmo, “o divorcio é un reforzamento da institución matrimonial. A lei do divorcio non será unha “concesión” do Estado senón unha necesidade para o seu equilibrio”. Pois argumentaban que “as separacións matrimoniais (...) eran unha realidade cada vez máis numerosa e máis alarmante para o sistema”.²⁰⁵

A partir da confluencia dalgunhas asociacións feministas galegas no proxecto da Coordinadora estatal, estas comezaron a organizar accións conxuntas para presionar ao goberno a aceptar o seu proxecto de lei. En novembro de 1979, a ADMG e a AGM acordaban con outras forzas políticas e sindicais como o PCG, as CCOO, o MCG, o PSOE, o Partido Obreiro Galego (POG) ou a Unión de Juventudes Maoístas (UJM), entre outros, organizar unha campaña conxunta e unha manifestación que logrou reunir a 2.000 persoas na Coruña en contra do proxecto de lei do divorcio de UCD e en favor dun “divorcio progresista”.²⁰⁶

En abril de 1980, o deputado Fernando Sagaseta, pertencente á Unión del Pueblo Canario, presentou o proxecto de lei da Coordinadora Feminista no Congreso.²⁰⁷ En Ourense, co fin de apoiar a presentación, algunhas feministas da AGM e doutras organizacións políticas e sindicais, encadeáronse nos baixos do Obispado da cidade.²⁰⁸ Unha semana máis tarde, corenta feministas da AGM ocupaban o pazo arzobispal de Santiago de Compostela e despregaban unha pancarta na que se podía ler: “No camiño da unión libre, defendamos hoxe unha lei do divorcio”. O obxectivo destas accións era exercer presión ante a entrada en comisión do proxecto da Coordinadora. Pero ademais,

204 “Hoy será presentado en el Congreso el proyecto de divorcio que apoyan la mayoría de las organizaciones feministas gallegas”, *La Voz de Galicia*, 25 de marzo de 1980.

205 “Las asociaciones feministas gallegas no han conseguido ponerse de acuerdo en un proyecto unitario”, *La Voz de Galicia*, 25 de marzo de 1980.

206 “Manifestación a favor del divorcio”, *La Voz de Galicia*, 9 de novembro de 1979; “Unas 2.000 personas se manifestaron por un divorcio progresista y contra el proyecto de UCD”, *La Voz de Galicia*, 23 de novembro de 1979.

207 Soraya GAHETE MUÑOZ: “Las luchas feministas. Las principales campañas del movimiento...”, p. 598.

208 “Un grupo de feministas se encerró varias horas en el obispado”, *La Voz de Galicia*, 14 de marzo de 1980.

os peches tiñan un gran valor simbólico por ser a Igrexa unha das institucións contrarias ao divorcio.²⁰⁹ A defensa de Sagaseta provocou a indignación das filas da UCD e dos partidos da dereitas, mentres os socialistas e os comunistas apoiaron a proposición de lei, aínda que non estaban de acordo con algúns puntos que tiñan que ver coa necesidade de consenso entre os cónxuxes.²¹⁰ Pese a todo, o proxecto das feministas foi rexeitado por 131 votos en contra, 110 a favor e unha abstención.²¹¹

No ano 1981 continuaron as manifestacións en favor do divorcio, pero o proxecto de lei non foi aprobado no Congreso ata o 22 de xuño cos votos a favor do PSOE, do PCE, da Minoría Catalana, de Esquerra Republicana de Catalunya (ERC), do Partido Nacionalista Vasco (PNV) e dos socialdemócratas da UCD, un grupo de corenta deputados centristas, que constituiron a “plataforma moderada”.²¹² A nova Lei de xuño de 1981, aceptaba o divorcio por mutuo acordo tras un ano de unión matrimonial e determinaba o procedemento a seguir nas causas de nulidade, separación, reconciliación e divorcio. Sen embargo, as feministas estaban disconformes cos prazos, a necesidade de alegar causas cando non existise acordo entre os cónxuxes e que os xuíces foran os encargados de determinar con quen vivirían os fillos, o réxime de visitas, as pensións e o reparto dos bens gananciais.²¹³

4.3. As campañas do aborto

Na década dos setenta o aborto non era unha realidade nova para a sociedade española. Durante o período que nos atinxe neste traballo, as detencións e xuízos a mulleres por abortar ou por axudar a realizar abortos estaban presentes a diario nos medios de comunicación. As organizacións feministas calculaban que se producían uns 300.000 abortos clandestinos ao ano no Estado español. Estas interrupcións do embarazo producíanse en condicións perigosas para a vida e a saúde das mulleres, que en moitas ocasións tiñan consecuencias fatais. As leis herdadas do réxime franquista obrigaban ao Estado a castigar cando era necesario, pero miraba cara outro lado cando as feministas pedían que se abrise un proceso de regulación do aborto como estaba acontecendo noutros países occidentais con movementos feministas potentes que levaban tempo presionando aos seus

209 “Cuarenta feministas ocuparon el palacio episcopal de Santiago”, *La Voz de Galicia*, 25 de marzo de 1980.

210 Camilo VALDECANTOS: “Rechazada la proposición de ley del divorcio de la Coordinadora Feminista”, *El País*, 11 de abril de 1980.

211 Soraya GAHETE MUÑOZ: “Las luchas feministas. Las principales campañas del movimiento...”, p. 598.

212 Javier TUSELL: *Historia de España en el siglo XX: La Transición a la democracia y el gobierno socialista*. Tomo 4, Madrid, Taurus, 2007, p. 253.

213 Soraya GAHETE MUÑOZ: “Las luchas feministas. Las principales campañas del movimiento...”, p. 598.

governos.²¹⁴

Un dos casos máis coñecidos no Estado español foi o de once mulleres da localidade vizcaína de Basauri detidas en outubro de 1976 por interromper os seus embarazos. As acusadas eran na súa maioría mulleres con situacións económicas difíciles e con varios fillos ao seu cargo. Algunhas delas acudiran ao médico para solicitar que se lles administraran métodos anticonceptivos, pero fóranlles denegados, de modo que a pesar das fatais consecuencias que podía provocar un aborto clandestino, esta era a única opción que lles quedaba. As dúas implicadas restantes, nai e filla, eran acusadas de practicar as interrupcións. A nai, que levaba practicando abortos dende o ano 1970 foi condenada a sesenta anos de cárcere, e á filla, acusada de abortar e de ter colaborado coa súa nai, pedíanlle corenta e un anos de prisión.²¹⁵ Este caso provocou un gran impacto na sociedade grazas á campaña sostida polas mulleres da Asamblea de Vizcaya no ano 1979, e ao apoio do resto de organizacións feministas do Estado que empuxaron ás organizacións políticas de esquerdas a posicionarse con respecto ao aborto. Algúns partidos políticos como a LCR ou o MC xa se situaran a favor da legalización do aborto con anterioridade. Sen embargo, outros grupos coma o PSOE ou o PCE, decidiron dar o paso a raíz deste caso e manifestar estaban a favor da regulación do aborto.²¹⁶

En Galicia, tamén se produciron reaccións entre as forzas políticas e as asociacións feministas. Ante a noticia, o secretariado de CCOO, o Comité Central do PCG, o POG e o Grupo Ecoloxista Autónomo pronunciáronse a favor da amnistía para as once acusadas.²¹⁷ Na Coruña, o caso chegou ata o concello, onde a concelleira Pura Barrio (UG) pediu en nome do PSG e do PCG, que o alcalde solicitara á corporación que se pronunciase a favor da amnistía para as mulleres de Bilbao e da despenalización do aborto. A esta demanda uniuse tamén o Bloque e o PSOE, que estaban de acordo coa petición, mentres que os homes da UCD decidiron abandonar o pleno.²¹⁸

En canto ás organizacións feministas galegas, en Santiago unhas cen mulleres decidiron pechase no Pazo de Raxoi en solidariedade coas acusadas e co resto de mulleres que foran procesadas polas mesmas razóns.²¹⁹ Durante o peche as mulleres reunidas falaron do aborto e das actividades a

214 *Ibid.*

215 Javier ANGULO: “El próximo día 16 serán juzgadas en Bilbao onde mujeres acusadas de prácticas abortivas”, *El País*, 5 de xuño de 1981.

216 Joaquina PRADES: “Suspendido el juicio contra las mujeres acusadas de aborto”, *El País*, 27 de outubro de 1979.

217 “Santiago: la Policía desalojó de su encierro a las mujeres solidarias con las abortistas de Bilbao”, *La Voz de Galicia*, 26 de outubro de 1979.

218 “Polémicos debates, mal recuento de votos y abandono del salón por el grupo ucedista”, *La Voz de Galicia*, 27 de outubro de 1979.

219 “Santiago: un centenar de mujeres se encerraron ayer en el Ayuntamiento”, *La Voz de Galicia*, 25 de outubro de 1979.

realizar para conseguir a súa legalización, dando lugar finalmente a un comunicado conxunto no que declaraban que “o dereito de abortar é un dereito que (...) debe estar recoñecido legalmente, para que toda muller que desexe voluntariamente interrompir o seu embarazo non desexado o poda facer sin presións de ningún tipo, gratuitamente e en condicións médicas i sanitarias axeitadas”. As feministas analizaban o sucedido en termos de clase, xa que estaban convencidas de que “nunca se verán nesta situación aquelas mulleres da burguesía, que dispoñen de cartos para irse a Londres a abortar en perfectas condicións”. Tras a elaboración deste documento, a policía nacional desaloxounas do edificio baixo a ameaza de cargar senón cumprían coas ordes.²²⁰

Días máis tarde, a AGM e o Grupo Feminista de Santiago convocaron unha concentración no Toural.²²¹ En Ourense, un centenar de persoas concentráronse no Pazo da Xustiza coa intención de entregarlle un escrito en defensa das acusadas ao xuíz de garda, pero a policía evitouno disolvendo a concentración. Por outra banda, as organizacións políticas alí reunidas redactaron un comunicado dirixido á sociedade, no que se afirmaba que “es urgente la asunción por el Gobierno de su responsabilidad en materia de información sexual y planificación, así como que la nueva situación política y social no debe permitir un juicio en base a un Código Penal elaborado durante una situación de régimen dictatorial”. Por todo isto, esixían a amnistía para as procesadas e unha lei do aborto. Entre os firmantes estaban o Partido Comunista, a AGM, os partidos da nova esquerda, CCOO e a UXT.²²²

Este caso protagonizado por mulleres de orixe humilde causou gran repulsa entre algúns sectores da sociedade que se percataron da inxustiza e hipocresía das leis españolas, que por un lado permitía que as mulleres con economías desafogadas viaxaran a Londres a abortar, mentres que as persoas con menos recursos tiñan que enfrontarse á xustiza polos mesmos feitos.²²³ A autoinculpación de miles de persoas entre as que figuraban caras coñecidas como actrices, cantantes, escritores, políticos, periodistas ou médicos, que aseguraban ter abortado ou colaborado nun aborto clandestino, axudou ao que o caso gañara máis atención. Segundo as feministas galegas, a través

220 AGMSC: Comunicado das mulleres reunidas no local do Pazo de Raxoi (Santiago de Compostela, outubro de 1979), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, carpeta 9FS, leg. 001.

221 “Convocatoria pola amnistía das 11 de Bilbao e o dereito ao aborto da Asociación Galega da Muller e do Grupo Feminista de Santiago”, (Santiago de Compostela, 19 de outubro de 1979), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

222 “Bilbao: aplazado el juicio contra once mujeres acusadas de prácticas abortivas”, *La Voz de Galicia*, 27 de outubro de 1979.

223 AGMSC: “Dossier aborto: Sexualidade non é maternidade. Anticonceptivos libres e gratuítos. Primavera 1980” (Santiago de Compostela, 1980), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG., leg. 065.

destas accións foise creando un estado de mobilización e de opinión pública maioritariamente favorable á despenalización do aborto, e en menor medida á súa legalización.²²⁴

O caso das once de Basauri provocou unha intensificación da campaña do aborto, pero esta reivindicación non se producía de forma illada, senón que estaba inscrita na loita pola recuperación, revalorización e descubrimento do propio corpo e do placer das mulleres. As activistas concebían os embarazos non desexados como o resultado dunha sexualidade enfocada na reprodución e no pracer do home, que ignoraba a satisfacción da muller e a existencia doutras formas de expresión sexual que ían máis alá da penetración. Segundo as feministas, estas prácticas sexuais que estaban en desuso eran máis favorables porque non obrigaban ás mulleres a “ter que depender dos anticonceptivos ou arriscarnos a abortar. Por iste motivo, é necesario compretar iste dereito coa búsqueda dunha linguaxe sexual nova, sen normas nen tabús”.²²⁵

A diferenza da corrente maioritaria do movemento feminista decimonónico, para esta nova xeira do feminismo contemporáneo,²²⁶ e concretamente para as feministas radicais, era fundamental reivindicar unha sexualidade propia que entendían que durante séculos fora negada ás mulleres, xa que tradicionalmente as prácticas sexuais xiraran en torno ao home e a súa satisfacción, convertindo á muller nun ser pasivo e sumiso. “En consecuencia -pensaban as mulleres da AGM- a úneca manifestacións sexual permitida á muller é a que ten por obxecto a reprodución, identificando sexualidade e reprodución”.²²⁷ Por esta razón, as organizacións feministas, incidían na necesidade de explorar o propio corpo e separar a maternidade da sexualidade, xa que para elas era moi importante que a sociedade entendera que “a reprodución é soio un aspecto da sexualidade” e “esta ten que ir encamiñada en primeiro termo á búsqueda do placer que contribuíra ao equilibrio físico e psicolóxico dos individuos”.²²⁸

Sen embargo, para que todas as mulleres puideran ser donas dos seus propios corpos e disfrutaran da súa sexualidade, a maior parte do movemento feminista cría que precisaban da legalización dos anticonceptivos e do dereito ao aborto, así como ter acceso a información sexual científica dende a infancia. Estes servizos debían correr a cargo da Seguridade Social para que todas as mulleres,

224 AGMSC: “Dossier aborto: Sexualidade non é maternidade. Anticonceptivos libres...”, leg. 065.

225 CFG: “Anticonceptivos para non abortar, aborto libre para non morrer. Caderno informativo da Coordinadora Feministas Galega” (1979), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

226 Paloma URÍA RÍOS: *El feminismo que no llegó al poder...*, p. 91.

227 AGM: “Programa da Asociación Galega da Muller” (1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

228 *Ibid.*

independentemente da súa situación económica, puideran acceder a eles en caso de necesidade. A primeira reivindicación conseguírase en outubro de 1978 coa despenalización da venta e divulgación de anticonceptivos, pero a segunda demanda fíxose agardar. Pese a todo, durante os seus anos de actividade, as feministas trataron de explicar a súa percepción do aborto, xa que consideraban que algúns sectores da sociedade malinterpretaban os seus posicionamentos. Estas mulleres non concebían o aborto coma un método anticonceptivo máis, senón como un recurso ao que a muller podería recorrer en caso de que os métodos de contracepción non evitaran o embarazo.²²⁹

No ano 1979, o movemento feminista comezou a traballar na campaña do aborto de forma coordinada a nivel estatal e mundial. Dende o mes de xaneiro, as organizacións integradas dentro da Coordinadora Estatal de Organizacións Feministas do Estado Español viñan traballando para facer coincidir as súas actividades coa Xornada Internacional polo Dereito ao Aborto celebrada o 31 de marzo.²³⁰ En Galicia, durante a última semana do mes citado, tiveron lugar diversos actos como mesas redondas e conferencias que ían da man do slogan: “Dereito ó aborto. Non queremos abortar”.²³¹ Estes encontros tiñan o obxectivo explicar que esixir o dereito ao aborto, non quería dicir que desexaran abortar, senón consideraban que era un dereito democrático que as mulleres debían ter como persoas libres con capacidade de decisión sobre as súas vidas.

Tras a campaña en favor do aborto e o aprazamento do xuízo das once de Bilbao, a Igrexa e partidos políticos como Alianza Popular ou Fuerza Nueva prepararon unha contracampaña “en favor da vida” á que se sumaron colexios de médicos, xinecólogos e algunhas asociacións de pais e nais. Mentres tanto, as feministas continuaban dando enderezos de lugares nos que se practicaban abortos clandestinos. En xaneiro de 1980 naceu en Sevilla, o Centro de Planificación los Naranjos, unha clínica na que se daba información sobre a utilización dos métodos anticonceptivos e se practicaban abortos ilegais. Os impulsores desta clínica pensaban que para conseguir o dereito ao aborto era “necesario empregar diversos métodos de loita, dende mobilizacións hasta a súa realización práctica” desafiando a legalidade vixente como antes fixeran as feministas italianas e francesas.²³² A labor desta clínica na que se practicaban abortos por aspiración finalizou en outubro de 1980, cando a policía irrumpiu na clínica detendo a 20 persoas acusadas de practicar abortos. A raíz da detención

229 AGMSC: “Dossier aborto: Sexualidade non é maternidade. Anticonceptivos libres...”, leg. 065.

230 COOFFEE (12 de xaneiro de 1979), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, LEG. 007.

231 “Campaña feminista en favor de la legalización del aborto”, *La Voz de Galicia*, 24 de marzo de 1979.

232 CFG, AGMSC “Pra discusións de todas as organizacións feministas de Galicia”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 101.

e peche do Centro, comezaron de novo as intensas mobilizacións a nivel estatal, as recollidas de firmas e as autoinculpacións, sabendo que podían ser incluídas no sumario. En xaneiro de 1981, foron entregadas 26.249 firmas de homes e mulleres que declaraban ter abortado ou colaborado nos abortos producidos nesta clínica.²³³

Meses despois, en xuño de 1981, o personal da clínica de Sevilla estivo en Galicia coa pretensión de contactar coas feministas galegas e explicarlles como desenvolvían as súas prácticas. A cadro de persoal da clínica, non estaba composto por profesionais da saúde, senón por voluntarios que aprenderan a practicar abortos polo método Karman. Contaban con cobertura sanitaria por se xurdía algunha complicación durante a operación, e por cada aborto cobraban oito mil pesetas que eran utilizadas para comprar material, pagar o soldos dos traballadores, financiar o centro de planificación e editar unha revista.²³⁴ As mulleres da clínica explicaron a súa iniciativa na Coordinadora Feminista Nacional de Galicia. A partir deste encontro, as mulleres da AGM propuxeron facer unha reunión con todas as organizacións feministas galegas para valorar se sería viable e se habería persoas dispostas a poñer en marcha unha iniciativa similar en Galicia. Os debates e reunións para tratar este asunto extendéronse tamén por todas as organizacións feministas do Estado.

As mulleres da AGM, tras estudar as experiencias de loita polo aborto das feministas francesas e italianas, chegaron á conclusión de que esta nova forma de exercer presión sobre as institucións tivera “un papel decisivo na loita pola legalización” nestes territorios.²³⁵ Nos primeiros debates sobre a posibilidade de comezar a facer abortos en Galicia, xurdiron dúas percepcións diferenciadas sobre o proceso entre as integrantes da AGM. Por un lado, había quen entendía a práctica de abortos coma unha labor asistencial, e por outro, as que concebían esta práctica como unha forma de loita. O primeiro punto de vista foi desbotado rapidamente, xa que pensaban que este tipo de problemas debían ser resoltos pola sanidade pública e non polo movemento feminista, que nacera para “concienciar, loitar, presionar de xeito organizado para que a sociedade mude”, pero non para ofrecer este tipo de servizos. En conclusión, a iniciativa de practicar abortos foi entendida como un método de loita encamiñado a “forzar a legalidade, de facer admitir unha realidade” como eran os abortos clandestinos.²³⁶

233 Paloma URÍA RÍOS, *El feminismo que no llegó al poder...*, p. 112.

234 CFG, AGMSC “Pra discusións de todas as organizacións...”, leg. 101.

235AGM: “Tema aspiracións. Notas discusión”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

236 *Ibid.*

As feministas galegas sabían que practicar abortos era unha actividade ilegal que podía ter graves consecuencias represivas, de modo que, antes de lanzarse con esta iniciativa precisaban unha decisión firme por parte do conxunto do movemento feminista galego. Este requisito non significaba que todas as organizacións foran practicar interrupcións do embarazo, senón que no caso de que tiveran que enfrontarse á xustiza, o resto de asociación responderían por elas. Ademais, necesitaban contar con apoios entre os partidos políticos, sindicatos e organizacións sociais, así como cobertura sanitaria. Tamén era importante recoller en fichas os datos das mulleres ás que atenderan, sinaturas de persoas que se prestaran a recoñecer que tamén abortaran ou colaboraran coas feministas e cartas de apoio escritas por profesionais sanitarios, avogados ou medios de comunicación. Estas fichas e sinaturas quedarían en mans dunha avogada que tería que seguir unhas instrucións determinadas en caso de que foran castigadas polos tribunais.²³⁷

Despois de comezar a practicar abortos, as feministas terían que presentar os feitos en público para presionar ao goberno. Tras estudar as experiencias doutros movementos feministas, debían elixir entre dúas posibilidades. Por un lado, podían chamar á policía dándolle o enderezo do lugar no que se atopaban practicado os abortos, como fixeran as feministas italianas, ou ben anunciando públicamente o que estaban facendo ante os medios de comunicación como fixeran as feministas francesas.²³⁸ Estes preparativos e debates en torno a posibilidade de practicar abortos tiveron lugar entre os anos 1980 e 1982, cando finalmente deciden pór en marcha o plan acordado nas Xornadas do Aborto da Coruña.²³⁹

Nesta etapa do movemento feminista en Galicia, aparecen novas correntes coma o feminismo da diferenza da FIGA que comezan a participar xunto as súas compañeiras en encotros propios nos que existía unha maior flexibilidade á hora de reunirse, debater e chegar a conclusións. Pola contra, as feministas da AGM, da ADMG e o MDMG trataron de manterse unidas na loita polo divorcio e o aborto. Estas accións desenvolvidas xunto ao resto de organizacións feministas do Estado ás que se uniron outros sectores da poboación, deron lugar a dúas grandes victorias que foron a lei do divorcio e o aprazamento do xuízo das 11 de Basauri. Esta etapa remataba no ano 1981, coas activistas debatindo sobre as accións que debían levar a cabo para conseguir o dereito ao aborto, e polo tanto, segundo o seu parecer a ter dereitos sexuais e reprodutivos.

237 *Ibid.*

238 *Ibid.*

239 Mónica BAR CENDÓN: *Feministas galegas...*, p. 203.

5. Dos enfrontamentos coas autoridades á consolidación do feminismo institucional (1982-1983).

No presente apartado analizaremos como a loita das feministas polo dereito ao aborto volve a intensificarse en todo o Estado a raíz da reapertura do xuízo das 11 de Basauri. Tras a victoria electoral do PSOE, o aborto converteuse nun asunto de Estado. O proxecto de lei socialista que pretendía a despenalización do aborto en tres supostos, non contentará nin aos sectores máis progresistas da sociedade como as feministas nin aos máis conservadores, que decidirán iniciar unha contracampaña “en favor da vida”. Ademais da loita polo aborto, en Galicia a denuncia dun caso de violación cometido por dous policía municipais levou ás feministas a enfrontarse directamente coas forzas do orde e coa corporación municipal do concello de Santiago de Compostela. Como veremos, o tratamento informativo que os medios fixeron do caso reduciuse a narrar o conflito que tivo lugar no Pazo de Raxoi, sen prestar atención ao caso de violación e á impiedade coa que actuaron os violadores.

O ano 1982 comezou coa creación dunha nova organización feminista na Coruña. Tras a disolución do grupo coruñés da AGM, xurdiu a Asamblea de Mulleres da Coruña que se definía coma unha asociación feminista, unitaria e aberta a todas as mulleres. Conformada por dobre militantes de partidos de esquerdas e nacionalistas, tivo entre os seus obxectivos inmediatos presentar unha alternativa de funcionamento para o centro de Planificación Familiar da Coruña dependente da Xunta, e prestar asesoramento a toda muller que precisase axuda en materia de divorcio.²⁴⁰

Como comentábamnos anteriormente, a loita polo dereito ao aborto intensificouse a partir do 8 de marzo de 1982. Nos días previos a Asociación Galega da Muller (AGM) emitiu un comunicado no que ofrecía unha explicación de tipo histórico á conmemoración deste día así como anunciaba as reivindicacións polas que este ano saírían á rúa. Coma os oito de marzo precedentes, as demandas centráronse na defensa dos empregos das mulleres, que eran “as primeiras en ser despedidas” nunha situación de crise económica como a que estaban a vivir, e na necesidade de legalizar o aborto e paralizar os xuízos pendentes por esta causa. Ata o momento, no territorio galego había dous casos á espera de ser xulgados, un na Coruña e outro en Carballiño, pero ademais, estaba programada a reapertura do xuízo das 11 de Basauri para o día 16 de marzo.²⁴¹ Por estes motivos, a AGM convocaba unha manifestación para o domingo 7 de marzo que foi apoiada por partidos

240 “Próxima constitución de la Asamblea de Mulleres da Coruña”, *La Voz de Galicia*, 3 de xaneiro de 1982.

241 AGM: “8 de Marzo, Día Internacional da Muller Traballadora” (Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 1982), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

nacionalistas, de esquerdas e o Sindicato Galego dos Traballadores do Ensino.²⁴²

Por outra banda, neste mes o Colectivo Feminista Independente Galego (CFIG) publicou a primeira revista feminista editada integramente en galego que abrirá o camiño a outras publicacións das que falaremos máis adiante. Deste boletín bautizado como *A Saia*, saíron dous números nos que se falaba do feminismo independente, de temas sociais como a saúde mental das mulleres, o papel das mulleres na literatura ou no nacionalismo, así como se ofrecían recensións de libros e películas e de poemas escritos polas propias feministas.²⁴³ Nas páxinas desta revista abriuse un novo debate en torno o nome co que fora instituída a conmemoración do 8 de marzo. As feministas do CFIG consideraban que esta data debía ser nomeada simplemente como Día da Muller e non como Día Internacional da Muller Traballadora porque consideraban “que toda muller traballa, sexa asalariada ou non”.²⁴⁴ Deste xeito distanciábanse dos actos conxuntos da xornada, e decidían organizar actividades pola súa conta. Por unha banda, convocaron conferencias en Santiago e Lugo a cargo de María Xosé Queizán e Ana Fernández, dúas integrantes do grupo de Feministas Independentes Galegas (FIGA) coas que compartían a adscrición á corrente feminista da diferenza.²⁴⁵ E por outra, organizaron unha exposición de debuxos realizados por nenos e nenas de entre 7 e 10 anos sobre como vían eles ás mulleres. Estas creacións dos escolares nas que se repetía a representación da muller realizando tarefas domésticas ou xunto a outras mulleres en campos de flores e casas, foron expostas na praza do Toural.²⁴⁶ Con esta exposición, as feministas do CFIG pretendían amosar como as definicións de xénero dominantes e patriarcais eran asimiladas desde a infancia co obxectivo de facer reflexionar á cidadanía sobre a educación que estaban a recibir as futuras xeracións.

A partir do 16 de marzo, momento no que se reabre o caso das once de Bilbao, comezan as mostras de solidariedade e a defensa do dereito ao aborto por parte de diferentes organizacións feministas e partidos políticos de esquerdas de todo o Estado. En Galicia, a AGM e o CFIG uníronse para realizar un acto de solidariedade coas acusadas na Facultade de Filoloxía da USC, onde algunhas mulleres compartiron como viviran a súa interrupción voluntaria do embarazo.²⁴⁷ Ao día seguinte, medio centenar de mulleres concentráronse en Praza de Galicia co obxectivo de paralizar o xuízo,

242 “Ayer en O Toural”, *La Voz de Galicia*, 9 de marzo de 1982.

243 CFIG: *A Saia*, 0 (1982). Recuperado de:

http://consellodaculturagalegas.gal/fondos_documentais/hemeroteca/colección.php?id=7050.

244 CFIG: “8 de marzo: Día Internacional da Muller”, *A Saia*, 0 (1982), p. 4.

245 “Conferencia feminista”, *La Voz de Galicia*, 4 de marzo de 1982; “Sobre feminismo”, *La Voz de Galicia*, 5 de marzo de 1982.

246 “Ayer en O Toural”, *La Voz de Galicia*, 9 de marzo de 1982.

247 “Acto de solidaridad con las abortistas de Bilbao”, *La Voz de Galicia*, 16 de marzo de 1982.

coma noutras cidades do Estado.²⁴⁸ Cara as últimas horas da tarde, cerca de cen mulleres pechábanse nun despacho do Pazo de Raxoi, dende o cal despregaron unha faixa na que se podía ler “Non ao xuicio por aborto, as once mulleres de Bilbao. Legalización do aborto”.²⁴⁹ Tras estas mobilizacións que pretendían presionar aos poderes públicos, o tribunal de Bilbao absolvía ás nove acusadas por “estado de necesidade” e pola nova interpretación que se fixo do artigo 15 da Constitución no que se di todos os cidadáns teñen dereito á vida.²⁵⁰ As autoridades xudiciais consideraron que a protección da vida do feto “non é un principio autónomo, senón derivado da protección debida á nai, polo que a prohibición do aborto e a penalización que conleva non tería efecto cando a propia muller non desexe continuar o empreñe, porque éste pon en perigo a súa vida, a súa saúde ou outros bens ou dereitos fundamentais que a Constitución lle reconece”. Esta era unha sentenza que segundo as feministas debía extenderse a outro procesos que seguían abertos.²⁵¹

Segundo as feministas, o aborto aínda era unha realidade que a sociedade debía afrontar no seu conxunto. Por esta razón, as mulleres das organizacións que integraban a Coordinadora Feminista Galega —é dicir, a AGM de Santiago, de Ourense e de Ferrol, a Asemblea de Mulleres de A Coruña e a Coordinadora de Vigo— deciden celebrar un encontro sobre o aborto na Coruña a comezos de xuño de 1982. Esta reunión era organizada coa intención de reflexionar sobre os erros cometidos ata o momento nesta campaña, profundizar sobre o enfoque que debían dar a esta loita polo dereito ao aborto e por outro tipo de sexualidade, así como falar do traballo a realizar no sector sanitario e elaborar unha resposta conxunta aos xuízos pendentes e ás forzas antiabortista que cada vez estaban máis presentes na escea pública.²⁵² Ademais, pretendíase buscar unha coordinación das actividades e fortalecer o movemento feminista organizado en Galicia.²⁵³

A Coordinadora Galega, coñecedora das críticas que as feministas independentes fixeran ás Xornadas de Granada de 1979 e en xeral ao feminismo socialista polas súas rixideces organizativas, provocou certos cambios nas dinámicas do encontro. Por exemplo, o obxectivo desta xuntanza non era elaborar unha conclusións pechadas, senón compartir e discutir diferentes prantexamentos entre

248 “Medio centenar de mujeres cortan el tráfico en Santiago”, *La Voz de Galicia*, 17 de marzo de 1982.

249 “Un centenar de mujeres se encierra en el Palacio de Raxoi”, *La Voz de Galicia*, 18 de marzo de 1982.

250 Patxo UNZUETA, “El tribunal de Bilbao aplica por primera vez la eximente del “estado de necesidad” al delito de aborto”, *La Voz de Galicia*, 26 de marzo de 1982.

251 AGM: “Unha batalla ganada á xustiza machista e reaccionaria: “A sentenza de Bilbao” (Santiago, 28 de abril de 1982), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

252 CFG: Realización duns encontros sobor do aborto (Vigo, 19 de maio de 1982), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

253 CFG: “Políptico dos Primeiros Encontros Feministas Galegos sobre aborto celebrados na Coruña os días 4,5,6 de xuño de 1982”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

todas as asistentes para afrontar esta problemática tendendo á unidade²⁵⁴.

5.1. O movemento feminista organizado en Galicia contra as violacións

Ao voltar dos encontros sobre o Aborto, as mulleres da AGM recibiron información sobre o acontecido no mes de maio no depósito municipal de Santiago de Compostela. Genma Moure, unha rapaza de 20 anos fora violada por Alfonso Seoane Nieto, axente da Brigada Especial Nocturna da policía municipal e sometida a abusos sexuais por Juan Carlos López Rey, axente da policía municipal. Rapidamente, a AGM denuncia publicamente os feitos cun cartel na Praza do Toural de Santiago de Compostela, na que se esixían responsabilidades e a expulsión de ambos policías dos corpos de seguridade. Este cartaz permaneceu moi pouco tempo na rúa, xa que en seguida a policía arrancouno violentamente para despois intentar deter a algunhas das mulleres presentes.²⁵⁵

As forzas políticas do nacionalismo e da esquerda sumáronse á denuncia das feministas. Os nomes dos policías fixéronse públicos e apareceron pintadas contra estes nos que se incluían os seus números de teléfono. Ante estes feitos o alcalde de Santiago, Marcial Castro de UCD decidiu denunciar ás feministas e ao partidos políticos por inxurias contra a o corpo de policía municipal. Así, os representantes de cada organización que suscribieran as follas informativas distribuídas sobre o caso son obrigados a declarar ante os xuíz. Sen embargo, esta medida non freou as accións de protesta das feministas e os seus aliados. A finais de mes convocábase un pleno municipal no que se trataría a moción presentada polo BNPG sobre a violación que tivera lugar nos baixos do Pazo de Raxoi. Con esta moción solicitábase a creación dunha Comisión de Investigación integrada por todos os grupos municipais, a incoación dos expedientes necesarios, a disolución da Brigada Especial Nocturna, que a Policía Municipal non cumprise funcións de orde público e que a corporación municipal entregase os resultados da investigación ao xuízo que estaba en marcha.²⁵⁶

Sen embargo, este asunto deixouse para o final da sesión dando a entender que debían tratar previamente outros temas de maior importancia. Ademais, as manifestantes que se presentaron no pleno coa intención de asistir á sesión foron obrigadas a saír fóra, e agardar ata o final da reunión, cando serían chamadas. Segundo as feministas, esta era outra mostra da falta de sensibilidade da

254 CFG: “I Encontros Feministas Galegas sobre aborto” (xuño de 1982), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

255 AGM: “Informe violación depósito” (1984), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 0004.

256 “La sesión se suspendió durante una hora por la actitud de grupos feministas”, *El Correo Gallego*, 29 de xuño de 1982, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

corporación municipal fronte a un grave suceso. As manifestantes non foron chamadas como se lles prometera, de modo que, decidiron enfrontarse á policía municipal e a algúns concelleiros para estar presentes nas discusións sobre un asunto que crían primordial. Pola contra, o alcalde decidiu suspender a sesión. Os conflitos producidos foron comentados en todos os xornais galegos e foron abertos expedientes gubernativos a algunhas das mulleres alí presentes. Finalmente, a corporación municipal decidía crear unha comisión de investigación nomeada pola mesma co fin de esclarecer os feitos nun curto período de tempo. Sen embargo, as autoridades municipais decidiron non participar activamente na comisión, mentres Genma Moure continuaba sendo presionada incluso polo xuíz para que perdoase os feitos e non lle estropeara a carreira a Alfonso Seoane Nieto.²⁵⁷

A AGM denunciou a actitude antidemocrática e represiva do goberno municipal que utilizaba ás forzas de seguridade para evitar que as manifestantes puideran asistir a un acto público como era o pleno. Tamén denunciaron as provocacións dalgúns concelleiros, a incoherencia dos membros do PCG e de Esquerda Galega que prometeran abandonar o pleno se non se realizaba a portas abertas e as presións ás que estaba sendo sometida a agredida.²⁵⁸ Segundo as feministas, estes feitos evidenciaban que:

uno de los pilares sobre los que está construida esta sociedad es aquel que otorga a los homes el poder sobre las mujeres. Un poder que llega a la posesión del cuerpo de la mujer contra su voluntad. He ahí como en el cine, en la publicidad, en la televisión, en las revistas y en la práctica de todos los días se muestra a las mujeres como cosas que se pueden comprar o vender, tocar, sobar y violar. De ahí que no pueda extrañarnos que también en el Depósito Municipal y bajo responsabilidad del goberno municipal, de quien depende en definitiva esa policía, se cometan delitos de violación.²⁵⁹

Ademais do abuso de poder dos violadores pertencentes ao corpo da policía municipal, este caso evidenciaba dende o punto de vista do movemento feminista como os homes seguían sendo maioría no sistema xudicial, nos corpos de seguridade e nas corporacións municipais, dende onde trataban de encubrirse os uns aos outros. Estas redes eran visibles para as feministas e por iso esixían “todas las responsabilidades en las que por acción, omisión o encubrimiento están implicados Alfonso Seoane, Juan Carlos López, la Brigada Especial, la policía municipal, el goberno municipal, el

257 AGM: “Informe violación depósito” (Santiago de Compostela, 11 de xullo de 1984), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG., leg. 0004.

258 AGMSC_VV: Comunicado vilación no deposito municipal (Santiago de Compostela, 29 de xuño de 1982), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG., leg. 0001.

259 AGM, AN-PG, EG, LCR, MCG, PSG, PST, UPG: “Ningún violador, aunque vista uniforme, debe quedar sin castigo”, *Revista Combate. Órgano de la Liga Comunista Revolucionaria*, 19 de xuño de 1982.

juzgado y la comisaría de policía” así como a disolución da Brigada Nocturna que, segundo o seu parecer só causaba inseguridade.²⁶⁰

A campaña en repulsa dos violadores deste caso e das violacións en xeral foi moi intensa e sostida. As feministas esixiron responsabilidades presentándose no concello con pancartas, editaron follas de denuncia, cartaces, recolleron firmas, difundiron a fotografía e o teléfono dos violadores e incluso aproveitaron outros actos como a manifestación do Día da Patria Galega para berrar contra as violacións. O caso avanzou lentamente nos xulgados, de modo que, aínda quedaban moitos máis pronunciamentos sobre este tema, ata que en xuño de 1984, cando Alfonso Seoane foi condenado a catro anos e dous meses de prisión e Juan Carlos López a un ano por “abusos deshonestos violentos”. Cabe sinalar que esta campaña contra as violacións foi a máis forte ata o momento, a pesar de que dende os seus inicios a AGM denunciou todo tipo de violencia contra a muller, así como intentou concienciar ás mulleres da necesidade de falar deste tema e denunciar para demostrar que estes non eran casos illados, senón fenómenos sociais dos que calquera podía ser vítima. Ademais, ofrecían acompañamento ás agredidas e asesoramento sobre que se debía hacer en caso de ser violadas.

Dende as páxinas da revista *Andaina*, boletín editado pola AGM a partir do ano 1983, as feministas continuaron denunciando as violacións. No primeiro número do boletín era entrevistada Virtudes, unha rapaza de 22 que tivera a valentía de denunciar unha agresión sexual cometida por dous coñecidos seus. Na conversa, Virtudes fala do medo a volver atoparse cos seus agresores, que non foran detidos, dos rumores que tiña que sorportar no seu barrio e da magnitude da denuncia feita pola Coordinadora Feminista sobre o seu caso.²⁶¹ A revista *Andaina* foi un espazo crítico dende o que as feministas expresaron a súa opinión sobre o divorcio, o aborto, o papel tradicional da muller, a actitude da sociedade, etc. Por outro lado, a *Festa da palabra silenciada* editada en Vigo polas feministas independentes da FIGA e publicada por primeira vez en maio de 1983, tiña o obxectivo de promover a o pensamento, a investigación, a creación artística, o debate e a crítica feminista nos ámbitos da teoría, da ciencias sociais, das artes e da política.²⁶²

260 *Ibid.*

261 “Entrevista”, *Andaina. Revista do Movemento Feminista*, 0 (xaneiro de 1983), p.7.

262 *Festa da palabra silenciada*, 0 (maio de 1983).

5.2. A contracampaña dos provida

En outubro de 1982 o Partido Socialista gañaba as eleccións. Un feito que para moitos sinalaba o fin da transición española. Sen embargo, para moitas feministas este proceso aínda estaba comezando. O programa electoral do PSOE contiña importantes reformas no ámbito económico, social e político entre as que se atopaba a proposta de aprobar unha lei do aborto que modificaría a lexislación franquista. A comezos do ano 1983, o Ministro de Sanidade informaba da intención de presentar un proxecto de lei de despenalización que non convenceu nin ás feministas nin aos sectores máis progresistas da sociedade. Sen embargo, anteriormente o PSOE manifestárase publicamente a favor da legalización do aborto gratuíto a cargo da Seguridade Social. Esta recente moderación con respecto ao aborto era consecuencia da estratexia electoral e das diferentes sensibilidades que existían no interior do partido.²⁶³

A comezos de febreiro de 1983 presentouse o proxecto ante o Parlamento. Automaticamente as feministas de todo o Estado saíron á rúa para manifestar o seu desacordo. En Madrid concentráronse unhas 600 persoas, en Barcelona unhas 2.000 e en Galicia a Asamblea de Mulleres da Coruña organizou unha caravana de coches que percorreron as rúas da cidade manifestando a súa postura respecto á despenalización do aborto a través de altofalantes.²⁶⁴ Outras asociacións como a recién nacida Asamblea de Mulleres de Pontevedra²⁶⁵ ou as feministas viguesas amosaron a súa repulsa a través dos xornais porque non puideron chegar a tempo para saír á rúa. Moitas das mulleres integradas na Coordinadora Feminista de Vigo acababan de regresar dun encontro sobre a despenalización do aborto en Bilbao. Nesta xuntanza na que tamén se falou de contracepción e esterilización, reuníranse mulleres de todo o Estado e doutros países do mundo como Holanda, Inglaterra, Irlanda, Suiza, México ou Portugal co obxectivo de coñecer diferentes experiencias en torno a estas cuestións e planificar accións conxuntas de cara o futuro. As feministas de Vigo consideraban que a reunión fora especialmente interesante ao comprobar que en países como Portugal, onde o aborto estaba despenalizado, as mulleres continuaban atopándose con numerosos

263 Belén BARREIRO PÉREZ-PRADO: *Democracia y conflicto moral: la política del aborto en Italia y España*, Tesis doctoral, Universidad Autónoma de Madrid, 1998, pp. 144-145.

264 “A favor do aborto”, *La Voz de Galicia*, 2 de febreiro de 1983.

265 A Asamblea de Mulleres de Pontevedra nacida a comezos de 1983 agrupaba a unhas sesenta mulleres e definiase coma unha plataforma feminista, non sectaria e en principio aberta a todas as correntes ideolóxicas. Mentres non dispuñan dun local para reunirse, ao igual que lle acontecera a AGM de Vigo nos seus inicios, reuníanse no despacho da avogada laboralista Isabel Barbero. Entre os seus obxectivos a medio prazo atopábase a intención de pór en marcha un centro de planificación e unha asesoría xurídica e sexual. Ademais reivindicaban o dereito ao aborto libre e gratuíto, reformas lexislativas para conseguir a igualdade e pór fin á discriminación das traballadoras do ámbito doméstico. “La Asamblea de Mulleres de Pontevedra expuso sus objetivos”, *La Voz de Galicia*, 4 de marzo de 1983.

problemas para exercer o dereito a interrompirla un embarazo.²⁶⁶ Neste contexto, as mulleres da Coordinadora deciden organizar un encontro con todos os partidos políticos de esquerdas, nacionalistas e asociacións de veciños ou de cidadás como o comité anti-OTAN, para debater o tema do aborto de cara a organizar unha campaña conxunta en defensa deste dereito que consideraban imprescindible para a emancipación da muller.²⁶⁷

O Día Internacional da Muller Traballadora de 1983, estivo centrado na defensa do dereito ao aborto libre e gratuíto e na denuncia da situación da muller traballadora, reclamando igualdade co home en todos os ámbitos da vida. A Asamblea de Mulleres da Coruña, a Coordinadora Feminista de Vigo, a Asamblea de Mulleres de Pontevedra e a AGM de Santiago, Ourense e Ferrol convocaron unha manifestación en Santiago de Compostela co apoio de partidos políticos de esquerdas, nacionalistas e sindicatos días antes do 8 de marzo.²⁶⁸ A primeira liña da marcha estaba composta unicamente por integrantes das organizacións feministas, seguidas de universitarias do Grupo de Mulleres de Psicoloxía que ían disfrazadas sufraxistas. Durante o percorrido puideron escoitarse lemas como: “Nosoutras parimos, nosoutras decidimos” ou “Sexualidade non é maternidade”. A manifestación congregou a 3.500 persoas segundo as organizadoras, que aproveitaron o encontro para pedir tamén postos de traballo para as mulleres e denunciar o aumento dos casos de violación en Galicia.²⁶⁹

A partir da presentación do proxecto do PSOE, as reaccións dos colectivos máis conservadores e reaccionarios tampouco se fixeron agardar. A Igrexa manifestouse en contra do aborto, e os seus delegados coma o bispo Temiño Sáiz de Ourense afirmaba que a despenalización era “una ley que declara dignos de muerte a millares de inocentes y declara inocentes a sus causantes”.²⁷⁰ Algúns cidadáns alentados por este tipo de discursos que reafirmaban as súas crenzas decidía organizarse e crear asociacións. Unha destas foi a Asociación contra o aborto da Coruña ou o Comité cidadán pro defensa da vida de Santiago de Compostela, que estaba integrado por asociacións de amas de casa, asociacións de pais e nais ou médicos.²⁷¹ Os membros destas plataformas, apoiados por partidos

266 “En torno al aborto”, *La Voz de Galicia*, 3 de febreiro de 1983; “La Asociación de Mulleres considera corto el proyecto de ley del aborto”, *La Voz de Galicia*, 4 de febreiro de 1983.

267 “La coordinadora feminista convoca a las fuerzas políticas para debatir el tema del aborto”, *La Voz de Galicia*, 8 de febreiro de 1983.

268 “Manifestación”, *La Voz de Galicia*, 5 de marzo de 1983.

269 “Con la manifestación por un aborto libre, varios grupos feministas celebraron el “Día Internacional da Muller Traballadora”, *La Voz de Galicia*, 7 de marzo de 1983.

270 “El aborto declara dignos de muerte a inocentes e inocentes a sus causantes, según monseñor Temiño Orense”, *La Voz de Galicia*, 5 de febreiro de 1983.

271 “Creada en la Coruña una Asociación contra el aborto”, *La Voz de Galicia*, 13 de febreiro de 1983; “Asociaciones de La Coruña contra la despenalización del aborto”, *La Voz de Galicia*, 3 de marzo de 1983; “La Asociación de Amas de Casa se incorporó al Comité Pro Defensa de la Vida”, *La Voz de Galicia*, 20 de marzo de 1983; “La

políticos como Alianza Popular e a Igrexa, comezaron a organizar reunións, enviar comunicados de protesta aos xornais e a participar en charlas e coloquios sobre o aborto nos que se producían fortes enfrontamentos entre antiabortistas, feministas ou persoas que estaban a favor de que as mulleres tiveran dereito a decidir.²⁷² Nestes encontros participaban persoas procedentes de diferentes ámbitos que daban lugar a interesantes debates. Cabe mencionar por exemplo unha mesa redonda sobre o aborto organizada na facultade de Filosofía da USC, na que participaron persoas do mundo do dereito, como a abogada Teruca Conde Pumpido, o profesor de Teoloxía Ricardo Viqueira, unha representante da AGM, a directora do departamento de Ética da facultade e un médico.²⁷³

En Vigo, a comezos do mes de marzo as asociacións “provida” comezaron a enviar dous tipo de circulares en contra do aborto aos colexios. Unhas para maiores de catorce anos e outras para menores, nas que se lles pedía aos escolares que asinasen e que asistisen a unha manifestación en contra do aborto xunto as súas nais.²⁷⁴ Na maioría dos colexios, estes folletos non foron entregados aos alumnos, pero noutros realizáronse sesións dirixidas aos escolares nas que se visualizaron vídeos e diapositivas que explicaban o aborto de unha perspectiva “antiabortista”. Esta situación creou problemas nalgúns centros porque os pais estaban en contra de que os seus fillos visualizasen este tipo de contidos. Pola contra, cara finais de marzo tiña lugar a primeira manifestación contra o aborto en Vigo convocada polo Frente ciudadano pro defensa da vida, que logrou reunir entre dez e quince mil persoas, mentres os convocantes declaraban vintetres mil.²⁷⁵ Posteriormente, os antiabortistas tamén quixeron tomar a capital galega para manifestarse contra o aborto e pedir a paralización do proxecto de lei do PSOE.²⁷⁶

As feministas continuaron realizando conferencias, investigacións e concentracións como a convocada en Vigo a finais de maio de 1983 xunto ás forzas de esquerda e outras asociacións cidadás como a Asociación de Veciños Vigo-Oeste que manifestaba: “la actual situación es totalmente injusta e incluso peligrosa para la mujer, ya que anualmente mueren 3.000 mujeres por abortar en malas condiciones, y muchas más sufren las consecuencias de tener un hijo no deseado”. Ademais, denunciaba “la manipulación de la derecha que con lemas tendenciosos como “sí, a la vida” y “aborto asesinato de bebés” esconde su verdadero fin que es mantener a la mujer en la

manifestación contra el aborto se celebrará el sábado 16”, *La Voz de Galicia*, 9 de abril de 1983.

272 “A favor y en contra del aborto: Las posturas son irreconciliables”, *La Voz de Galicia*, 16 de febreiro de 1983.

273 “El lunes mesa redonda sobre el aborto”, *La Voz de Galicia*, 5 de febreiro de 1983.

274 “Hoy manifestación contra el aborto”, *La Voz de Galicia*, 22 de marzo de 1983.

275 “Quince mil personal se manifestaron contra el aborto”, *La Voz de Galicia*, 23 de marzo de 1983.

276 “El Frente Ciudadano de Defensa de la Vida continuará con la campaña antiabortista”, *La Voz de Galicia*, 24 de marzo de 1983; “Unas dos mil personas se manifestaron en Santiago contra el aborto”, *La Voz de Galicia*, 17 de abril de 1983.

sumisión y en la explotación”.²⁷⁷ A manifestación xuntou a 2.000 persoas segundo as feministas, aínda que outros medios falaban de mil. Durante o percorrido as feministas gritaron lemas como: “Aborto libre na Seguridade Social”, “Sexualidade non é maternidade” ou “Aborto en España, non na Gran Bretaña”.²⁷⁸ Polas mesmas datas, a Coordinadora Feminista de Galicia comunicaba publicamente que entre o mes de marzo e maio, deran direccións a oitenta e tres mulleres do país que viaxaran ata Portugal ou Londres para abortar clandestinamente. Estas declaracións tiñan o obxectivo de amosar a realidade fronte “la demagogia de la derecha que aboga por la vida”.²⁷⁹

Despois de moitas manifestacións, o proxecto de lei de despenalización do PSOE foi aprazado debido ao recurso de inconstitucionalidade proposto por Alianza Popular. As feministas remataban o ano sen conseguir o dereito ao aborto libre e gratuito nin a súa despenalización. Sen embargo, a finais de ano eliminábase do Código Penal o perdón da vítima nos delitos deshonestos, que como vimos podía volverse un método de coerción; e a entrega dunha “dote” á damnificada cando esta era viúva ou solteira, pasaba a ser unha indemnización ao marxe do estado civil da muller.²⁸⁰ Ademais, en 1983 creábase o Instituto da Muller inspiración do grupo Mujer y Socialismo vinculado ao PSOE, do que directora a feminista Carlota Bustelo, quen non estaba de acordo en que fora unha entidade dependente do Ministerio de Cultura. Sen embargo, acabaron aceptando esta dependencia, de forma que se consolidaba o *feminismo institucional* no Estado español.²⁸¹

277 “La AA.VV, Vigo Oeste ha manifestado su solidaridad con la manifestación nconvocada para mañana por la coordinadora feminista”, *La Voz de Galicia*, 26 de maio de 1983.

278 “Unas 2.000 personas participaron en la manifestación en favor del aborto”, *La Voz de Galicia*, 28 de maio de 1983.

279 “Ochenta y tres mujeres abortaron clandestinamente en los últimos meses”, *La Voz de Galicia*, 26 de maio de 1983.

280 María MARTÍNEZ: *Identidades en proceso: Una propuesta a partir del análisis de las movilizaciones feministas contemporáneas*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas, 2019, p. 92.

281 Elena ARNEDO: “Mujer y socialismo...”, pp. 232-233.

6. A violencia contra os feminismos organizados en Galicia

Neste apartado, analizaremos a represión exercida por diferentes suxeitos contra os feminismos organizados en Galicia durante o período de estudo deste traballo. O obxectivo é identificar se un movemento social coma o feminismo, cuxas manifestacións eran pacíficas, experimentou sobre sí a violencia. Para responder estas pescudas comezaremos analizando o concepto de violencia e subcategorías vinculadas a este como son a represión, o control social ou a coerción legal. Posteriormente aportaremos exemplos de situacións vividas polas integrantes das organizacións feministas como son as prohibicións de actos por parte das autoridades, as reaccións dos integrantes de organizacións sociopolíticas tradicionalmente masculinas e as actitudes dos contramovements antiabortistas.

O concepto de violencia é moi complexo, de modo que para definilo tomamos a proposta do filósofo francés Michaud, quen considera que “hai violencia cando nunha situación de interacción, un ou varios actores actúan de forma directa ou indirecta, masiva ou dispersa, dirixindo o seu ataque contra un ou varios interlocutores en grado variable, sexa na súa integridade física, na súa integridade moral, nas súas posesións ou nas súas participacións simbólicas e culturais”. É certo que hai definicións máis recentes, sen embargo decidimos escoller esta porque evidencia a complexidade e heteroxeneidade dos actores que participan no feito violento, e ademais, posteriormente nos permitirá referirnos á maquinaria represiva de tipo estatal-burocrático e a outro tipo de perxuizos causados por entidades sociais que bateron contra o movemento feminista. Por outro lado, esta definición resalta o papel da conciencia e da vontade como factores esenciais para comprender a relación entre os actores, de modo que, será importante identificar tamén a subxectividade que orixina a violencia e que vai máis alá do propio feito violento.²⁸²

Segundo Donatella Della Porta e as teorías de acción colectiva, a represión é un barómetro da estrutura de oportunidades políticas, xa que os actores institucionais son as entidades que desempeñan un papel importante definindo as posibilidades e limitacións para controlar as protestas. Polo tanto, as estratexias de protesta e control interactúan reciprocamente e conlevan innovacións e adaptacións.²⁸³

282 E. GONZÁLEZ CALLEJA: *Asalto al poder: La violencia política organizada y las ciencias sociales*, Madrid, Siglo XXI, 2017, pp. 48-49.

283 E. GONZÁLEZ CALLEJA: *La violencia en la política*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2002, pp. 380-381.

A violencia é patrimonio do Estado e das autoridades nas que delegan o poder, como os gobernadores civís, que nas catro provincias galegas e noutras zonas da península prohibiron arbitrariamente numerosos actos organizados por asociacións feministas como conferencias, coloquios ou manifestacións.²⁸⁴ Sen embargo, os gobernadores tamén denegaron permisos a entidades culturais como a asociación Liboreiro de Bueu, á cal lle prohibiron a celebración dunha mesa redonda sobre a muller na conserva a cargo dun avogado laboralista, sen aparente vinculación co movemento feminista. Por outra banda, tamén foron prohibidos os actos relacionados coa “problemática da muller” que vinculados a entidades relixiosas, como a conferencia da avogada madrileña e militante do PCE Cristina Almeida na Compañía de María en Coruña sobre a integración da muller na sociedade.²⁸⁵ Os motivos destas prohibicións debíanse nalgúns casos á vinculación das relatoras con partidos políticos de esquerdas e noutros, á ameaza que estes actos supoñían para a orde establecida. Consideramos que este tipo de prohibicións foron habituais durante os primeiros anos da Transición nos que se denegaban permisos a aquelas as organizacións non legalizadas ou vinculadas a ideas progresistas que eran consideradas perigosas polo réxime nun momento de alta conflictividade social. Cabe sinalar como exemplo, a prohibición do XIV Coloquio de Parroquias celebrado no Mosteiro de Poio. Este encontro que acostumaba reunir aos membros máis progresistas da Igrexa celebrárase durante anos con normalidade. Sen embargo, en outubro de 1976, a policía impide a súa celebración debido á participación de organizacións sociopolíticas da oposición.²⁸⁶

Ademais das prohibicións mencionadas, as autoridades tamén se encargaron de sancionar ou deter ás integrantes das asociacións feministas por desenvolver actividades subversivas. Por exemplo, a finais do ano 1976, dúas mulleres do MDMG foron sancionadas en Ourense co pago de 50.000 pesetas cada unha por difundir panfletos que anunciaban a celebración dunha conferencia sobre planificación familiar. Noutra ocasión, dúas mulleres do MDMG de Vigo eran detidas e pasaban a noite no calabozo por pegar carteis que chamaban á abstención no referendun de decembro de 1976.²⁸⁷ Este tipo de penalizacións desproporcionadas pretendían servir de exemplo para o resto de mulleres vinculadas a organizacións sociopolíticas opositoras ao réxime. Ademais, cabe sinalar que estes castigos exemplarizantes tamén pretendían sancionar a conduta das persoas que promovían un

284 “Aprazada deica o miércoles a renión da Asociación Galega da Muller”, *La Voz de Galicia*, 29 de outubro de 1976.

“Prohibida la conferencia de la Asociación Galega da Muller de Vigo”, *El Ideal Gallego*, 20 de novembro de 1976, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

285 “Prohibida por segunda vez una mesa redonda sobre “A muller na conserva”, *La Voz de Galicia*, 2 de marzo de 1977; “Prohibida la conferencia de Cristina Almeida”, *La Voz de Galicia*, 27 de febreiro de 1977.

286 V. F. FREIXANES: “Mais atrancos pras libertadas”, *Teima. Revista galega de información xeral*, 0 (1976), p. 14.

287 “Fuertes sanciones económicas por un acto cultural”, *El País*, 19 de outubro de 1976; “Tres mujeres detenidas en Vigo por pegar caterles de abstención en el referendun”, *La Voz de Galicia*, 1 de decembro de 1976.

modelo de muller diferente, que era calificado de “desviado” fronte ao modelo defendido polo réxime. Sen embargo, o obxectivo fundamental era desmobilizar ás implicadas e infundir o medo no resto de compañeiras.

Por outra banda, temos a violencia policial que ten unha función disuasoria-represiva. No caso galego, a través dos xornais non podemos constatar a violencia física, pero si o acoso. O 8 de marzo de 1977, primeiro ano no que se celebrou o Día da Muller Traballadora en Galicia, as feministas foron perseguidas durante toda a xornada. Pola mañá, a policía mandoulles levantar as mesas instaladas en diferentes prazas para difundir propaganda e vender libros e, ao mediodía, a presenza dun gran número de policías evitou que se levara a cabo a concentración e o mitin que organizaran. Finalmente, lograron reunirse na Alameda de Santiago. Sen embargo, o discurso foi interrompido pola policía que as obrigou a disolverse. Así, a policía demostraba o seu poder, deixando que comenzasen as xuntanzas para posteriormente obrigar á súa disolución.²⁸⁸

Os xornais, como axentes que teñen certa potestade á hora difundir ideas, son suxeitos importantes que acostuman situarse de parte do poder. Os medios de comunicación en Galicia non comentaron a existencia de violencia policial contras as feministas no país nin noutros lugares do Estado. Normalmente, transmitían que a policía só se limitaba a ordear que as multitudes se dispersaran. Sen embargo, no caso da manifestación de duascenas mulleres fronte á prisión de Yeserías, sabemos que a policía non só se limitou a cargar, senón que lanzaron botes de fume, provocaron conmocións e detiveron participantes. Sen embargo, xornais progresistas como *El País* ou *La Voz de Galicia* non mencionaron estes sucesos.²⁸⁹

Supostamente, este era un momento no que se abrían oportunidades políticas para o movemento feminista, xa que algúns auguraban a chegada dun réxime de natureza distinta ao existente. Sen embargo, estas dificultades para exercer dereitos fundamentais, como o de manifestarse, evidencia que a actuación policial era desmesurada, xa que denota un intento de control social e coerción. Pola contra, noutras ocasións as autoridades foron tolerantes e permitiron actos feministas e, incluso, intentaron integrar o movemento no sistema ofrecéndolles en 1977 a creación da Subsecretaría da Muller. Neste punto o réxime atopábase nun momento de transición no que non se levara a cabo ningunha depuración. En consecuencia, as forzas armadas mantiveron os mesmos

288 “O Día da Muller en Santiago. La Policía disolvió una concentración de quinientas mujeres”, *El Ideal Gallego*, 9 de marzo de 1977, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

289 “Manifestación de mujeres ante la cárcel de Yeserías”, *La Voz de Galicia*, 18 de xaneiro de 1977; “Manifestación de mujeres en Yeserías”, *La Voz de Galicia*, 1977; “Manifestación ante la cárcel de Yeserías”, *El Diario 16*, 17 de xaneiro de 1977.

métodos represivos tras a morte do ditador; o que provocou, a súa vez, a imposibilidade de exercer dereitos fundamentais propios dos sistemas democráticos.²⁹⁰

Dentro dos axentes sociais, cabe mencionar aos partidos políticos e sindicatos. As feministas foron vistas con desconfianza por militantes de matriz nacionalista, que as calificaban de burguesas españolistas e de destrutoras da unidade nacional.²⁹¹ Así mesmo, algúns militantes de ideoloxía marxista consideraban que dividían á clase obreira e que defender cuestións como a liberdade sexual ou o aborto as convertían nunhas burguesas.²⁹² Moitas veces a actitude cara as propias mulleres das súas organizacións era de indiferenza, xa que as consideraban inferiores. Cabe mencionar unha conferencia a cargo de un grupo de sindicalistas de CCOO na que se abordou o tema da muller no traballo e a súa necesaria promoción nos organismos dirixentes do sindicato. Neste acto, os compañeiros varóns amosaron a súa incompreensión sobre o problema ridiculizando e ríndose das ponentes. Esta era outra forma de represión, posto que a charla tivo lugar nunha xuntanza da Coordinadora de Galicia das CCOO, diante de todos os dirixentes veteranos. Este atrevemento foi acalado, deixando claro quen tiña a potestade e o control da situación.²⁹³

Por último, existen outro tipo de actores sociais como as organizacións provida ou os grupos de extrema dereita que se opuxeron ás reivindicacións feministas. Tras consultar a prensa escrita, podemos afirmar que estes grupos reaccionaron contra o movemento feminista a partir do ano 1979, cando se intensificou a loita polo aborto. En primeiro lugar, as organizacións provida, apoiadas pola Igrexa e a dereita, organizaron grandes manifestacións en contra do aborto nas que os convocantes recomendaban ás nais e pais que levaran aos seus fillos con pancartas que dicían “no nos maten” ou “tenemos derecho a vivir”.²⁹⁴ Desta forma, acusaban implícitamente ás feministas de asasinas; cando non o facían directamente a través de tebeos que eran repartidos ao saír da misa. Nestas lecturas, o protagonista era un feto chamado Juanito que rapidamente se convertía nun bebé

290 Sophie BABY: “Estado y violencia en la transición española. Las violencias policiales” en Sophie BABY, Olivier COMPAGNON y E. GONZÁLEZ CALLEJA: *Violencia y transiciones políticas a finales del siglo XX: Europa del Sur – América Latina*, Madrid, Casa de Velázquez, 2009, pp. 182-183.

291 Cabe mencionar un coloquio feminista celebrado xaneiro de 1977 no que dous mozos que se declaran nacionalistas e marxistas-leninistas, alzan a voz para afirmar que os movementos feministas son burgueses e as mulleres tamén, así como que non abordan os problemas nacionais de Galicia. “Los machistasleninistas”, *La Voz de Galicia*, 9 de febreiro de 1977.

292 Entrevista a Nanina Santos Castroviejo en Santiago de Compostela a 29 de abril de 2021.

293 “A Asociación Galega da Muller (AGM) protesta pola prohibición de actos en Vigo e Ferrol”, *La Voz de Galicia*, 2 de novembro de 1976.

294 “ABORTO. La Coruña, Fuerza Nueva se declara en contra la legalización del aborto”, *La Voz de Galicia*, 31 de outubro de 1979; “ABORTO”, *La Voz de Galicia*, 9 de decembro de 1979; “Contra el aborto”, *La Voz de Galicia*, 16 de xaneiro de 1980; “ABORTO: El peso de la sociedad”, *La Voz de Galicia*, 15 de xaneiro de 1981; “La ciudad apareció ayer materialmente empapelada de carteles en contra de la legalización del aborto”, *La Voz de Galicia*, 22 de marzo de 1983.

asesinado pola súa nai, quen empregaba diferentes utensilios coma un coitelo, unha xeringa con sal ou arrancaba directamente ao bebé da placenta.²⁹⁵

Noutra ocasión, os simpatizantes de partidos de extrema dereita foron os que se enfrontaron ás persoas presentes nunha manifestación organizada por feministas en favor do divorcio. Neste caso, presentáronse cunha cartel no que se podía ler “aborto igual a asesinato” co obxectivo de demonizar aos presentes. Segundo a nova, estes individuos insultaron ás manifestantes e amosaron de forma ameazante cadeas de ferro e armas, chegando a efectuar un disparo. Ademais, lanzaron un cóctel Molotov que feriu a unha muller nas pernas por mor das lapas. Estes feitos violentos tiveron lugar nun momento en que o consenso con respecto a necesidade de incluír o divorcio na lexislación española era notable. Polo tanto, ante a posibilidade da legalización do divorcio, intentaban reprimir este movemento amosando o seu poder para pór fin a estas mobilizacións.²⁹⁶

En conclusión, podemos dicir que a violencia é un concepto complexo con moitas aristas e que, moitas veces, as fronteiras que marcan as definicións nas ciencias sociais non son infranqueables. A prohibición de actos foi cesando cara finais do ano 1978, coa legalización das asociacións feministas, ao igual que a persecución policial. Sen embargo, durante todo o período anterior, a policía tratou de manter estrictamente a orde no espazo público, sobre todo nas manifestacións polo divorcio e o aborto. En canto ás autoridades, a súa actuación foi similar á que tiveron con outro tipo de movementos e organizacións sociopolíticas de esquerdas, amparándose no feito de que eran grupos que non estaban legalizados. De feito, esta dinámica das autoridades xa a puidemos contemplar a comezos dos setenta; cando por exemplo, a María Xosé Queizán, escritora vinculada naquel momento á UPG, lle prohibiron varias conferencias. A maioría das mulleres militantes de organizacións feministas estaban, ou estiveron nalgún momento, vinculadas a partidos políticos opositores ao réxime. En consecuencia, os seus actos e conferencias eran perigosos polas súas ideas progresistas e a súa pretensión de mobilizar ás mulleres co fin de emanciparse e construír unha sociedade máis libre e igualitaria. Pola contra, tanto aos sindicalistas coma aos militantes de partidos políticos de esquerdas ou de matriz nacionalista, costoulles aceptar as novas actitudes e a ideoloxía que incorporaron as súas compañeiras; xa que polo xeral estaban acostumados a velas como militantes de segunda categoría. As súas novas actividades non foron vistas con simpatías por aqueles que identificaban o feminismo cun ideario burgués reformista que podía dividir ao pobo.

295 “¿Quién mató a Juanito?”. Recuperado de internet (http://www.adevida.org/En%20Defensa%20de%20la%20Vida/Quien_mato_a_Juanito.htm).

296 “Jóvenes discrepantes arrojaron cócteles “Molotof” a una manifestación pro divorcio, en Santiago”, *La Voz de Galicia*, 31 de outubro de 1979; “Santiago: tres de los detenidos por lanzamiento de “cócteles” podrían ser militantes de extrema derecha”, *La Voz de Galicia*, 1 de novembro de 1979.

Sen embargo, os partidos de esquerdas, a diferenza dos nacionalistas, apoiaron as reivindicacións das súas compañeiras con maior rapidez, xa fora con fins electorais, por empatía ou porque loitaban por dereitos coma o divorcio que beneficiaba a toda a sociedade. Pouco a pouco, os partidos de esquerdas e os nacionalistas foron entendendo a razón de ser do feminismo e incorporaron algunhas das súas reivindicacións nos seus programas electorais. Para finalizar, cabe sinalar que a partir do ano 1979, comezaron algunhas reaccións violentas por parte de grupos de extrema dereita e antiabortistas. Pero, foi a partir de 1982, co proxecto de lei do PSOE, cando se intensifican aínda máis as accións destes grupos. Por outro lado, é preciso destacar que o movemento feminista propoñía un modelo de muller que transgredía o modelo tradicional defendido polo réxime e aceptado polos sectores máis conservadores da sociedade apegados á relixión. Por tanto, as accións do movemento feminista supuxeron unha ameaza tanto para a orde establecida, como para os seus valores. Por conseguinte, os antiabortistas trataron de mobilizar todos os recursos posibles, chegando a implicar aos menores nos seus actos co fin de facer efectivas as súas contracampañas.

7. Conclusións

Os feminismos levan en movementos máis de tres séculos. A mediados dos anos setenta do século XX, rexurden en Galicia nun momento de cambio de réxime e de transformacións sociais que deron lugar a novas oportunidades políticas para organizarse e actuar no espazo público. Na última década da ditadura franquista, o réxime súbese ao carro do capitalismo e intenta ir adaptándose ás circunstancias do momento. Durante o *desarrollismo*, a influencia dos países europeos e a necesidade dun esforzo conxunto de toda a cidadanía para mellorar a economía estatal, provocou que se comezara a aceptar formalmente a incorporación da muller ao mercado laboral e á educación superior, onde moitas mulleres se atoparon coa discriminación sexual. A elevada conflitividade, as inxustizas, a falta de liberdade e a doutrina do réxime, levou a moitas mulleres a enrolarse nas filas da oposición á ditadura co fin de rebelarse contra toda opresión. Sen embargo, a discriminación latente en todos os ámbitos da vida, xunto a difusión das ideas feministas, provocou que moitas mulleres militantes de partidos se percataran de que era necesario organizarse para falar dos seus propios problemas e intentar resolvelos por sí mesmas. Deste xeito nacía a Asociación Galega da Muller, coma unha organización independente de organizacións sociopolíticas mixtas e integrada por mulleres de partidos políticos de esquerdas e de matriz nacionalista. Xa con anterioridade, outras militantes animadas polos partidos crearon organizacións de mulleres baixo o franquismo co fin de incorporalas á loita antifranquista e falar dos problemas materiais que lles preocupaban. Sen embargo, pouco a pouco foron introducindo nas súas reunións temas como a igualdade, o divorcio, os anticonceptivos ou o aborto, evolucionando así cara a ideoloxía feminista. Estas plataformas permitiron ás mulleres reunirse, debater e cuestionar as determinacións impostas por un sistema patriarcal sobre unha sociedade particularmente influída polo ideario nacional-católico do franquismo.

Algunhas organizacións feministas como o MDMG ou a ADMG foron creadas baixo o paraguas dos partidos políticos. Este feito condicionou a actuación destas organizacións en determinados momentos. Por outro lado, a AGM gozaba dunha maior independencia por nacer da reunión de mulleres vinculadas a diferentes partidos políticos xunto a outras independentes destas estruturas. Pero a vinculación cos partidos políticos que loitaban pola súa primacía no espectro da esquerda, xunto ós cambios que tiveron lugar durante a transición á democracia, influíron nas relacións entre as asociacións feministas e a traxectoria do movemento. Ademais da dependencia, a renuncia á elaboración teórica e a estruturación xerárquica de organizacións como o MDMG e ADMG, foron algunhas das críticas que grupos “independentes” e sen directivas como a AGM lles fixeron a estes

colectivos. Sen embargo, cara finais do ano 1976 foron deixando de lado as diferenzas para realizar campañas conxuntas por reivindicacións compartidas como a eliminación do delito de adulterio, a aprobación do dereito ao divorcio, conseguir a legalización dos anticonceptivos ou do aborto.

As organizacións feministas co fin de preservar a súa independencia, evitaron pronunciarse publicamente en favor de ningún partido concreto. Sen embargo, de cara ás eleccións, cada organización elaboraba o seu propio programa con reivindicacións que eran entregadas aos partidos políticos co fin de que recolleran e defenderan as súas demandas como propias. Pola contra, os partidos políticos non loitaban polas reivindicacións feministas como as activistas esperaban, o que provocou decepcións entre as feministas en máis dunha ocasión. As relacións entre as organizacións sociopolíticas e as asociacións feministas eran complexas, xa que mentres por un lado os militantes varóns impulsaban e apoiaban as organizacións das súas compañeiras en certa medida; por outro, algúns consideraban que eran actores políticos de segunda categoría e que as súas reivindicacións non eran prioritarias naquel momento. De feito, as militantes integradas nas células de mulleres existentes dentro dos partidos políticos tiveron que enfrontarse en máis dunha ocasión aos seus compañeiros varóns. Sen embargo, o aliñamento dalgúns militantes coas decisións dos partidos en determinadas situacións provocou escisións como as que se viviron na ADMG cando a súa directiva defendeu a Constitución de 1978 como o Partido dos Traballadores. Noutros casos, o elevado número de militantes vinculadas a un partido concreto xunto ó protagonismo dalgúns destas mulleres de partido en certos grupúsculos e a diferente evolución ideolóxica das feministas, deu lugar a rupturas como a que tivo lugar na AGM en 1978.

Os feminismos en movemento da terceira onda eran diversos tanto a nivel global coma no caso galego. Na primeira etapa que vai dende o ano 1976 ao 1978 puidemos identificar a presenza de dúas correntes ideolóxicas que son o *feminismo socialista*, cuxo obxectivo era a instauración do socialismo, un proceso que traería consigo a liberación da muller; e a chamadas *terceira vía*, que mesturaba ideas procedentes do marxismo e do feminismo radical, antepoñendo sempre a loita feminista a outros obxectivos. A finais do ano 1978, aparecía en Galicia unha nova corrente, o *feminismo da diferenza* fronte ao *feminismo da igualdade* ou *socialista* que pretendía revalorizar certos atributos vinculados co feminino e evitar semellarse ao modelo masculino. Os diferentes pareceres e a imposibilidade de sacar campañas conxuntas provocou a escisión dun grupo de mulleres da AGM que crearon a FIGA. Sen embargo, a pesar das diferenzas, as feministas galegas intentaron facer un esforzo para traballar xuntas en prol das reivindicacións compartidas. O resultado deste traballo conxunto da ADMG, a AGM e o MDMG e a sensación de que o

movemento feminista se rompía, tanto en Galicia coma noutros lugares do Estado, deu lugar ao nacemento da Coordinadora de Vigo. Neste espazo integráronse as organizacións anteriormente mencionadas e as independentes da FIGA. O seguinte paso a dar foi a organización dunha coordinadora nacional para celebrar as campañas conxuntas que se levaron a cabo a nivel Galicia e a nivel estatal, xa que a partir de 1979 todas as organizacións feministas galegas estaban integradas na Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado español. Esta entidade permitía manter contactos, compartir experiencias e desenvolver campañas conxuntas para exercer unha presión maior fronte aos goberno e a sociedade. A relación coas feministas doutros lugares do Estado, mantíñase a través de correspondencia, de reunións ou da participación en xornadas. Ademais, destas relacións peninsulares, as feministas tamén estableceron redes de contacto con feministas de estranxeiro. Cabe sinalar que as campañas máis exitosas foron aquelas nas que houbo unha coordinación das actividades a nivel estatal.

As feministas en Galicia desafiaron a hexemonía masculina examinando leis, costumes e crenzas, cuestionando o sistema sexo-xénero, elaborando programas de rehabilitación sociopolítica e realizando un importante labor pedagóxico e divulgativo. Pero o patriarcado tamén desenvolveu as súas propias armas contra as feministas, que en moitas ocasións eran malinterpretadas ou difíciles de entender para o groso da sociedade, polo que, as activistas tiveron que facer un dobre esforzo para explicar o que implicaban as súas reivindicacións. Por exemplo, na loita polo aborto foi moi importante deixar claro, que demandaban o dereito a ter a posibilidade de decidir sobre o propio corpo, e non que quixeran empregar este método coma un anticonceptivo máis. Sen embargo, para que a poboación comprendera o seu posicionamento tiveron que realizar numerosas conferencias, mesas redondas e charlas en bares, institutos, asociacións de veciños ou centros parroquiais, onde explicaban a separación entre sexualidade e maternidade ou a importancia da utilización dos anticonceptivos para non ter que recorrer ao aborto. Ademais, elaboraron numerosos folletos e intentaron difundir as súas ideas a través da participación en xornais, en programas de radio e coa creación de revistas. Con estas estratexias o movemento feminista pretendían provocar un cambio nas mentalidades das persoas para conseguir un mundo máis xusto e libre no que a dominación patriarcal e a subordinación das mulleres desaparecería. En suma, cabe sinalar tamén, a importante labor de concienciación que realizaron con respecto ás violacións e ao maltrato nun momento en que as vítimas era sospeitosas de provocar estas reaccións nos seus agresores.

En canto aos repertorios de acción das feministas podemos dicir que estes foron moi variados e creativos. O movemento feminista soubo desenvolver un carácter lúdico que ata o momento non

estivera presente noutros movementos sociais no Estado español. A presenza de mulleres disfrazadas nas manifestacións, a utilización de confeti contra os seus adversarios ou a organización de festivais de música onde o baile e os recitais de poesía tiñan gran protagonismo era algo diferente, que a moitos militantes de partido lles molestaba porque consideraban que esas prácticas eran propias de burguesas e non as levaría conseguir as súas demandas. Neste sentido, cabe destacar a ridiculización que facían algúns militantes das súas compañeiras porque pensaban que defendían reivindicacións burguesas ou porque crían que coas súas ideas estaban dividindo ao pobo e á clase traballadora. Ademais destes agravios, nos comezos da súa andaina, as feministas tiveron que soportar a cancelación de actos e a persecución policial propia dun momento de transición, pola súa vinculación coa oposición á ditadura e por defender cuestións que ameazaban a orde establecida. Por outro lado, tamén tiveron que soportar contramovementos como os organizados polos comités antiabortistas creados por cidadáns conservadores co apoio da Igrexa e de partidos políticos do espectro da dereita.

En conclusión, o movemento feminista emerxeu ao final da ditadura como unha resposta política á dominación masculina, que tiña a intención de introducir novas demandas nun período no que se abriron novas oportunidades políticas debido aos cambios producidos tras a morte do ditador. Esta resposta democrática das mulleres tivo as súas peculiaridades e unhas expresións específicas en Galicia, xa que como galegas, as feministas analizaban a súa realidade dende unha óptica particular porque entendían que vivir nun país subdesenvolvido e dependente do Estado español provocáballes un dobre agravio pola súa condición de mulleres e pola súa identidade nacional. En Galicia estiveron presentes todas as correntes feministas, e estas mantiveron relacións estables con outras organizacións españolas participando en encontros coordinadoras estatais. Estes lazos que motivaron intensas campañas, xunto as labores pedagóxicas levadas a cabo polas activistas, permitiron fomentar unha opinión pública favorable a reivindicacións como o dereito ao divorcio ou ó aborto, que exerceu presión sobre os poderes públicos que levaron adiante proxectos de lei cos que as feministas non estaban totalmente de acordo, porque o obxectivo fundamental do feminismo non era obter reformas, senón transformar as estruturas dun sistema capitalista e patriarcal.

8. Anexos

Anexo 1. Abreviaturas

ADMG: Asociación Democrática da Muller Galega

AGM: Asociación Galega da Muller

AUPEPM: Asociación Universitaria Pro Estudo do Problema da Muller

CCOO: Comisións Obreiras

CCG: Consello da Cultura Galega

CIFG: Colectivo Feminista Independente Galego

COFFEE: Coordinadora de Organizaci3ns Feministas do Estado Espa3ol

ERC: Esquerra Republicana de Catalunya

FIGA: Feministas Independentes Galegas

FOF: Federaci3n de Organizaci3ns Feministas

FRAP: Frente Revolucionario Antifascista y Patriota

MCG: Movimiento Comunista de Galicia

MDM: Movimiento Democr3tico de Mujeres

MDMG: Movemento Democr3tico de Mulleres de Galicia

MFOG: Movemento Feminista Organizado en Galicia

LCR: Liga Comunista Revolucionaria

PCE: Partido Comunista de Espa3a

PCG: Partido Comunista de Galicia

PNV: Partido Nacionalista Vasco

POG: Partido Obreiro Galego

PSG: Partido Socialista Galego

PSOE: Partido Socialista Obrero Espa3ol

PTE: Partido del Trabajo de Espa3a

PTG: Partido do Traballo de Galicia

SGTE: Sindicato Galego de Traballadores do Ensino

UCD: Uni3n de Centro Democr3tico

UGT: Uni3n General de Trabajadores

UJM: Uni3n de Juventudes Maoístas

UPG: Uni3n do Povo Galego

USC: Universidade de Santiago de Compostela

9. Fontes e bibliografía

9.1. Fontes

Fontes primarias

Fondo especial do Movemento Feminista Organizado en Galicia (MFOG) do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega:

“Actas cronolóxicas a partir del ofrecimiento por parte de Carmen Jiménez Sabio, de una visita al Sr. Rosón” (30 de xullo de 1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

ADMG: “Proxectos de bases estatutos”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

AGM: “Para facer a nosa historia, a historia do movemento feminista en Galicia 1976-1984 (Santiago, setembro de 1984), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismo do CCG.

AGMSC: “Quen somos, que facemos”, Fondo especial do Movemento Feminista Organizado en Galicia no Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do Consello da Cultura Galega (CCG), leg. 001.

“AGM: Más allá de la estrategia reformista”, *La Voz de Galicia*, 1977, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

AGM: Convocatoria de concentración diante do Corte Inglés (Vigo), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

AGM: “Eu... non voto”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 003.

AGM: Programa fronte as eleccións (1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

AGM: “Comunicado de prensa da Asociación Galega da Muller”, (Santiago, 15 de setembro de 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

AGM: Muller e Constitución (1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 025.

AGM: “Actos levados a cabo o día 8 de Marzo de 1978 en Vigo”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 024.

AGM: “A muller na sociedade de clases”, (AGM de Coruña, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

AGM: “Comunicado de prensa da Asociación Galega da Muller” (Santiago, 15 de setembro de 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

AGM da Coruña: A muller na sociedade de clases nos inicios – cambio de réxime (A Coruña, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

AGM, ADMG: “Programa das organizacións feministas cara as eleccións” (1979), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

AGM: “Comunicado de prensa” (Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1980), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

AGMSC, “Unidade didáctica” (Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 1981), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 20.

AGMSC: Comunicado das mulleres reunidas no local do Pazo de Raxoi (Santiago de Compostela, outubro de 1979), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, carpeta 9FS, leg. 001.

AGMSC: “Dossier aborto: Sexualidade non é maternidade. Anticonceptivos libres e gratuítos. Primavera 1980” (Santiago de Compostela, 1980), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG., leg. 065.

Carmen: Proposta sobor da organización da AGM (Vigo, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

“Carta a las organizaciones de mujeres del Estado español”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

Chicha NOVOA: A AGM como vangarda do feminismo en Galicia (A Coruña, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

“Constituida en Santiago una comisión pro abstención”, *El Ideal Gallego*, 8 de decembro de 1976, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

CFG: “Anticonceptivos para non abortar, aborto libre para non morrer. Caderno informativo da Coordinadora Feministas Galega” (1979), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

“Convocatoria pola amnistía das 11 de Bilbao e o dereito ao aborto da Asociación Galega da Muller e do Grupo Feminista de Santiago”, (Santiago de Compostela, 19-10-1979), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

COOFFEE: “Proxecto de lei de divorcio da Coordinadora de organizacións feministas do Estado Español”, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG. Leg. 073.

COOFFEE: Comunicado sobre a Constitución (21 e 22 de outubro de 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 024.

Emma D. MENOR PENEDO, Luisa OCAMPO e Marta PORTAS: Ponencia dobre militancia (AGM de Ourense, 1978), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

“Entrevista a Mara Costas, integrante da AGM” en *El Progreso* (9 de outubro de 1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

Documento firmado en Santiago, 5 de Nadal de 1976, Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

GMSC, “Sexualidade” (Portosíño, 20 de xullo de 1980), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 045.

Isabel LAHUERTA MOURIÑO: Sobre la organización feminista, Fondo especial MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismo do CCG, leg. 006.

Isabel LAHUERTA MOURIÑO: Informe sobre a Constitución (Vigo, xuño de 1978). Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

La Voz de Galicia (28 de novembro de 1976), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismo do CCG.

MC: “Asamblea Nacional de Mulleres do MCG” (decembro de 1985), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG., leg. 010.

MDM: “Programa del Movimiento Democrático de la Mujer de Galicia” (Ferrol, 1976), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismo do CCG.

MDMG: Pola liberación da muller (1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

“Constituida la Unión de Mujeres de Galicia”, *La Voz de Galicia* (1976), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismo do CCG.

MDM: “A muller e a loita. Boletín extra” (Nadal, 1976), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

PTG: A política feminista do Partido e a política feminista da ADM, Fondo especial MFOG no Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, leg. 003.

Programa do Movemento Democrático de Mulleres de Galicia (1976), Fondo especial do MFOG do Centro de

Programa da Asociación Galega da Muller (1977), Fondo especial do MFOG do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG.

Entrevista a Encarna Otero en Santiago de Compostela a 18 de marzo de 2021.

Entrevista a María Xosé Agra en Santiago de Compostela a 23 de marzo de 2021.

Entrevista a Nanina Santos Castroviejo en Santiago de Compostela a 29 abril de 2021.

Entrevista a Teresa Mourín a 6 de maio de 2021.

Entrevista realizada a Sabela Lahuerta Mouriño en Vigo a 4 de xuño de 2021.

Entrevista realizada a Nieves Ibarra e Sabela Lahuerta en Vigo a 4 de xuño de 2021.

Entrevista a Rosario Martínez del Cerro a 8 de xuño de 2021.

Fontes hemerográficas

CONSELLO DA CULTURA. ÁLBUM DE MULLERES. Recuperado de internet (<http://culturagalega.gal/album/>).

GALICIANA – Hemeroteca, www.biblioteca.galiciiana.gal. Consulta de El Pueblo Gallego (1975-1983).

LA VOZ DE GALICIA, <https://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/>. Consultado entre os anos (1968-1983).

9.2. Bibliografía

ACTAS DAS II XORNADAS FEMINISTAS INDEPENDIENTES (Galicia, xuño 1981). Recuperado de internet (<http://cdd.emakumeak.org/recursos/2305>).

AGRA ROMERO, María Xosé: “Señores da terra e donas do seu: un achegamento ao feminismo galego” en GARCÍA-FERNÁNDEZ, Miguel, CERNADAS, Silvia y BALLESTEROS, Aurora (eds.), *Actas do I Encontro Interdisciplinar de Historia de Xénero, Vol*, Santiago de Compostela, 2011, pp. 259-275.

AGRA ROMERO, María Xosé: “O pensamento feminista na Galiza (1850-2000)”, en *O pensamento galego entre 1850 e 2000*, 3 (2009), Porto: Universidade Católica Portuguesa, pp. 481-506.

AGUADO, Ana: “La historia de las mujeres como historia social”, en María Isabel DEL VAL *et. Al* (coords.), *La historia de las mujeres: una revisión historiográfica*, Valladolid, Universidad de Valladolid, 2004, pp. 57-72.

AGULLÓ DÍAZ, María del Carmen: “Transmisión y evolución de los modelos de mujer durante el franquismo (1951-1970)” en José Manuel TRUJILANO SÁNCHEZ y José María GAGO GONZÁLEZ (eds.): *Historia y fuentes orales: historia y memoria del Franquismo*, Ávila, Fundación Cultural Santa Teresa, 1994, pp. 491-502.

AGUSTÍN PUERTA, Mercedes: “Claves del feminismo español en la Transición Política. Algunas hipótesis a debate”. Recuperado de internet (<http://feministas.org/claves-del-feminismo-español-en-la.html>).

ÁLVAREZ GÓMEZ, M^a Concepción: “La movilización femenina en el Ourense de la transición política a la democracia. El Movimiento Democrático de Mujeres” en BARRIO ALONSO, Ángels, DE HOYOS, Jorge, SAAVEDRA ARIAS, Rebeca (coord.), *Nuevos horizontes del pasado. Culturas políticas, identidades y formas de representación: Actas del X Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea*, Santander, Universidad de Cantabria, 2011, pp. 37-50.

ÁLVAREZ GÓMEZ, M^a Concepción: “As mulleres no tardofranquismo e a transición á

democracia” en J. JUANA y J. PRADA (dirs.), *As mulleres en Galicia no século XX*, Vigo, Ir Indo Edicións, 2011, pp. 231-261.

ÁLVAREZ GÓMEZ, María Concepción: “Feminismo y cambio social en la España de la Transición a la Democracia” en Julio PRADA, Domingo RODRÍGUEZ TEIJEIRO (eds.): *Indivisa Manent: estudos en homenaxe a Jesús de Juana*, Vigo, Galaxia, 2019, pp. 507-549.

ÁLVAREZ GÓMEZ, M^a Concepción: “Mujeres en marcha: el Movimiento Democrático de Mujeres en Galicia” en Julio PRADA (dir.), *Galicia en Transición*, Madrid, Sílex, 2019, pp. 291-326.

ANEIROS DÍAZ, Rosa. “Elas toman a palabra”, *Tempos Novos*, 42, 2000, pp 38-43.

ANTELO ALVITE, Enya: “Usos políticos de la mujer gallega en la Transición a la democracia” en Julio PRADA (dir.), *Galicia en Transición*, Madrid, Sílex, 2019, pp. 327-364.

ARNEDO, Elena: “Mujer y socialismo” en Carmen MARTÍNEZ TEN, Purificación GUTIÉRREZ LÓPEZ, Pilar GONZÁLEZ RUIZ (eds): *El Movimiento Feminista en España en los años 70*, Madrid, Ediciones Cátedra, 2009.

ARRIERO RANZ, Francisco: *El Movimiento Democrático de Mujeres, del antifranquismo a la movilización vecinal y feminista. Ideología, identidad y conflictos de género*, Tesis doctoral, Universidad Autónoma de Madrid, 2015.

ARRIERO RANZ, Francisco: *El movimiento democrático de mujeres: de la lucha contra Franco al feminismo (1965-1985)*, Madrid, Los libros de la Catarata, 2016.

BABY, Sophie: “Estado y violencia en la transición española. Las violencias policiales” en Sophie BABY, Olivier COMPAGNON y E. GONZÁLEZ CALLEJA: *Violencia y transiciones políticas a finales del siglo XX: Europa del Sur – América Latina*, Madrid, Casa de Velázquez, 2009, pp. 179-198.

BAR CENDÓN, Mónica: *Feministas galegas: claves dunha revolución en marcha*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2010.

- BARREIRO PÉREZ-PRADO, Belén: *Democracia y conflicto moral: la política del aborto en Italia y España*, Tesis doctoral, Universidad Autónoma de Madrid, 1998.
- BLANCO, Carmen: *O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo*, Santiago de Compostela, Editorial Nigra S.L., 1995.
- CAPELA MARTÍNEZ, Rosa M^a: “As primeiras eleccións da Transición Democrática e a Muller”, *Revista Dezeme: O século das mulleres*, 8 (2004), pp. 63-65.
- CABRERO, Claudia: “As mulleres e as folgas: modalidades de participación feminina na conflictividade laboral durante o franquismo”, *Revista Dezeme: O século das mulleres*, 8 (2004), pp. 19-24.
- CASTRO, Olga y REIMÓNDEZ, María: *Feminismos*, Vigo, Edicións Xerais, 2013.
- CAZORLA SÁNCHEZ, Antonio: *Miedo y progreso: los españoles de a pie bajo el franquismo, 1939-1975*, Madrid, Alianza Editorial, 2015.
- DE DIOS FERNÁNDEZ, Eider: *Sirvienta, empleada, trabajadora de hogar: Género, clase e identidad en el franquismo y la transición a través del servicio doméstico (1939-1995)*, Málaga, Uma editorial, 2018.
- DÍAZ SILVA, Elena: “El Año Internacional de la Mujer en España: 1975”, *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 31 (2009), pp. 319-339.
- DÍAZ SILVA, Elena: *El Año Internacional de la Mujer en España y Francia, 1975. Feminismo movimiento de mujeres desde una perspectiva comparada*, Tesis doctoral, Universidad Autónoma de Madrid, 2013.
- FENTE, Elvira: *Parir a liberdade: o movemento feminista en Galicia*. Santiago de Compostela, Alvarellos, 2010.
- FIGUEIREDO, Anna R.: *Feminismos: a historia cóntana as vencedoras*, Santiago de Compostela,

Xunta de Galicia, Secretaría Xeral da Igualdade, D.L., 2019.

FOLGUERA, Pilar: “De la transición política a la paridad” en FOLGUERA, P. (ed.). *El feminismo en España. Dos siglos de historia*, Madrid, Editorial Pablo Iglesias, 2007, pp 157-199.

JOREEN: *La tiranía de la falta de estructuras (1970)*, Utopía Pirata, 2017. Recuperado de internet (<https://biblioteca.efd.uy/document/118>).

FUNDACIÓN FOESSA: *Estudios sociológicos sobre la situación social de España. 1975*, Madrid, Fundación FOESSA, D.L., 1976.

FUNDACIÓN FOESSA: *Síntesis actualidad del III Informe FOESSA de 1978*, Madrid, Editorial Católica S.A., 1978.

GAHETE MUÑOZ, Soraya: “La luchas feministas. Las principales campañas del movimiento feminista español (1976-1981)”, *Investigaciones Feministas*, 8 (2017), pp. 583- 601.

GARCÍA-NIETO, María del Carmen: “Trabajo y oposición popular de las mujeres durante la dictadura franquista” en DUBY, G. y PERROT, M. (dirs.), *Historia de las mujeres en Occidente, vol. 5, “El siglo XX”*, Madrid, Taurus, 1993.

GONZÁLEZ CALLEJA, E.: *La violencia en la política*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2002.

GONZÁLEZ CALLEJA, E.: *Asalto al poder: La violencia política organizada y las ciencias sociales*, Madrid, Siglo XXI, 2017.

GURRIARÁN, Ricardo: *Palmyre Ros e a revista Alborada (Vigo, 1966). Un proxecto pioneiro de prensa clandestina de mulleres*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo, 2020.

HERMIDA GONZÁLEZ, Xoán: “O movemento feminista en Galicia”, *Galicia no labirinto da nova política. De nunca máis ás Mareas*, Vigo, Editorial Galaxia, 2018, pp. 98-110.

IGLESIAS, Vitoria: “História do Movemento Feminista Galego” en *O evidente nom existe:*

xornadas de formaçom do feminismo, Vigo, Mulheres Nacionalistas Galegas, 2001, pp. 64-71.

JULIÁ, Santos: *Transición: historia de una política española (1937-2017)*, Barcelona, Galaxia Gutenberg, 2017.

LARUMBE, María Ángeles: *Las que dijeron no: palabra y acción del feminismo en la Transición*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 2004.

LÓPEZ HERNÁNDEZ, M^a Teresa: “El PCE y el feminismo en España (1960-1982)”, *Investigaciones Feministas*, 2 (2011), pp. 299-318.

LUNA, Lola G.: “De la emancipación a la insubordinación: de la igualdad a la diferencia”, *Asparkia: Investigación feminista*, 11 (2000), pp. 27-36.

MARIÑO COSTALES, Mariám: “Sexualidade e movemento feminista organizado: Galiza 1975/1990”, *Revista Murguía: revista galega de historia*, 14 (2007), pp. 51-70.

MARIÑO COSTALES, Mariám: “Movimiento Feminista e educación en Galiza: 1970-1990”, *Sarmiento*, 17 (2013), pp. 37-54.

MARTÍNEZ TEN, Carmen; GUTIÉRREZ LÓPEZ, Purificación y GONZÁLEZ RUÍZ, Pilar (eds.): *El movimiento feminista en España en los años 70*, Madrid, Ediciones Cátedra, S.A., 2009.

MARTÍNEZ, María: *Identidades en proceso: Una propuesta a partir del análisis de las movilizaciones feministas contemporáneas*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas, 2019.

MAYOBRE, Purificación: *Xénero e política. Comportamento electoral e participación social da muller (1979-1993)*, Santiago de Compostela, Tórculo Edicións, 1997.

MOLINERO, Carmen: *La transición: treinta años después*, Barcelona, Península, 2006.

- MOLINERO, Carmen e YSÀS, Pere: *La Transición: Historia y Relatos*, Madrid, Siglo XXI, 2018.
- MONTEIRO, Rosa: “Feminismo de Estado Emergente na Transição Democrática em Portugal na Década de 1970”, *Revista de Ciências Sociais*, 4 (2013), pp. 841-866.
- MORCILLO GÓMEZ, Aurora: *En cuerpo y alma. Ser mujer en tiempos de Franco*, Madrid, Siglo XXI de España Editores, 2015.
- MORENO SARDÁ, Amparo: *Mujeres en lucha, el movimiento feminista en España*, Barcelona, Anagrama, 1997. Recuperado de internet (<http://www.amparomorenosarda.es/en/node>).
- ORTIZ HERAS, Manuel: “Mujer y dictadura franquista”, *Aposta. Revista de Ciencias Sociales*, 28 (2006), <http://www.apostadigital.com/revistav3/hemeroteca/ortizheras.pdf>
- OTERO, Encarna: “Galegas e feministas: os camiños do feminismo en Galiza”, *Grial*, 210 (2016), pp. 36-39.
- PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos: “Feminismo social e librepensadoras na Galicia dos s. XIX e XX” en GONZÁLEZ DE SANDE, Mercedes y LÓPE CRIADO, Fidel, Congreso Internal de Literatura Española. *La mujer en la literatura, la sociedad y la historia: identidad, cambio social y progreso en las culturas mediterráneas*, Santiago de Compostela, Andavira, D.L., 2010, pp. 123-132.
- PÉREZ, Carmen y MARIÑO, Mariám: *Recuperación da documentación e memoria do Movemento Feminista Organizado en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2013.
- PULEO, Alicia H.: “Lo personal es político: el surgimiento del feminismo radical” en Ana DE MIGUEL y Celia AMORÓS PUENTE (coord): *Teoría feminista: Del feminismo liberal a la posmodernidad. Vol. 2*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2018, pp. 35-68.

- PELAYO, M^a Dolores: “El debate constitucional y la reformas legislativas de la igualdad” en Carmen MARTÍNEZ TEN, Purificación GUTIÉRREZ LÓPEZ, Pilar GONZÁLEZ RUIZ (eds.): *El movimiento feminista en España en los años 70*, Madrid , Ediciones Cátedra, 2009.
- QUEIZÁN, María Xosé: *A muller en Galicia*, Sada - A Coruña, Edicións do Castro, 1997.
- QUEIZÁN, María Xosé: *Vivir ao galope*, Vigo, Editorial Xerais, 2018.
- QUIROSA-CHEYRIUZE, Rafael (ed.): *La sociedad española en la Transición. Los movimientos sociales en el proceso democratizador*, Madrid, Biblioteca Nueva, S.L., 2011.
- RAMOS PALOMO, María Dolores: “Historia de las mujeres y pensamiento feminista: una historia plural a debate”, *Vasconia. Cuadernos de Historia y Geografía*, 35 (2006), pp. 515-526.
- ROCHA COLADAS, Benxamín (coord.): *Homenaxe no 25 aniversario dos Premios Primeiro de Maio ao compromiso social e á solidariedade*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo, 2010.
- SAENZ DEL CASTILLO VELASCO, Aritza: “Las amas de casa. Sujeto constructor de derechos durante el franquismo”, *ARENAL*, 18 (2011), pp. 181-216.
- SANTOS CASTROVIEJO, Carmen: “Unha síntesis necesaria. Feminismo e loita política”, *Teima. Revista galega de información xeral*, 0 (1976), pp. 14-37.
- SANTOS CASTROVIEJO, Nanina: “Entrevista a Nanina Santos: apuntamentos para unha historia do feminismo galego”, *Atenea*, 25 (2006), pp. 42-43.
- SANTOS CASTROVIEJO, Nanina: “Feminismo, 1975-1995: Vinte anos é moito e non é nada”, *Andaina*, 13, 1995, pp. 28-31.
- SCALON, Geraldine M: *La polémica feminista en la España Contemporánea. 1868-1974*, Madrid:, Siglo XXI, 1976.
- SUÁREZ SUÁREZ, Carmen: *Feministas en la transición asturiana (1975-1983). La Asociación Feminista de Asturias*, Oviedo, KRK ediciones, 2003.

TAMAYO HAYA, Silvia: “Hacia un nuevo modelo de filiación basado en la voluntad en las sociedades contemporáneas”, *Revista Digital Facultad de Derecho*, 6 (2013), pp. 261-316.

TARROW, Sidney: *El poder del movimiento*, Madrid, Ed. Alianza, 2012.

TILLY, Charles: *Los movimientos sociales, 1768-2008. Desde sus orígenes a Facebook*, Barcelona, Crítica, 2010.

TUSELL, Javier: *Historia de España en el siglo XX: La Transición a la democracia y el gobierno socialista*. Tomo 4, Madrid, Taurus, 2007.

URIA RÍOS, Paloma: *El feminismo que no llegó al poder. Trayectoria de un feminismo crítico*, Madrid, Talasa Ediciones, 2009.

VINCENT, May: “La reafirmación de la masculinidad en la cruzada franquista”, *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 28 (2006), pp. 135 – 151, <http://revista.ucm.es/index.php/CHCO/article/view/CHCO0606110135A>.